

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 4**

### **SESION ORDINARIA 25 DE MARZO DE 2013**

#### ASISTENTES

##### POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Díaz Vázquez, Raquel  
Fernández Pérez, José Manuel  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos H.  
Rodríguez Escudero, Cayetano  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

##### POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Domínguez Olveira, Santiago  
Veloso Ríos, Iolanda M<sup>a</sup>

##### POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María  
Álvarez Pérez, José Luís  
Araújo Pereira, Marcos  
Beiro Diz, Pablo  
Bernárdez de Dios, Antonio  
Cendón Alonso, M<sup>a</sup> Teresa  
Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M.  
García Míguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Iglesias Bueno, Marta  
Pérez Dávila, Alejandro  
Relova Quinteiro, Roberto F.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos do día vinte e cinco de marzo do ano dous mil trece, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente a membro da Xunta de Goberno Local, dona Olga Alonso Suárez e mailo Interventor Xeral

Municipal, don Luis García Álvarez.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratalos asuntos da orde do día.

#### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **1(44).- ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 28 E 30 (CONTINUACIÓN) DE XANEIRO 2013.**

Por unanimidade dos vinte e sete membros da Corporación, apróbanse as actas do Pleno da Corporación correspondentes ás sesión ordinaria do día 28 e 30 (cont.) de xaneiro de 2013.

#### **2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.**

Non se realizaron.

#### **3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

##### **ECONOMÍA, FACENDA E EDUCACIÓN**

#### **3.1(45).- DAR CONTA DA MEMORIA DO ANO 2012, DO TRIBUNAL ECONÓMICO ADMINISTRATIVO. EXPTE. 622/1101.**

ANTECEDENTES.- Con data 13 de marzo de 2013, o Presidente do Tribunal Económico Administrativo emitiu informe da Memoria do ano 212, que di:

##### **MEMORIA DO ANO 2012**

“Cumprimentando o disposto na Disposición adicional terceira do Regulamento do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo (RTEACV), aprobado por acordo plenario de 14 de xuño de 2004, elabórase a presente Memoria correspondente ó ano 2012, en base ós datos que obran no arquivo do Tribunal, da que se da conta ó Pleno da Corporación.

Despois de varios anos de funcionamento, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo tense consolidado como un órgano técnico e independente na garantía dos dereitos dos cidadáns e cidadás de Vigo, en tanto

que contribuíntes, coa resolución das reclamacións económico-administrativas interpostas en relación ós tributos e outros ingresos de dereito público que nutren a facenda municipal.

Ademais, o Tribunal seguiu exercendo funcións de colaboración e asesoramento ós distintos órganos de xestión do Concello en relación coas normas e procedementos de xestión, recadación e inspección dos ingresos municipais de dereito público. Todo isto tense traducido nunha mellora da actividade municipal e nunha diminución da conflictividade fiscal.

No ano 2012 segue a consolidación e o coñecemento do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo. Nembargantes, nalgúns casos obsérvase certa confusión a hora de dirixir as reclamacións presentadas ante este Tribunal, dirixindo as mesmas ao Tribunal Económico-Administrativo Rexional. Esta circunstancia xera certo retraso na tramitación destas reclamacións concretas, xa que dito órgano as remite, como e lóxico, ao Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo, coa conseguinte demora na súa tramitación.

As reclamacións presentadas teñen unha mellor e individualizada fundamentación xurídica, tendo diminuído as presentadas baixo un mesmo modelo ou tipo sen ter en conta as peculiaridades de cada unha. Tamén apréciase non só un aumento dos motivos de impugnación tanto de dereito substantivo (suxeito pasivo, contribuínte, responsabilidade solidaria e subsidiaria, exencións, bonificacións, etc), como de dereito procedimental (carencia ou notificacións defectuosas, caducidade, prescrición, etc.), senón tamén que a maioría das reclamacións presentadas baseáanse en varios motivos.

O exercicio 2012, ó non ter habido modificacións legislativas sobre da financiamento das entidades locais que obrigasen a adoptar novos criterios sobre os distintos supostos da regulación dos ingresos que integran a Facenda local, pódese considerar coma unha continuación dos anteriores, no que consolídanse os criterios sostidos polo Tribunal nas resolucións das distintas reclamacións económico-administrativas, compartidos na súa case totalidade polos Tribunais da xurisdición contencioso-administrativa.

No exercicio 2012, celebráronse 26 sesións do Tribunal; nas que tratáronse un total de 317 asuntos. Reflicte unha volta a normalidade da actividade respecto ao ano anterior, xa que nese exercicio 2011 abordouse a tramitación de asuntos pendentes, pola paralización da actividade por un período de 8 meses, motivada pola xubilación do seu anterior presidente, e as dificultades para o nomeamento dos novos membros.

Ó longo do exercicio 2012 tiveron lugar as sesións que se citan, no seguinte cadro, que reflicte o número da Sesión, a súa data e os asuntos tratados.

Sesión	Data da reunión	Asuntos
2012/01	dezanove de xaneiro de dous mil doce	13
2012/02	trinta de xaneiro de dous mil doce	24

2012/03	oito de febreiro de dous mil doce	14
2012/04	catorce de febreiro de dous mil doce	17
2012/05	vinteún de febreiro de dous mil once	15
2012/06	nove de marzo de dous mil doce	17
2012/07	quince de marzo de dous mil nonce	12
2012/08	dezanove de abril de dous mil doce	9
2012/09	trinta de abril de dous mil doce	9
2012/10	catro de maio de dous mil doce	1
2012/11	catorce de maio de dous mil doce	11
2012/12	vinteoito de maio de dous mil once	12
2012/13	un de xuño de dous mil doce	11
2012/14	once de xuño de dous mil doce	12
2012/15	dezaioito de xuño de dous mil doce	12
2012/16	cinco de xullo de dous mil doce	12
2012/17	dezaséis de xullo de dous mil doce	24
2012/18	vintedous de agosto de dous mil doce	25
2012/19	vinteoito de agosto de dous mil doce	13
2012/20	once de outubro de dous mil doce	12
2012/21	vintetrés de outubro de dous mil doce	3
2012/22	doce de novembro de dous mil doce	12
2012/23	quince de novembro de dous mil doce	6
2012/24	catorce de decembro de dous mil doce	12
2012/25	catorce de decembro de dous mil doce	2
2012/26	vinteún de decembro de dous mil doce	7
<b>TOTAL</b>		<b>317</b>

#### Reclamacións económico-administrativas

Pendientes a 01/01/2012	230
Presentadas no exercicio 2012	256
<b>Total</b>	<b>486</b>

#### Tramitación de reclamacións económico-administrativas

Acumuladas, arquivadas, devoltas, caducadas e desestamentos	21	
Resoltas	284	
Tramitadas no exercicio 2012		305
Pendientes a 31/12/2012		181
<b>Total</b>		<b>486</b>

#### Tramitación por órganos

<b>Sala</b>		<b>63</b>
<i>Informes</i>	1	
<i>Dictames</i>	29	
<i>Reclamacións</i>	25	
Estimadas	2	
Estimadas parcialmente	4	

Desestimadas	15		
Inadmitidas	3		
Caducidade	1		
<i>Recursos extraordinarios de revisión</i>			5
Desestimados	1		
Inadmitidos	4		
<i>Recursos de anulación</i>			2
Desestimados	2		
<i>Solicitudes de revogación</i>			1
Inadmitidas	1		
<b>Organos unipersonais</b>			<b>251</b>
<i>Reclamacións</i>		246	
Estimadas	9		
Estimadas parcialmente	4		
Desestimadas	208		
Inadmitidas	23		
Caducidade	2		
<i>Recursos de anulación</i>			1
Inadmitidos	1		
<i>Recursos extraordinarios de revisión</i>			2
Inadmitidos	2		
<i>Solicitudes de revogación</i>			1
Inadmitidas	1		
<i>Solicitudes de suspensión</i>			1
Inadmitidas	1		
<b>Total</b>			<b>314</b>

#### **Notificacións**

Internas	396
Externas	296
<b>Total</b>	<b>692</b>

#### **Recursos contencioso-administrativos interpostos**

Recursos contencioso-administrativos interpostos	30
<b>Total</b>	<b>30</b>

O igual que nos exercizos económicos anteriores, o Tribunal, de conformidade co disposto nos artigos 137-1-b da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 2º-b do Regulamento Orgánico do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, de 14 de xuño de 2004, emitiu o seu preceptivo ditame sobre os proxectos de modificación de vinteseis

Ordenanzas fiscais do Concello para o ano 2013; e tres emendas as modificacións das mesmas.

Adxuntáanse a presente memoria, os seguintes anexos:

**Anexo I.** “Análise da litixiosidade dos Tribunais Económico-Administrativos Municipais 2011”. Elaborado polo Tribunal Económico-Administrativo de Bilbao.

**Anexo II.** Suxestións do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo, para a modificación do seu Regulamento Orgánico.

Igualmente achéganse, o Libro de Entrada e Saída; e o Libro de Actas do Tribunal Económico-Administrativo correspondentes ao exercicio 2012. “

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, de data 18.03.2013, quedou informada da Memoria do Tribunal Económico Administrativo correspondente ao exercicio 2012.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación.

### **3.2(46).- INICIO DE EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DE OFICIO DA TITULARIDADE MUNICIPAL DUN CAMIÑO EN BEMBRIVE, ENTRE O CAMIÑO GARABULLA E O CAMIÑO DO CEMITERIO. EXPTE. 19434/240. (609/1101).**

ANTECEDENTES.-Mediante escrito, de data 11 de febreiro de 2013, o xefe do servizo de Patrimonio co conforme da xefa da área de Réxime Interior e da concelleira delegada da área, formula o seguinte informe-proposta:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- I. L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- II. L 33/2003 do 3 novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP)
- III. L30/1992 de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- IV. RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

ANTECEDENTES:

1.- A Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Bembrive, na sesión do 28 de decembro do 2011, acordou solicitar ó Concello de Vigo a inclusión do tramo de camiño comprendido entre o Camiño Garabulla co Camiño Cemiterio na parroquia de Bembrive, no inventario de bens municipais, ó considerar a súa existencia dende tempo inmemorial, vendo usándose pola xeneralidade dos veciños, entre outros, como acceso ao cemiterio de Bembrive.

2.- Pola Concelleira Delegada de Patrimonio ditouse Orde de Servizo na data 4 de febreiro do 2013, no expediente nº 19434.240 referente á solicitude formulada pola Entidade Local Menor de Bembrive, ordenando o inicio dun expediente de investigación de acordo co disposto no art. 45 da LPAP, ao non constar no Inventario Municipal de Bens e Dereitos como vía pública municipal e coa finalidade de determinar a súa titularidade.

3.- O Servizo de Cartografía emite informe na data 22.11.2012 describindo o camiño coas seguintes características, e achegando plano escala 1/1000,e reportaxe fotográfico do mesmo.

**INFORME:**

*Feito o traballo de inspección por parte dos técnicos deste departamento, infórmase de que as características actuais que describen o camiño referido neste expediente, son as seguintes:*

DENOMINACIÓN	.....	
ORIXE		En Camiño Garabulla, N <sup>o</sup> 5
REMATE		En Camiño do Cemiterio
LONXITUDE		39,00 m.
SECCIÓN MEDIA	3,20 m.	
SUPERFICIE TOTAL	134,00 m <sup>2</sup>	
PAVIMENTO		Asfalto sen beirarrúas
ABASTECIMENTO	.....	
SANEAMENTO	.....	
ILUMINACIÓN PÚBLICA	.....	

**FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

Primeiro.- As Entidades Locais, na súa condición de Administracións Públicas de carácter territorial, e na esfera das súas competencias, teñen a potestade de investigación, deslinde e recuperación de oficio dos seus bens (art. 4.1.d da LRBRL).

Neste senso, a LPAP no marco das facultades e prerrogativas recoñecidas ás AAPP para a defensa e protección do seu patrimonio, dispoñe a da investigación da situación dos bens e dereitos que presumiblemente poidan formar parte do seu patrimonio, coa finalidade de determinar a titularidade dos mesmos, cando non conste esta de xeito certo (art. 41.1.a) e art. 45 LPAP).

Segundo.- O procedemento administrativo para o exercicio da potestade

investigatoria, ven regulado no RBEL nos art. 45 e ss, establecéndose no seu art. 46 a posibilidade do seu inicio por vía de denuncia ou de oficio pola propia Corporación a iniciativa, no seu caso, de calquera outra Administración que, en virtude dos deberes de información mutua e colaboración, poña en coñecemento dos feitos, actos ou circunstancias que sirvan de base ou exercicio da acción.

Así mesmo a LRXAP e PAC sinala que os procedementos poderán iniciarse á solicitude da persoa interesada ou de oficio por acordo do órgano competente, por propia iniciativa ou como consecuencia da orde superior, petición razoada doutros órganos ou por denuncia (arts. 68 e 69.1 LRXAP e PAC).

Terceiro.- A competencia para a adopción do acordo de inicio do expediente de investigación do camiño que discorre entre o Camiño da Garabulla (a altura do nº 5) e o Camiño do Cemiterio, na parroquia de Bembrive, como a resolución do mesmo, ven atribuída ao Pleno Municipal nas súas facultades para o exercicio das accións xudiciais e administrativas no seu ámbito (art. 123.1.m. da LRBRL).

O acordo do inicio do expediente deberá publicarse no BOP con expresión das características identificativas da parcela obxecto de investigación, con exposición no taboleiro de anuncios do Concello durante un prazo de quince días, dando traslado ás Administracións Autonómica e do Estado, e notificación a terceiros afectados.(art. 49 e 50 RBEL).

A teor do que antecede, propónse o Pleno Municipal, previo ditame da comisión informativa que corresponda a adopción do seguinte acordo:"

Visto o anterior, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, de data 18.03.2013, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

**VOTACIÓN E ACORDO:** Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito,

**ACORDASE:**

1º.- Iniciar expediente de investigación de oficio da titularidade municipal do camiño sito na parroquia de Bembrive neste termo municipal de Vigo, con orixe no Camiño da Garabulla (a altura do nº 5) e remate no Camiño do Cemiterio, dunha lonxitude de 39 ml, superficie total de 134,00 m<sup>2</sup>, e sección media de 3,20 m.

2º.- Someter polo procedemento regulamentario á información pública o presente acordo, dando traslado do mesmo á Xunta de Galicia e Administración do Estado, e



notificación ós interesados.

**3.3(47).- RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA FORMULADA POR D. ANTONIO FERNÁNDEZ FÁLAGAN, REFERENTE Á DESAFECTACIÓN E RECTIFICACIÓN INVENTARIAL RESPECTO DUN TERREO NA RÚA FÁTIMA. EXPTE. 1339/244 (616/1101).**

ANTECEDENTES.-Mediante escrito, de data 28 de febreiro de 2013, o xefe do servizo de Patrimonio co conforme da concelleira delegada da área, formula o seguinte informe-proposta:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).
- Lei 1/2001, de 7 de enero, de Enxuízamento Civil (LEC).
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

Primeiro.- D. Antonio Fernandez Falagan presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 21/06/2012 manifestando a titularidade privada dun terreo na Rúa Fátima nesta cidade de Vigo (segundo plano que achega), ó considerar que o mesmo nunca foi un vial de uso público, interesando se constate a súa titularidade privada.

Segundo.- Na instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente, e na resolución que finalmente deban adoptar os

órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

- Informe do Arquitecto de Patrimonio de data 27-04-2012, 17-07-2012 e 15-01-2013.
- Informe do Servizo de Vías e Obras do 12-12-2012.
- Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 27-11-2012.
- Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 26-11-2012.
- Informe do Servizo de Limpeza de data 30-11-2012.

Terceiro.- Así mesmo, outorgouse tramite de audiencia os propietarios de parcelas colindantes, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que puidéranse ver afectados pola solicitude de descatalogación plantexada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRJAP, formulando alegacións D. Julio González-Babe Villaverde, en representación de Inmobiliaria Julio Babe SL, en data 11-12-2012, considerando que dito tramo ten carácter público e estimando acertada súa inclusión no inventario municipal.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Identificación do ben controvertido. O camiño obxecto da presente reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles, como Rúa Fátima, con inicio na rúa Vía Norte e remate en Vía Norte (fondo de saco) , dunha lonxitude de 52 m e sección media de 14 metros. Ben de dominio público afecto ó uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

Segundo.- Natureza xurídica de ben de dominio público da Rúa Fátima. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que una lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

Terceiro.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas atopase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto bo do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Excmo. Concello de Vigo foi

aprobado definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación se seguiu o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicábeis non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992 ; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno. No entanto, é de reseñar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, o camiño de referencia foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ó uso público.

Tras o Acordo Plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deviu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico atribúe os actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

Cuarto.- Respecto a cuestión da rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal da rúa en cuestión en atención ó seu uso público, ou, en caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procede rectificar o inventario, dándoo de baixa, dado que a Administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdición civil. Neste senso, a controversia centrase na configuración ou non dese camiño como público en virtude da súa afectación ó uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo. Así, á vista dos informes dos técnicos municipais e da documentación obrante no expediente, dedúcese o uso público da rúa de referencia dándose o feito de que consta co servizo público de alumeadado instalado, cuxo mantemento ven sendo realizado por esta Administración así como o do servizo de limpeza, figurando xa reflectido na planimetría municipal do ano 1969 (voo LECAR), así como na do Catastro.

Por outra banda, de acordo co informado polo arquitecto municipal de patrimonio, dito tramo atópase afectado pola alienacións viarias no PXOM vixente, concorrendo no presente caso, o suposto de feito contemplado no acordo plenario de data 30-11-94, segundo o cal tódolos expediente de rectificación do Inventario municipal deberán levar unha cláusula xeral no senso de que as rectificación se farán menos naquelas porcións de terreo que o plan xeral recolla como viario.

Conseguentemente, tendo en conta que o ordenamento xurídico recoñece as corporacións locais plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos por calquera medio válido en dereito (artigos 5 LBRL; 270 e 275

da LALG; 8.4.c, 9, 14.1 RBEL); que a devandita rúa ven destinándose ó uso público como parte integrante das vías públicas de titularidade municipal; e que non apreciase unha alteración ou modificación das circunstancias de afectación ó uso público deste, podemos concluír a improcedencia dunha desafectación por falta de causa que a motive, así como da rectificación inventarial solicitada, posto que, prima facie, estos forman parte do demanio público municipal e polo tanto concorre a obriga, como Administración Pública, de protexer e defender os seus bens e dereitos, tendo prohibido o alleamento fronte as demandas formuladas contra eles (artigos 5, 68.1 LRBRL; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL).

Quinto.- Natureza xurídica da presente reclamación. A reclamación en vía administrativa, segundo dispón o artigo 120.1 LRJAP, é requisito previo ó exercicio de accións fundadas en dereito privado ou laboral contra calquera Administración Pública, salvo nos supostos nos que este requisito estea exceptuado por una disposición con rango de lei. No caso que nos ocupa, dado que trátase dunha cuestión de propiedade, e a declaración da existencia de dereitos, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC, é competencia dos tribunais do orde xurisdiccional civil, resulta procedente a interposición de reclamación administrativa previa, carácter que cabe predicar da presente reclamación aínda que o interesado non a denomine formalmente deste xeito, en virtude do antiformalismo que preside a regulación dos procedementos administrativos na Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común, por analoxía co disposto no artigo 110 LRJAP respecto dos recursos administrativos.

Sexto.- Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa previa. Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL).

En mérito ó exposto, se propón ó Pleno Municipal, previo informe da Comisión informativa Municipal correspondente, a adopción do seguinte acordo:"

Visto o anterior, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, de data 18.03.2013, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE:

Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por D. Antonio Fernández Falagan mediante escrito, con data de entrada no

Rexistro Xeral deste Concello de 21.06.2012 ó non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a desafectación e rectificación inventarial solicitada respecto da Rúa Fátima desta cidade de Vigo, recollida no epígrafe I de Vías do Inventario municipal de bens e dereitos.

### **URBANISMO**

#### **3.4(48).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 8 DO PXOM, CLASIFICACIÓN DA PARCELA NÚM. 1 U.A. MOLEDO E SECTOR S-26-R-PESCADEIRA, SÁRDOMA. EXPTE. 13717/411 (589/1101).**

ANTECEDENTES.-En data 10 de decembro de 2012, a técnica de administración xeral de Planeamento e Xestión e o Xefe do servizo de Desenvolvemento Urbanístico co conforme da Xerente e do Secretario Xeral do Pleno, formulan o seguinte informe-proposta:

“En data 16.06.2011, o TSXG ditou a sentenza nº. 585/2011, no P.O. 4608/2008, cuxo fallo dispón: “Estimamos parcialmente el recurso contencioso-administrativo interpuesto por D<sup>a</sup>.Amelia Caride Bugarín contra la Orden de 16-5-2008 de la Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes por la que se dio aprobación definitiva al Plan General de Ordenación Municipal de Vigo, y la anulamos, por ser contraria a derecho, en lo que se refiere a la clasificación de la parcela 1 de la “Unidad de actuación 03 Moledo” del anterior plan general, y declaramos que deber clasificada como suelo urbano consolidado. Desestimamos el recurso en lo que se refiere a la parcela 4, y lo declaramos inadmisibles en lo que concierne a las parcelas 2, 7 y 9, todas de dicha unidad. No se hace imposición de costas.”

O día 08.02.2012 ten entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 120014321) oficio da Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 03.02.2012 comunicando que mediante Resolución do 17.01.2012, desa Secretaría Xeral, ordenouse dar publicidade á parte dispositiva da referida sentenza (DOG nº. 23, do 02.02.2012).

O 10.04.2012 a Concelleira Delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos dictou resolución ordeando o inicio da modificación puntual nº 8 do PXOM, a fin de executar a referida sentenza nº. 585/2011 e encomendando aos servizos técnicos e xurídicos da XMU a redacción da documentación técnica e a tramitación administrativa desta modificación. Dita Resolución de día 10.04.2012 foi rectificadas mediante resolución de corrección de erros de día 23.04.2012.

En cumprimento da devandita resolución administrativa, os servizos técnicos municipais da Oficina de Planeamento e Xestión elaboraron os documentos rubricados “Modificación puntual nº. 8 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo, relativa á clasificación do solo na parcela nº. 1 da Unidade de Actuación 03 Moledo do anterior Plan Xeral. Avaliación Ambiental Estratéxica. Anteproxecto de Planeamento” en data 21.05.2012 e “Modificación puntual nº. 8 do PXOM, clasificación da parcela nº. 1 U.A. Moledo e Sector S-26-R Pescadeira (Sárdoma)” (V.1 Documento para aprobación inicial), de agosto de 2012.

Con data 20.07.2012 ten entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 120087647), oficio de data 12.07.2012 do Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental da CMATI, polo que achega a Resolución do 12.07.2012 do Secretario Xeral de Calidade Avaliación Ambiental relativa ao non sometemento de avaliación ambiental estratéxica de dita modificación puntual, así como o informe do 28.06.2012 da Xefa de Servizo de Planificación e Programación Hidrolóxica de Augas de Galicia.

Con data 09.10.2012 os servizos técnico-xurídicos da Oficina de Planeamento e Xestión emitiron informe de legalidade e calidade técnica da ordenación proposta na referida modificación puntual.

O 04.12.2012 ten entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 120143215) o informe previo á aprobación inicial emitido o día 29.11.2012 pola Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CMATI, cuxo apartado II.3 conclúe: “A reclasificación das tres parcelas e o axuste da ficha do solo urbanizable para dar cumprimento á sentenza do TSXG incorporando a ordenación detallada no solo urbano consolidado pode fundamentar a modificación de planeamento ao abeiro do artigo 94.1 da LOUG”.

## FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### I. Normativa examinada.

-Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de solo (TRLS 2008)

-Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA)

-Real decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RPU)

-Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RXU)

-Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística

-Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente

-Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia

-Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (LPPG)

-Lei 8/1995, de 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia (LPCG)

-Decreto 232/2008, de 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia

-Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LXCA)

-Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

-Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL)

-Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA)

-Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de maio de 2008 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) (PXOM)

-Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada definitivamente no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010 (BOP n.º 193, de 06.10.2010)

II. Obxecto da modificación puntual n.º 8 do PXOM, relativa á clasificación da parcela n.º 1 U.A. Moledo e Sector S-26-R Pescadeira (Sárdoma).

A modificación puntual que nos ocupa, formúlase en cumprimento da sentenza n.º 585/2011, de data 16.06.2011, do TSXG, en cuxa virtude anulouse a clasificación de Solo Urbanizable Delimitado, levada a cabo no vixente PXOM respecto da parcela n.º 1 da U.A. 03 Moledo do PXOU-93 (abranguida no actual Sector «S-26-R Pescadeira» do PXOM/08) e declarouse o deber de clasificala como Solo Urbano Consolidado.

Ao fío da execución de tal resolución xurisdiccional, os servizos técnico-xurídicos da Oficina de Planeamento-Xestión da XMU abordaron a cualificación da nomeada parcela n.º.1, así como das parcelas 2 e 9 da mesma UA 03 Moledo do PXOU-93, toda vez que do estudo de alternativas elaborado, resultou que todas estas parcelas presentaban as mesmas condicións e, ademais, o seu tratamento conxunto permitía a obtención dun ámbito conformado por unha peza completa e delimitada por viais e solo urbano consolidado. Na proposta elaborada e sometida a aprobación inicial (V.1 Documento para aprobación inicial), dótase a ditas parcelas dunha ordenación detallada (F.X 4º in fine da STSX de Galicia n.º.585/2011), realizando os oportunos axustes no sector «S-26-R Pescadeira» e sinalando as aliñacións e rasantes que procederan no Camiño Louxada, por mor dos cambios efectuados naquela clasificación.

É por elo que, a presente modificación puntual afecta ás parcelas catastrais: 4435902NG2743N, 4435901NG2743N e 4435904NG2743N ,cuxa clasificación quedará reflectida nos planos reformados 11 (R) da serie 1 (escala 1/5000), de clasificación de solo e 12-N(R) da serie 2 (escala 1/2000) dentro da Ordenanza 10.1º correspondente a «Edificación Residencial Exterior». Igualmente rectifícase a ficha do sector «S-26-R Pescadeira» dado que verá reducida as súas dimensións e alterados os seus límites o que conleva un novo cálculo dos seus parámetros.

En consecuencia, a referida modificación puntual formúlase ao abeiro do previsto no art. 93.3 da LOUGA, limitándose a unha mera alteración das determinacións do planeamento urbanístico sen entidade suficiente para considerarse revisión do mesmo, dado que nin adopta novos criterios sobre a estrutura xeral e orgánica do territorio nin sobre a clasificación do solo (máis aló do arriba exposto), nin acolle, en definitiva, un novo modelo territorial.

De anterior dedúcese que as razóns de interese público que concorren na presente

modificación puntual derivan do propio artigo 118 da Constitución Española, ao dispor a obrigatoriedade do cumprimento das Sentenzas e demais resolucións firmes dos Xulgados e Tribunais, así como dos artigos 103.2, 104.1 e concordantes da LXCA que recollen directamente aquel mandato, toda vez que mediante a modificación puntual proposta acadarase a execución da nomeada STSXG nº. 585/2011. Así mesmo, dase cumprimento a o elemental principio de legalidade que debe presidir a actuación administrativa.

### III. Tramitación procedimental.

De acordo co disposto no art. 93.4 da LOUGA, a modificación de calquera elemento do planeamento xeral suxeitarase ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación, neste caso, ao previsto nos seus artigos 84 e 85 no relativo á aprobación do planeamento municipal e, en concreto, do plan xeral, resultando necesaria, por aplicación o parágrafo segundo do artigo 93.4 da LOUGA, a obtención do informe previo á aprobación inicial previsto no seu artigo 85.1. Dito informe previo foi emitido con data 29.11.2012 pola Secretaria Xeral de Urbanismo e Ordenación do Territorio, sendo do seguinte tenor:

“1. A MP ten por finalidade dar cumprimento á sentenza do TSXG 00585/2011 na obriga de clasificar como solo urbano consolidado a parcela 1 da “Unidade de Actuación 03 Moledo” do anterior PGOU; asignando ordenación detallada a esta parcela, sinalando as aliñacións e rasantes; e redelimitando e corrixindo os ámbitos adxacentes do solo urbanizable delimitado S-26-Pescadeira e dúas parcelas colindantes na mesma situación.

2. A modificación puntual asigna a estas tres parcelas a ordenanza 10.1ª, de Edificación Residencial Exterior, no grao 1º con uso característico Residencial coa categoría de vivenda unifamiliar, igual que os terreos que rodean ás parcelas.

2. Respecto da modificación da ficha do sector S-26-Pescadeira se recalculan as reservas, dando cumprimento ó artigo 47 da LOUG ao reducir a superficie deste sector.

3. A reclasificación das tres parcelas e o reaxuste da ficha do solo urbanizable para dar cumprimento á sentenza do TSXG incorporando a ordenación detallada no solo urbano consolidado pode fundamentar a modificación de planeamento ao abeiro do artigo 94.1 da LOUG”.

Por outra parte, de conformidade co artigo 5 letras b) e e) da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, na súa relación co artigo 84 da LOUGA, o órgano ambiental deberá decidir motivadamente e de acordo cos criterios establecidos no Anexo II da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre a necesidade ou non de someter a presente Modificación puntual ao procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE). Dita decisión adoptouse polo Secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da CMATI da Xunta de Galicia o 12.07.2012, resolvendo a non necesidade de sometemento desta Modificación puntual ao procedemento de AAE.

Así pois, con arreglo ao previsto no art. 85.2 da LOUGA, realizados os trámites anteriores, o Concello procederá á aprobación inicial da proposta de modificación e, a continuación, someterá todos os documentos integrantes do expediente administrativo ao trámite de información pública polo prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOG e en dous dos xornais de maior circulación da provincia. Simultaneamente e durante o mesmo prazo, darase audiencia aos concellos limítrofes. Por expresa previsión do artigo 85.3 da LOUGA,



non será necesaria a notificación individual da apertura do trámite de información pública ás persoas propietarias de terreos no ámbito.

Segundo consta nos informes emitidos no expediente, dadas as circunstancias concorrentes na presente modificación puntual, non será necesario recabar informes sectoriais durante este o trámite.

Rematado o trámite de información pública, corresponderá ao Pleno do Concello a aprobación provisional do contido desta modificación puntual coas modificacións que resultaran procedentes, de ser caso, e o someterá, co expediente completo debidamente dilixenciado, ao Conselleiro da CMATI como órgano autonómico competente para outorgar a súa aprobación definitiva (artigo 89 da LOUGA).

A Consellería, no prazo dun mes, examinará con carácter previo a integridade documental do proxecto de modificación puntual do PXOM e das actuacións administrativas realizadas e de apreciar a omisión ou defectuosa celebración dalgún trámite ou a existencia dalgunha deficiencia na documentación, requirirá a súa subsanación, fixando prazo ao efecto. Ata o cumprimento efectivo dese requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para a resolución sobre a aprobación definitiva nin procederá resolver sobre ésta.

De acordo co artigo 85.10 da LOUGA, a modificación puntual se entenderá aprobada definitivamente se transcorren tres meses dende a entrada do expediente completo no rexistro do órgano competente sen que se comunicara a resolución que procedera, sempre que o expediente contivera os documentos e determinacións preceptivos.

#### IV. Suspensión de licenzas.

De conformidade co artigo 77.2 da LOUGA, o acordo de aprobación inicial dos instrumentos de ordenación determinará, por sí só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas en aqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente. A estes efectos determinará expresamente as áreas afectadas pola suspensión, se ben, por aplicación do disposto no artigo 120.1 do RPU, poderán concederse aquelas licenzas que, baseadas no réxime vixente, respecten as determinacións do novo planeamento.

Dita suspensión terá unha duración máxima de dous anos contados dende dita aprobación e, en calquera caso, se extinguirá coa aprobación definitiva do planeamento.

#### V. Órgano competente.

É competente para a adopción deste acordo o Pleno do Concello co voto favorable da maioría absoluta da maioría legal de membros da Corporación (artigos 85.7 da LOUGA e 123.1.i) e 123.2 LRBRL), previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local segundo o artigo 127.1.c) da LRBRL e ditame do Consello da XMU (artigos 3º.1 e 10º.1.a) dos Estatutos da XMU, AD versión consolidada aprobada polo Pleno o día 06.09.2010 -BOP nº.193, do 06.10.2010) na súa consideración de comisión informativa do Pleno (artigos 122.4.a) LRBRL e 47 e ss. ROP). Con anterioridade a súa adopción deberá emitir informe xurídico a Secretaría do Pleno

(artigos 54.1.b) TRRL e 122.5.e).2º e 123.2 LRBRL) e a Intervención municipal (artigos 54.1.b TRRL e 123.2 LRBRL). O acordo da aprobación inicial é un mero acto de trámite non susceptible de recurso administrativo, sen prexuízo do previsto no artigo 107 da LRXAP-PAC. “

Visto o anterior, os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local con data 14.12.2012, aprobou o Proxecto de Modificación Puntual nº 8 do vixente PXOM conforme á proposta que consta no expediente.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión do 18 de xaneiro de 2013 ditamina favorablemente a citada proposta.

**VOTACIÓN E ACORDO:** Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito,

**ACORDASE:**

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente a “modificación puntual nº. 8 do PXOM, clasificación da parcela nº. 1 U.A. Moledo e Sector S-26-R Pescadeira (Sárdoma)”(V.1 Documento para aprobación inicial), formulada polos servizos técnico-xurídicos da Xerencia Municipal de Urbanismo en agosto de 2012, en cumprimento da resolución da Concelleira Delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos en data 10.04.2012, ditada para exectuar a STSXG nº. 585/2012 do 16.06.2011.

**SEGUNDO:** Abrir un trámite de información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOGA e en dous dos periódicos de maior difusión da provincia. Simultáneamente e durante o mesmo prazo, se dará audiencia aos Concellos limítrofes.

**TERCEIRO:** Aos efectos do artigo 77.2 da LOUGA, determinar expresamente que o ámbito afectado pola suspensión de licenzas correspóndese coas parcelas catastrais 4435902NG2743N, 4435901NG2743N e 4435904NG2743N, así como os terreos comprendidos no sector «S-26-R Pescadeira», se ben poderán concederse aquelas licenzas baseadas no réxime vixente que respecten as determinacións do novo planeamento, en atención ao disposto no artigo 120.1 do RPU.

CUARTO: Ordear a publicación do presente acordo, así como da documentación técnica conformante da modificación puntual inicialmente aprobada, na web do Concello de Vigo.

QUINTO: Dar traslado do presente acordo á Asesoría Xurídica para o seu coñecemento e efectos oportunos.

### **3.5(49).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN PARCIAL S-34-R FALCOA. EXPTE. 11485/411 (598/1101).**

ANTECEDENTES.-En data 29 de xaneiro de 2013, a técnica de administración xeral de Planeamento e Xestión co conforme da xefa da oficina de Planeamento e Xestión e da Xerente, formula o seguinte informe-proposta:

“O Consello da XMU, en sesión do día 16.10.2008, acordou o inicio da tramitación do «Plan Parcial S-34-R Falcoa», encomendando aos servizos técnicos e xurídicos da Oficina de Planeamento - Xestión a redacción dos pregos de condicións específicas e o expediente de contratación dos traballos de redacción.

En sesión do 11.12.2008 o Consello da XMU autorizou a contratación polo procedemento aberto do servizo de redacción deste planeamento de desenvolvemento do PXOM/08, autorizando o gasto por un importe total de 772.837,90 euros con cargo aos orzamentos 2009-2010 e aprobou os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares.

O día 28.05.2009, o Consello da XMU acordou elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de servizos de redacción do «Plan Parcial S-34-R Falcoa» e con data 11.06.2009, o Concelleiro delegado da área de Urbanismo e Vivenda e D. Santiago Narciso López Fontán (en representación de “*Plans Estratéxicos Territoriais, de Transporte e Ambientais, S.L.*” -no sucesivo, PETTRA, S.L.-) asinaron o contrato de servizo para o desenvolvemento do PXOM de Vigo: Lote 4 - «Plan Parcial S-34-R Falcoa».

Con data 22.09.2009, o Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da CMATI resolveu declarar, en virtude do disposto no artigo 5 letra d) da Lei 6/2007, de 11 de maio, a non necesidade de someter a avaliación ambiental estratéxica o «Plan Parcial S-34-R Falcoa» (DOG nº. 212, do 29.10.2009).

O 10.01.2012, a Xefa da Oficina de Planeamento - Xestión emitiu informe favorable á aprobación inicial do referido planeamento de desenvolvemento.

O día 02.02.2012, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente o «Plan Parcial S-34-R Falcoa» consonte a documentación elaborada por PETTRA, S.L. con data febreiro 2010 e ordenar a apertura dun período de información pública polo prazo dun mes mediante a inserción de anuncios no DOG e en dous dos diarios de maior difusión na provincia e notificar individualmente aos propietarios dos terreos afectados. O informe proposta emitido en data 28.02.2012 para a adopción do referido acordo asume a non necesidade de recabar durante o período de información pública ningún informe sectorial.

O citado acordo de aprobación inicial publicouse no DOG nº. 61 do 28.03.2012 e o día 24.02.2012 no Faro de Vigo (páx.11) e La Voz de Galicia (páx L.9). Realizáronse, así mesmo, notificacións edictais no BOP de Pontevedra nº. 61, do 27.02.2012.

Con data 15.05.2012, o Xefe do Asesoramento Xurídico da XMU certificou que durante o período de información pública rexistráronse as seguintes alegacións:

<b>Data de Rexistro</b>	<b>Documento</b>	<b>Alegante</b>
28/02/2012	120022593	Jesús Manuel Vega Lage
02/03/2012	120024117	Rosa París Crispín
07/03/2012	120026396	Enrique Agulla Abalde
08/03/2012	120026532	Lisardo Magdalena Silveira
08/03/2012	120026560	Juan Alonso Gómez
08/03/2012	120026698	Margarita Pacheco Gándara
08/03/2012	120026956	Paula Fernández Alonso
13/03/2012	120028658	Manuel Villar González
13/03/2012	120028795	Camilo Alonso Alonso
15/03/2012	120030153	Jose Fdo. Serodio Caride
26/03/2012	120034148	Carmen Rial Sacco
30/03/2012	120035770	Elvira Domínguez Caride
02/04/2012	120036994	A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos
03/04/2012	120038171	Olimpio González Araujo e Olga Alonso Méndez
03/05/2012 (selo de correos do 27/04/2012)	120052430	Douro Atlántico, S.L.

Mediante oficio da Xerente da XMU de data 25.05.2012, remitiuse copia dos citados escritos de alegacións á empresa PETTRA, S.L. Para que emitira o informe correspondente.

Con data 27.06.2012, ten entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 120078863) escrito de alegacións presentado por D. Manuel Barja Bande, afirmando actuar en nome e representación da entidade "EXTRACO, Construcións e Proxectos, S.A."

Obra no expediente "Informe de Contestación de alegacións" de PETTRA, S.L. datado en setembro de 2012.

Obra no expediente escrito de PETTRA, S.L. do 11.12.2012, polo que xunta dúas copias das follas *modificadas da memoria e dous cds do documento completo a substituir* do documento que se somete a aprobación definitiva.

En data 28.01.2013 emitiuse informe sobre a conformidade do Plan Parcial inicialmente aprobado coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada.

### **FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

I. Normativa examinada.

-Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de solo (TRLS 2008)

-Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA)

-Lei 10/1995, de 23 de novembro, de Ordenación do territorio (LOT)

-Real decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RPU)

-Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RXU)

-Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística

-Decreto 19/2011, de 10 de febreiro, polo que aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio (DOT)

-Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente

-Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia

-Lei 8/2012, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia (LVG)

-Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habilitabilidade de Galicia

-Lei 8/1997, de 20 de agosto, de Accesibilidade e supresión de barreiras

-Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Desenrolo e execución da Lei de Accesibilidade e supresión de barreiras

-Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (LPPG)

-Lei 8/1995, de 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia (LPCG)

-Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LXCA)

-Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de maio de 2008 (*Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) (PXOM)
- Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada definitivamente no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010 (BOP n.º 193, de 06.10.2010)

## II. Obxecto

O «Plan Parcial S-34-R Falcoa» ten por obxecto fixar a ordenación detallada e as condicións do desenvolvemento dun sector de Solo Urbanizable delimitado no PXOM/08 e emprazado na parroquia de Castrelos, que forma parte das actuacións estratéxicas previstas nel para a consecución dun equilibrio armónico entre a preservación do medio natural e o desenvolvemento urbano, convertendo o vial de acceso á Universidade (Campus As Lagoas-Marcosende) en soporte dun novo eixo de desenvolvemento urbano a partires dun corredor verde e dotacional. Ademáis, a ordenación debe resolver a acaída integración do vial de acceso á Universidade como vía urbana. Fíxase un límite de intensidade máximo do 60% para o uso residencial de 2ª categoría (edificación multifamiliar ou colectiva).

O ámbito conta cunha superficie segundo a ficha de planeamento de 127.653 m<sup>2</sup> e un aproveitamento tipo de 0,655 m<sup>2</sup>c/m<sup>2</sup>s. Dentro del contéplase unha superficie cualificada como Sistema Xeral de 12.647 m<sup>2</sup> pertencente a Sistema Xeral de Transporte Principal do viario de acceso á Universidade que bordea o sector na zona sul e oeste.

De conformidade coa ficha individualizada do dito sector, que forma parte do Documento de Xestión e Execución do PXOM/08, a iniciativa deste planeamento é pública e o sistema de xestión escollido é o de compensación, establecéndose o seu desenvolvemento no primeiro cuadrinio.

Sobre o cumprimento de tales obxectivos, consta informe no expediente da Xefa da Oficina de Planeamento - Xestión de data 10.01.2012.

III. Exame das modificacións operadas no documento aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local o 02.02.2011, a consecuencia do trámite de información pública.

Por mor da proposta de estimación dalgunhas das alegacións presentadas durante o trámite de información pública, o documento inicialmente aprobado sufriu algunha variación respecto do sometido a aprobación definitiva, que o equipo redactor integrou no documento datado en outubro de 2012 (con planos da mesma data agás o plano INF 04.2 e as follas 1 de 2 e 2 de 2 do plano ORD 01.4 do Tomo II “Planos” en tanto que datados en outubro de 2010), obxecto do presente informe.

Estas modificacións reflíctense na memoria e planos do Plan Parcial e teñen un

alcance limitado, afectando minimamente ao contido da documentación inicialmente aprobada. En consecuencia, tales modificacións non supoñen unha alteración substancial do documento inicialmente aprobado aos efectos do disposto no artigo 86.1.e) da LOUGA.

Así mesmo, o documento adáptase á nova regulación contida na Lei 8/2012, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia -que aprobouse e entrou en vigor tras da súa aprobación inicial-, e, singularmente, na súa disposición derogatoria segunda, habida conta da supresión da obriga da reserva dunha porcentaxe de vivenda protexida como dotación autonómica.

En consecuencia, e sen prexuízo do sentado no parágrafo antecedente, o contido formal do «Plan Parcial S-34-R Falcoa» sometido a aprobación definitiva non varía respecto do inicialmente aprobado, quedando conformado polos documentos que a seguir se relacionan, datados en outubro de 2012 (excepto planos INF 04.2 e ORD 01.4 follas 1 de 2 e 2 de 2):

- Traballos de topografía e parcelario
- Tomo I: Memoria
- Tomo II: Planos
- Tomo III: Estudo de Sostibilidade Ambiental, Impacto Territorial e Paisaxístico

Esta documentación foi presentada polo equipo redator por duplicado exemplar en formato papel e dixital (cd con arquivos .doc e .dwg), ademais do *“Informe de contestación de alegacións”* e da *“Proposta de Informe ambiental e de reformas de documentación inicial”*, datados ambos en setembro de 2012.

Dende un punto de vista material, as modificacións operadas son as seguintes:

- Modifícase un vial inicialmente trazado en fondo de saco dándolle continuidade: como resultado da estimación dalgunha das alegacións presentadas a este respecto.
- Incorporase un *acceso peonil conectando* o Camiño do Seixo coa rúa Falcoa, dándolle continuidade o acceso xa existente en solo urbano consolidado: como resultado da estimación dunha alegación.
- Rectifícanse algúns datos relativos á relación de parcelas emprazadas dentro do ámbito do Plan Parcial (subdividíndose, por exemplo, a parcela 153 nas parcelas 153A e 153B ou engadindo un pozo existente na parcela 19 no apartado *“outros elementos”*) e modifícase a relación de propietarios por mor da estimación dalgunhas alegacións
- Amplíanse os prazos de execución do sector: igualmente como resultado da estimación dunha alegación.
- Adáptanse as súas previsión á derogación do artigo 47.10 da LOUGA producida pola Lei 8/2012, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia.

Ditas modificacións afectan ao plano parcelario, relación de propietarios, fichas de información parcelaria, planos de ordenación e Memoria.

Considerado o exposto, a comparativa dos datos derivados da ordenación proposta cos parámetros establecidos na ficha de xestión do PXOM/08, arroxa o seguinte resultado:

PARÁMETROS	ORDENACIÓN	FICHA
Superf. delimitada	127.679 m <sup>2</sup> .	127.653 m <sup>2</sup> .
Superf. Comp.	112.955 m <sup>2</sup> .	113.089 m <sup>2</sup> .
Edificabilidade total	74.039 m <sup>2</sup> .	74.038 m <sup>2</sup> .
Aproveitamento tipo	0,655 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> .	0,655 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> .
Vivenda colectiva	58,79%	Máx 60%
Vivenda protexida	38%	Mín.38%
Uso residencial	100%	100%
Zonas Verdes e E.L.	17.261 m <sup>2</sup> .	13.327 m <sup>2</sup> .
Equipamentos	7.706 m <sup>2</sup> + 1.855 m <sup>2</sup> *	7.404 m <sup>2</sup> .
Aparcamentos	424 prazas	370 prazas
Andares máximos	5 plantas	5 plantas

\* Durante a tramitación do Plan Parcial foi suprimida a reserva da parcela de dotación autómicamente para vivenda da Xunta de Galicia, polo que no documento sometido a aprobación definitiva prevese o seu pase a dotación local, aumentando así a superficie adicada a equipamento local.

Do exame da edificabilidade residencial, resultan os seguintes datos:

Vivenda unifamiliar: edificabilidade 30.559 m<sup>2</sup>

Vivenda colectiva: edificabilidade 43.480 m<sup>2</sup>

Libre: 15.345 m<sup>2</sup>.

Protexida: 28.135 m<sup>2</sup>.

Polo demais, a documentación achegada axústase ao esixido nos artigos 57 e seguintes do RPU e 65 da LOUGA.

IV. Resultado do trámite de información pública: informe ás alegacións.

Segundo consta na certificación do Xefe do Asesoramento Xurídico da XMU o día 15.05.2012, durante o período de información pública presentáronse quince escritos de alegacións aos que o equipo redactor deu resposta no documento "*Informe de Contestación de alegacións*" datado en setembro de 2012 e asinado polos arquitectos D. Xabier Rivas Barros, D. Antonio Iglesias Álvaro-Gracia e D. César Álvarez Arines o 26.09.2012.

Ademais, fóra do prazo de información pública, D. Manuel Barja Bande, afirmando actuar en nome e representación da entidade "EXTRACO, Construcións e Proxectos, S.A." presentou un escrito de alegacións que, maila súa extemporaneidade, será obxecto de exame como alegación nº. 16.



■ Alegación nº. 1: D. Jesús Manuel Vega Lage (R.E. 28.02.2012 – doc. 120022593)  
CONTIDO: o alegante manifesta que a parcela asignada a D<sup>a</sup>. Milagros Magdalena Silveira, de ref. catastral 54057A092000030000AD (nº.17 do Plan Parcial Falcoa), identifícase de forma incorrecta.

INFORME: en data 26.09.2012 o equipo redator informa o seguinte: *“Feitas as comprobacións pertinentes non se aprecia a incorrección advertida polo alegante. A parcela á que se refire (parcela catastral 54057A092000030000AD), sinalada co nº 17 nos distintos documentos do Anexo 1 do Plan Parcial, está correctamente identificada, coincidindo os datos recollidos no Plan Parcial cos datos do catastro, figurando como titular da mesma Dna. Milagros Magdalena Silveira”*. En consecuencia, propón estimar a alegación o que semella un erro dado contradí o fundamentado no informe.

PROPOSTA: visto o informe emitido polo equipo redator (que non estima a pertinencia de practicar as modificacións peticiónadas polo alegante) e a normativa de aplicación, propónse a desestimación da alegación.

■ Alegación nº. 2: D<sup>a</sup>. Rosa París Crispín, representada por D. José Diego Martínez García (R.E. 02.03.2012 – doc. 120024117)

CONTIDO: a alegante solicita ser incluída na relación de propietarios.

INFORME: en data 26.09.2012 o equipo redator informa o seguinte: *“A alegante identifica sobre o plano de información catastral (INF\_12) do Plan Parcial a finca que reivindica da súa propiedade como a finca catastral 54057A093001760000AJ, que corresponde coa nº 175 do parcelario do P.P. e presenta copia da consulta descritiva é gráfica correspondente a dita referencia.*

*Presenta copia da escritura inscrita no R.P. sen que na mesma conste plano que permita identificala. A sup. s/escritura é de 763,19 m<sup>2</sup>.*

*Na relación de propietarios a finca aparece a nome de José Fernando Serodio Caride que tamén presenta alegación (aleg. Nº10 Doc nº. 1200300153) sobre esta finca como da súa propiedade.*

*O Plan Parcial limítase a planificar e ordenar o ámbito de referencia segundo os parámetros previamente determinados polo PXOM, e non é competente para decidir sobre as cuestións relativas á titularidades e demais dereitos reais sobre as concretas fincas do ámbito, polo que estas deberán ser formuladas e resoltas na posterior fase de execución urbanística, con motivo da tramitación do correspondente instrumento de equidistribución, correspondelle a os particulares, na esfera do dereito privado, aclarar ditas cuestións. En calquera caso, non lle corresponde ó Concello decidir sobre a titularidade das parcelas por carecer de competencia para elo” e propón desestimar a alegación e ter á alegante como interesada no expediente.*

Convén apuntar que non é obxecto do Plan Parcial que nos ocupa asignar titularidades (cuestión que excedería da competencia desta Administración), senón que a LOUGA esixe que entre a súa documentación figure o plano catastral e que as notificacións do acordo de aprobación inicial se practiquen cos titulares catastrais cuxa relación, así mesmo, debe figurar na documentación do Plan. Xa que logo, sen prexuízo de que

podan corrixirse os erros que se detecten naquela relación de propietarios durante a información pública, será na fase de xestión aquela na que os titulares de bens e dereitos no ámbito deberán presentar os títulos xustificativos da súa propiedade, á vista do que resolverase o procedente.

PROPOSTA: visto o informe do equipo redactor e a normativa de aplicación propónse a desestimación da alegación.

■ Alegación nº. 3: D. Enrique Agulla Abalde (R.E. 07.03.2012 - doc. 120026396)

CONTIDO: o alegante afirma ser propietario da finca nº 55 do Plan Parcial (R.C. 54057A09200468) e manifesta a súa discrepancia coa superficie que figura recollida no mesmo de 519,41 m<sup>2</sup>, xa que segundo levantamento topográfico realizado a súa instancia a superficie da mesma é de 536,00 m<sup>2</sup>.

INFORME: en data 26.09.2012 o equipo redactor informa o seguinte: *“Respecto da titularidade da parcela nº 55 do Plan Parcial (R.C. 54057A09200468), na documentación do Plan Parcial a finca aparece como de titularidade descoñecida, e non constan outras reivindicacións sobre a titularidade da mesma, polo que se propón a rectificación da relación de propietarios do Plan Parcial incluíndo a D. Enrique Agulla Abalde como propietario da referida parcela. O anterior non implica recoñecemento algún de titularidade sobre dita porción de terreo por canto o Concello carece de competencia para decidir sobre tal cuestión.*

*Respecto da discrepancia na superficie da finca, compre aclarar que o Plan Parcial recolle as que figuran no catastro e as que resultan da medición real sobre o plano parcelario realizado, polo que non resulta pertinente neste intre a rectificación solicitada polo alegante. Esta cuestión deberá ser formulada e resolta en razón da acreditación que se faga da mesma na posterior fase de execución urbanística con motivo da tramitación do correspondente instrumento de equidistribución”*. En consecuencia, propón estimar parcialmente a alegación e *incluír a D. Enrique Agulla Abalde na relación de propietarios como propietario da parcela nº 55 do parcelario do PP e desestimar no referido á superficie da parcela en razón do exposto no informe”*.

PROPOSTA: visto o informe do equipo redactor e a normativa de aplicación, propónse estimar parcialmente a alegación co único efecto de incorporar ao alegante á relación de propietarios na súa condición de interesado, mais sen realizar maiores consideracións sobre titularidade da parcela 55 do parcelario, que deberá acreditar o alegante, de ser o caso, durante a fase de xestión.

■ Alegación nº. 4: D. Lisardo Magdalena Silveira (R.E. 08.03.2012 - doc. 120026532)

CONTIDO: o alegante considera insuficiente o coeficiente de aproveitamento tipo asignado ao ámbito así como o cálculo das indemnizacións consignado no Plan Parcial. Tampoco considera acaído que o desenvolvemento do ámbito teña lugar mediante un *procedemento de execución pública* (segundo expresa).

INFORME: en data 26.09.2012 o equipo redactor informa o seguinte: *“1.-O*

*aproveitamento tipo é unha das determinacións de carácter xeral que debe fixar o plan xeral, tal e como se establece no artigo 53.1.h) da LOUGA. No artigo 3.6.5 da -memoria xustificativa do PXOM descríbese a metodoloxía seguida para a determinación do proveitamento tipo. Tamén na memoria xustificativa incorpóranse as correspondentes táboas cos valores de repercusión e coeficientes de ponderación aplicados en cada área de reparto.*

*O artigo 62.1.b) da LOUGA prohíbe expresamente que os plans parciais alteren as determinacións do PXOM sinaladas no artigo 53, entre as que se atopa o proveitamento tipo.*

*O proveitamento tipo do sector recóllese na ficha de planeamento do documento de xestión do PXOM, xunto co resto de determinacións establecidas para o seu desenvolvemento, que é o que o Plan Parcial aplica, como non pode ser de outro xeito.*

*2.- No Plan Parcial establécese unha estimación do custe das indemnizacións pola demolición de edificacións e pola destrución de plantacións, obras e instalacións incompatibles coa execución do plan. Esta estimación das indemnizacións realízase polo custo de reposición con independencia do valor do solo, utilizando valores de mercado actualizados á data de redacción e aprobación do Plan Parcial. Trátase, polo tanto, dunha estimación indicativa e non vinculante.*

*Tal e como se sinala no apartado de avaliación económica do Plan Parcial, a valoración das indemnizacións deberá realizarse nas fases posteriores de execución e xestión do sector, nomeadamente no proxecto de equidistribución.*

*3.- Respecto do procedemento de execución do planeamento, e mesmo da iniciativa da formulación do mesmo (por se é a isto ao que en realidade o alegante quere referirse), compre lembrar que a potestade de planeamento, tal como proclama o artigo 5 da LOUGA, é pública, sen prexuízo de que os particulares que contén coa lexitimidade suficiente poidan presentar as súas propostas, o que ata a data non ten sucedido.*

*A iniciativa de planeamento é unha determinación do PXOM (non do Plan Parcial agora sometido a trámite de información pública), que, ademais, non tivo oposición nin durante a súa tramitación nin despois de aprobado definitivamente. Na memoria xustificativa do PXOM indícase que, naqueles ámbitos con vocación de centralidade dentro de cada distrito, establécese a iniciativa de planeamento pública co fin de cumprir cos prazos establecidos para a consecución dos obxectivos estratéxicos do PXOM e o desenvolvemento do planeamento. Por ese motivo, o Concello, en cumprimento das súas potestades e en cumprimento dos prazos establecidos no PXOM, realiza a ordenación detallada do sector por medio do presente Plan Parcial.*

*En canto ao procedemento de execución do planeamento, tanto o Plan Parcial como o PXOM establecen como sistema de actuación o de Compensación, que é, de acordo coa lexislación urbanística vixente -e a consolidada tradición urbanística española- un sistema de actuación "indirecto" que, a diferenza dos considerados como directos, outorga o protagonismo e a iniciativa na execución do planeamento*

*aos propietarios do solo. Mediante este sistema os propietarios achegan o solo cesión obrigatoria e executan á súa costa as obras de urbanización, constituíndose en xunta de compensación, polo que non cabe falar dun procedemento de execución pública". En consecuencia propón a desestimación da alegación.*

Así mesmo, convén salientar que, aínda que a iniciativa da redación do «Plan Parcial S-34-R Falcoa» é pública (segundo se establece na ficha do PXOM/08) o sistema de xestión fixado para o seu desenvolvemento é o de compensación, isto é, un sistema de actuación indirecto no que o protagonismo da xestión residenciase nos propietarios do solo, que constituídos en Xunta de Compensación, deberán redatar os proxectos de compensación e urbanización para a súa aprobación definitiva polo Concello, así como realizar a súa costa íntegramente a obra urbanizadora.

PROPOSTA: visto o informe do equipo redator e a normativa de aplicación propónse a desestimación da alegación.

■ Alegación nº. 5: D. Juan Alonso Gómez (R.E. 08.03.2012 – doc. 120026560)

CONTIDO: o alegante afirma que dentro da parcela nº. 153 do parcelario do Plan Parcial se inclúe un inmovible da súa propiedade. Achega declaración xurada de bens e dereitos da liquidación provisoria do Imposto de Transmisións Sucesorias e escritura declarativa de constitución de servidume sobre parcela.

INFORME: o día 26.09.2012 o equipo redator informa o seguinte: *“Na relación de propietarios do Plan Parcial a parcela referida aparece a nome de Juan Alonso Estévez sin que consten outros datos persoais, o que semella ser un erro. Parte desta finca é tamén reivindicada por D. Manuel Villar González na alegación nº 8 (Doc. Nº 120028658).*

*Á vista da documentación aportada nesta alegación e na alegación nº 8 pódese comprobar a existencia dun erro no parcelario, que recolle a parcela 153 como unha única parcela, cando na realidade resultan ser dúas propiedades distintas. As superficies que figuran na documentación aportada non concordan coa medición do levantamento topográfico realizado.*

*Advertidos os erros, procederase a corrixir o plano parcelario e a rectificación da relación de propietarios do Plan Parcial cos datos do alegante. O anterior non implica recoñecemento algún de titularidade sobre dita porción de terreo por canto o Concello carece de competencia para decidir sobre tal cuestión.*

*Respecto das posibles discrepancias nas superficies das fincas, deberán ser resoltas en razón da acreditación que se faga das mesmas na posterior fase de execución urbanística con motivo da tramitación do correspondente instrumento de equidistribución". En consecuencia, propón corrixir o plano parcelario e os datos do alegante na relación de propietarios.*

Convén apuntar que a declaración de titularidade excede da competencia desta Administración ao estar reservada ao ámbito da xurisdicción civil. Non obstante, a LOUGA esixe que entre a documentación do Plan Parcial figure o plano catastral e

que as notificacións do acordo de aprobación inicial se practiquen aos titulares catastrais cuxa relación, así mesmo, debe figurar na documentación do Plan. Xa que logo, sen prexuízo de que podan corrixirse os erros que se detecten naquela relación de propietarios durante a información pública, será na fase de xestión aquela na que os titulares de bens e dereitos no ámbito deberán presentar os títulos xustificativos da súa propiedade.

PROPOSTA: visto o informe do equipo redator e a normativa de aplicación, propónse estimar a alegación co único efecto de rectificar o parcelario e incorporar ao alegante á relación de propietarios, mais sen realizar maiores consideracións sobre a titularidade da parcela 153-A do parcelario, que deberá acreditar o alegante, de ser o caso, durante a fase de xestión.

■ Alegación nº. 6: D<sup>a</sup>. Margarita Pacheco Gándara (R.E. 08.03.2012 - doc. 120026698)

CONTIDO: a alegante solicita que se lle teña por titular da parcela nº. 124 do parcelario do Plan Parcial. Achega copias de dúas escrituras de compraventa e certificación rexistral dunha delas.

INFORME: o día 26.09.2012 o equipo redator informa o seguinte: *“Respecto da titularidade da parcela nº 124 do Plan Parcial (R.C. 54057A09200097), na documentación do Plan Parcial a finca aparece como de titularidade descoñecida, e non constan outras reivindicacións sobre a titularidade da mesma, polo que, a vista da documentación achegada pola alegante, propónse a rectificación da relación de propietarios do Plan Parcial incluíndo a D<sup>a</sup>. Margarita Pacheco Gándara como propietaria da referida parcela. O anterior non implica recoñecemento algún de titularidade sobre dita porción de terreo por canto o Concello carece de competencia para decidir sobre tal cuestión”*. En consecuencia, propón estimar a alegación no senso de incluír á alegante na relación de propietarios como titular da parcela nº. 124 do parcelario.

Convén apuntar que a declaración de titularidade excede da competencia desta Administración ao estar reservada ao ámbito da xurisdicción civil. Non obstante, a LOUGA esixe que entre a documentación do Plan Parcial figure o plano catastral e que as notificacións do acordo de aprobación inicial se practiquen aos titulares catastrais cuxa relación, así mesmo, debe figurar na documentación do Plan. Xa que logo, sen prexuízo de que podan corrixirse os erros que se detecten naquela relación de propietarios durante a información pública, será na fase de xestión aquela na que os titulares de bens e dereitos no ámbito deberán presentar os títulos xustificativos da súa propiedade.

PROPOSTA: visto o informe do equipo redator e a normativa de aplicación propónse estimar a alegación co único efecto de incorporar á alegante á relación de propietarios na súa condición de interesada, sen realizar maiores consideracións sobre titularidade da parcela 124 do parcelario, que deberá acreditar o alegante, de ser o caso, durante a fase de xestión.

■ Alegación nº. 7: D<sup>a</sup>. Paula Fernández Alonso (R.E. 08.03.2012 - doc.120026956)

CONTIDO: a alegante solicita que se acredite por parte do Concello ao expediente,

*a titularidade dos terreos adquiridos para execución e posterior ensanche do Camiño Fondo, en particular o tramo que vai dende o Camiño de Nogueira ao Camiño de Macal, executado contra os 269 m<sup>2</sup> detraídos no linde oeste da parcela de referencia e se incorpore ao expediente informe por parte da concesionaria de augas Aqualia, sobre o antigo trazado da traída de augas de Zamáns que descorre polo ámbito, achegando ao expediente a planimetría co parcelario de execución afectado por ésta nese intre ao seu paso polo Camiño Fondo. Así mesmo, interesa que se asuma por parte de Aqualia o coste de nova canalización da traída de augas polo trazado do vial interior. Finalmente solicita un estudo técnico actualizado dos custes de urbanización do ámbito e que se ordene unha mellor ubicación para a vivenda colectiva de xeito que se minimize no posible o impacto paisaxístico e efecto visual de muro-pantalla destes bloques sobre a vivenda adosada e aillada situada na parte superior.*

*INFORME: o día 26.09.2012 o equipo redator informa o seguinte: "1.- De acordo coa información facilitada polos servizos técnicos municipais, consta o recoñecemento pola Xunta de Goberno Local dunha cesión de 35 m<sup>2</sup> feita pola alegante para a ampliación do Camiño Fondo. Non entanto, a solicitude de acreditación de titularidade que fai a alegante enténdese improcedente no seo deste expediente, sen que iso supoña prexuízo algún sobre o fondo da cuestión exposta. O Plan Parcial límitase a planificar e ordenar o ámbito de referencia segundo os parámetros previamente determinados no PXOM. Nesta fase de aprobación exclusiva dos seus aspectos ordenadores, non pode resolver cuestións propias da fase de xestión e execución. As cuestións relativas ás titularidades e demais dereitos reais sobre as concretas fincas do ámbito deberán ser formuladas e resoltas na posterior fase de execución urbanística, con motivo da tramitación do correspondente instrumento de equidistribución.*

*2.- O Plan Parcial aprobado inicialmente contén toda a documentación e determinacións esixidas pola lexislación urbanística e sectorial de aplicación así como polo PXOM de Vigo, e en particular os informes dos servizos técnicos municipais e das empresas subministradoras de servizos públicos a que se refire o artigo 65 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia LOUGA, nos termos e co alcance que devandito precepto establece, sen que resulte exixible ningunha outra documentación ou informe. Así mesmo, o Plan Parcial recolle no plano de información "INF 13.1 Infraestruturas existentes: Rede de abastecemento" a conducción (FC-350) que vai desde a ETAP de Valadares ao depósito do Castro ao que a alegante refírese.*

*3.- O mantemento da canalización de auga potable da ETAP de Valadares ao depósito do Castro ao seu paso polo ámbito do Plan Parcial é incompatible coa execución da urbanización por este prevista, polo que resulta necesario o seu desvío, e, en consecuencia, dentro das obras de urbanización a executar contéplase o retranqueo desta liña principal polo trazado dos novos viarios previstos como unha reposición de servizos afectados pola actuación, estando comprendido o custo de execución destas obras, de acordo co artigo 132 da LOUGA, dentro dos custos de urbanización, que deberán ser sufragados polos afectados en proporción aos aproveitamentos que lles correspondan. Así mesmo, o*

*artigo 22 da LOUGA establece a obriga dos propietarios de solo urbanizable de custear e, no seu caso, executar as obras de urbanización do sector, incluídas as conexións cos sistemas xerais existentes e en funcionamento. Non procede, xa que logo, acceder ao solicitado pola alegante a este respecto.*

*4.- De conformidade co establecido no artigo 64 da LOUGA o Plan Parcial contén a avaliación económica da implantación dos servizos e de execución das obras de urbanización previstas, así como das necesarias conexións cos sistemas xerais. Esta avaliación realizouse utilizando valores de mercado actualizados á data de redacción do Plan Parcial. Tal e como se sinala no apartado de avaliación económica do Plan Parcial, a valoración realizada é unha aproximación indicativa e non vinculante aos custos de urbanización, dado que os devanditos custos somentes poderán ser calculados con precisión nas posteriores fases de execución e xestión, cando se redacten os correspondentes proxectos de urbanización e de equidistribución. Non resulta pertinente neste momento, xa que logo, a actualización solicitada pola alegante.*

*5.- No apartado 2.2.2 Criterios de ordenación, da memoria justificativa do Plan Parcial, indícanse os criterios e obxectivos establecidos, tanto polo PXOM na súa ficha de planeamento como os propios das condicións particulares do sector, que determinan a ordenación proposta. Os criterios seguidos á hora de establecer a disposición das diversas tipoloxías residenciais foron: procurar a correcta definición e xerarquización do espazo público, a integración da actuación no medio no que se encadra, e o tratamento da Vía-Parque da Universidade de acordo cos criterios establecidos polo PXOM. Así, as vivendas unifamiliares exentas sitúanse no bordo exterior do sector para integrarse coas edificacións situadas na zona exterior do ámbito, que son na súa totalidade tamén vivendas unifamiliares exentas, densificándose a medida que se separa do tecido existente, primeiro en formacións de vivendas unifamiliares encostadas, e para rematar coas edificacións de residencia colectiva, con tipoloxía de bloque aberto, na zona interior da actuación conformando un espazo de centralidade que permite concentrar os necesarios equipamentos comerciais, e descendendo cara á estrada da Universidade, adaptándose ao terreo da zona con maior pendente (mais do 30%) con bloques o máis esveltos posible articulados en distintos niveis, que permitan a permeabilidade tanto das vistas como da propia vexetación nos espazos baleiros entre bloques, dando así continuidade, entre os mesmos, ao espazo verde asociado á Vía-parque da Universidade. Xa que logo, é a solución de ordenación adoptada, a xuízo do equipo redactor, a que, axustándose aos Criterios do PXOM, permite a mellor integración e menor impacto da actuación na contorna, polo que se propón desestimar o solicitado pola alegante ao respecto” . En consecuencia, propón desestimar a alegación.*

PROPOSTA: visto o informe do equipo redator, os informes técnicos obrantes no expediente e a lexislación de aplicación propónse desestimar a alegación.

■ Alegación nº. 8: D. Manuel Villar González (R.E. 13.03.2012 - doc. 120028658)

CONTIDO: Solicita a corrección do parcelario no referido á finca nº 153 do plano parcelario do Plan Parcial que, segundo afirma o alegante, son en realidade dúas fincas distintas, dunha das cales (a lindante coa estrada de Falcoa a Macal, cunha

superficie segundo escrituras de 1.173 m<sup>2</sup>) afirma ser propietario. Achega copia de acta de protocolización de operacións particionais e escritura declarativa de constitución de servidume sobre parcela.

INFORME: o día 26.09.2012 o equipo redator informa o seguinte: *“Na relación de propietarios do Plan Parcial a parcela referida aparece a nome de Juan Alonso Estévez (en realidade Juan Alonso Gómez) que tamén presenta alegación en relación con esta finca (alegación nº 5, Doc. Nº 120026560).*

*Á vista da documentación aportada na presente alegación e na referida alegación nº 5 pódese comprobar a existencia dun erro no parcelario, que recolle a parcela 153 como unha única parcela, cando na realidade resultan ser dúas propiedades distintas. En todo caso, as superficies que figuran na documentación aportada non concordan coa medición do levantamento topográfico realizado.*

*Xa que logo procederase a corrixir o plano parcelario e a relación de propietarios do Plan Parcial incluíndo a D. Manuel Villar González como propietario da referida parcela. O anterior non implica recoñecemento algún de titularidade sobre dita porción de terreo por canto o Concello carece de competencia para decidir sobre tal cuestión.*

*Respecto das discrepancias nas superficies das fincas, esta é unha cuestión que deberá ser resolta en razón da acreditación que se faga da mesma na posterior fase de execución urbanística con motivo da tramitación do correspondente instrumento de equidistribución”. En consecuencia, propón estimar parcialmente a alegación corrixindo o plano parcelario, incluír ao alegante na relación de propietarios e desestimar a alegación no referente á superficie da parcela en razón ao exposto no informe supra transcrito.*

Convén apuntar que a declaración de titularidade excede da competencia desta Administración ao estar reservada ao ámbito da xurisdicción civil. Non obstante, a LOUGA esixe que entre a documentación do Plan Parcial figure o plano catastral e que as notificacións do acordo de aprobación inicial se practiquen aos titulares catastrais cuxa relación, así mesmo, debe figurar na documentación do Plan. Xa que logo, sen prexuízo de que podan corrixirse os erros que se detecten naquela relación de propietarios durante a información pública, será na fase de xestión aquela na que os titulares de bens e dereitos no ámbito deberán presentar os títulos xustificativos da súa propiedade.

PROPOSTA: visto o informe do equipo redator e a lexislación de aplicación propónse estimar parcialmente a alegación co único efecto de rectificar o parcelario incorporando ao alegante á relación de propietarios, sen realizar maiores consideracións sobre a titularidade da parcela 153-B do parcelario, que deberá acreditar o alegante, de ser o caso, durante a fase de xestión.

■ Alegación nº. 9: D. Camilo Alonso Alonso (R.E. 13.03.2012 – doc. 120028795)

CONTIDO: o alegante discrepa do contido da documentación do Plan Parcial no relativo ás seguintes parcelas da súa propiedade:



-Afirma ser titular da parcela nº. 74 (RC 54057A09200076), que no Plan Parcial figura como de titularidade descoñecida.

-Alega a existencia dun erro na superficie da parcela nº 185 (RC 54057A093001850000AW), no Plan Parcial figuran 308,06 m<sup>2</sup> mentres que segundo escrituras a superficie é de 457 m<sup>2</sup>

-Afirma ser titular da parcela nº 150 (RC 54057A092000440000AZ).

-Afirma ser titular da parcela nº 40 (RC 54057A092003530000AK).

INFORME: o día 26.09.2012 o equipo redactor informa o seguinte: *“Respecto da titularidade da parcela nº 74, o alegante achega escritura de adxudicación de herencia, sen que resulte posible identificar a finca pola descripción. O alegante identifica a finca sobre un plano catastral coincidindo aproximadamente en forma, dimensión e situación coa parcela nº 74 do plano parcelario do Plan Parcial, que neste punto non coincide co plano do catastro. Na documentación do Plan Parcial a finca aparece como de titularidade descoñecida, e non constan outras reivindicacións sobre a titularidade da mesma.*

*Respecto da titularidade da parcela nº 150, no Plan Parcial figura como titular Manuel Crispin Rodríguez, non entanto, pola documentación achegada polo alegante acredítase que o titular segundo o Catastro e escrituras rexistradas é D. Camilo Alonso Alonso .*

*Igualmente acredítase coa documentación achegada (copia de escrituras rexistradas e de certificación catastral) a titularidade da parcela nº 40 a favor de D. Camilo Alonso Alonso, mentres que na relación de propietarios do Plan Parcial figura Fernando Silveira Crispín.*

Xa que logo propónse a corrección da relación de propietarios do Plan Parcial tendo a D. Camilo Alonso Alonso por propietario das referidas parcelas 74, 150 e 40 do plano parcelario do Plan Parcial. O anterior non implica recoñecemento algún de titularidade por canto o Concello carece de competencia para decidir sobre tal cuestión.

Respecto da discrepancia na superficie da parcela nº 185, compre aclarar que o Plan Parcial recolle as que figuran no catastro e as que resultan da medición real sobre o plano parcelario realizado, polo que non resulta pertinente neste momento a rectificación solicitada polo alegante. Esta cuestión deberá ser formulada e resolta en razón da acreditación que se faga da mesma na posterior fase de execución urbanística con motivo da tramitación do correspondente instrumento de equidistribución”. En consecuencia, propón a estimación parcial da alegación no senso de corrixir a relación de propietarios do Plan Parcial tendo ao alegante como propietario das parcelas 40,74 e 150 e desestimar a alegación no referido á superficie da parcela 185 en razón ao informe supra transcrito.

Convén apuntar que a declaración de titularidade excede da competencia desta Administración ao estar reservada ao ámbito da xurisdicción civil. Non obstante, a LOUGA esixe que entre a documentación do Plan Parcial figure o plano catastral e que as notificacións do acordo de aprobación inicial se practiquen aos titulares catastrais cuxa relación, así mesmo, debe figurar na documentación do Plan. Xa que logo, sen prexuízo de que podan corrixirse os erros que se detecten naquela relación de propietarios durante a información pública, será na fase de xestión aquela na que os titulares de bens e dereitos no ámbito deberán presentar os

títulos xustificativos da súa propiedade.

PROPOSTA: visto o informe do equipo redator e a lexislación de aplicación propónse estimar parcialmente a alegación co único efecto de incorporar ao alegante á relación de propietarios, sen realizar maiores consideracións sobre a titularidade das parcelas 40, 74 e 150 do parcelario, que deberá acreditar, de ser o caso, durante a fase de xestión.

■ Alegación nº. 10: D. José Fernando Serodio Caride (R.E. 15.03.2012 - doc. 120030153)

CONTIDO: o alegante discrepa respecto da superficie da parcela nº. 175 do parcelario que se reflicte no Plan Parcial (RC 54057A093001760000AJ).

INFORME: o día 26.09.2012 o equipo redator informa o seguinte: *“O Plan Parcial recolle as as superficies das parcelas que figuran no catastro e as que resutan da medición real sobre o plano parcelario realizado, polo que non resulta pertinente neste intre a rectificación solicitada polo alegante.*

*Esta cuestión deberá ser formulada e resolta en razón da acreditación que se faga da mesma na posterior fase de execución urbanística con motivo da tramitación do correspondente instrumento de equidistribución”.* En consecuencia, propón desestimar a alegación.

PROPOSTA: visto o informe do equipo redator e a lexislación de aplicación propónse desestimar a alegación.

■ Alegación nº. 11: D<sup>a</sup>. Carmen Rial Saco (R.E. 26.03.2012 - doc. 120034148)

CONTIDO: a alegante solicita que se lle teña por propietaria das parcelas nº. 115 e 116 do parcelario do Plan Parcial. Achega documentación relativa á titularidade e documentos do expediente de expropiación do Vial da Universidade.

INFORME: o día 26.09.2012 o equipo redator informa o seguinte: *“Da análise da documentación achegada pola alegante dedúcese que en realidade a reclamación non é sobre as parcelas nº 115 e 116 do plano parcelario do Plan Parcial, senón das parcelas 115 e 116 do plano INF-12 de información catastral do mesmo, que coincide parcialmente coa parcela nº 109 do plano parcelario. con Ref. Catastral 54057A09200113 da que figura como titular Douro Atlántico S.L.*

*Tampouco coinciden estas parcelas (115 e 116 do plano de información catastral, ou 109 de parcelario) coa parcela matriz da nº 53 do expte. de expropiación do Vial da Universidade, coa que viría a coincidir con razoable aproximación a parcela nº 99 do parcelario do P.P. (RC 54057A09200119) que figura a nome de Julio Comesaña Crispín. Nada ten que ver, en todo caso a referida parcela 53 coas parcelas 175 e 176 do parcelario do Plan Parcial nin do Catastro.*

*Por outra banda, compre acrarar que o Plan Parcial limítase a planificar e ordenar o ámbito de referencia segundo os parámetros previamente determinados polo PXOM, e non é competente para decidir sobre as cuestións relativas á titularidades e demais dereitos reais sobre as concretas fincas do ámbito, polo que estas deberán ser formuladas e resoltas na posterior fase de execución urbanística, con motivo da tramitación do correspondente instrumento de equidistribución, correspondendolle a os particulares, na esfera do dereito privado, aclarar ditas*

*cueestións. En calquera caso, non lle corresponde ó Concello decidir sobre a titularidade das parcelas por carecer de competencia para elo.*

Por todo elo, débese desestimar a alegación, sen prexuízo de *ter por interesada a D<sup>a</sup>. Carmen Rial Sacco no expediente*. En consecuencia, propón desestimar a alegación e recoñecer á alegante a condición de interesada.

Convén apuntar que a declaración de titularidade excede da competencia desta Administración ao estar reservada ao ámbito da xurisdición civil. Non obstante, a LOUGA esixe que entre a documentación do Plan Parcial figure o plano catastral e que as notificacións do acordo de aprobación inicial se practiquen aos titulares catastrais cuxa relación, así mesmo, debe figurar na documentación do Plan. Xa que logo, sen prexuízo de que podan corrírse os erros que se detecten naquela relación de propietarios durante a información pública, será na fase de xestión aquela na que os titulares de bens e dereitos no ámbito deberán presentar os títulos xustificativos da súa propiedade.

PROPOSTA: visto o informe do equipo redactore a lexislación de aplicación propónse desestimar a alegación, significándolle a alegante que durante a fase de xestión poderá achegar a documentación que estime convinte para acreditar a titularidade alegada.

■ Alegación nº. 12: D<sup>a</sup>. Elvira Domínguez Caride (R.E. 30.03.2012 – doc.120035770)  
CONTIDO: Alega que na ficha correspondente á parcela nº 19 do Plan Parcial dentro do apartado "outros elementos" falla por incluír un pozo.

INFORME: o día 26.09.2012 o equipo redator informa o seguinte: "*Aínda que careza de relevancia a efectos do Plan Parcial, corríxese a ficha correspondente á parcela nº19 incluíndo o referido pozo no apartado de "outros elementos".* En consecuencia, propón estimar a alegación no senso de *corrír a ficha de información parcelaria do apartado D. FICHAS INDIVIDUALIZADAS, do TOMO IV-TRABALLOS DE TOPOGRAFÍA E PARCELARIO, correspondente á parcela nº 19, incluíndo o referido pozo no apartado de "outros elementos".*

PROPOSTA: visto o informe do equipo redator e a lexislación de aplicación propónse estimar a alegación e rectificar a ficha de información parcelaria do apartado "D. FICHAS INDIVIDUALIZADAS, do TOMO IV-TRABALLOS DE TOPOGRAFÍA E PARCELARIO", correspondente á parcela nº. 19, incluíndo o referido pozo no apartado "outros elementos".

■ Alegación nº. 13: Asociación de Veciños Monte da Mina Castrelos (R.E. 02.04.2012 – doc. 120036994)

CONTIDO: a alegante solicita que se asuma *por parte de Aqualia o custe do desvío da canalización existente da traída de augas polo trazado do vial interior e se ordene de xeito distinto a vivenda colectiva para minimizar no posible, segundo afirma, o efecto de barreira visual dos bloques e que as vivendas adosadas e ailladas situada na parte superior poidan disfrutar das vistas sobre a Ría. Tamén interesa a eliminación do fondo de saco proxectado na zona NE dándolle saída cara o Camiño do Seixo, para facilitar a circulación.*

INFORME: o día 26.09.2012 o equipo redator informa o seguinte: “1.- O mantemento da canalización de auga potable da ETAP de Valadares ao depósito do Castro ao seu paso polo ámbito do Plan Parcial é incompatible coa execución da urbanización por este prevista, polo que resulta necesario o seu desvío, e, en consecuencia, dentro das obras de urbanización a executar contéplase o retranqueo desta liña principal polo trazado dos novos viarios previstos como unha reposición de servizos afectados pola actuación, estando comprendido o custo de execución de estas obras, de acordo co artigo 132 da LOUGA, dentro dos custos de urbanización que deberán ser sufragados polos afectados en proporción aos aproveitamentos que lles correspondan. Así mesmo, o artigo 22 da LOUGA establece a obriga dos propietarios de solo urbanizable de custear e, no seu caso, executar as obras de urbanización do sector, incluídas as conexións cos sistemas xerais existentes e en funcionamento.

2.- Corríxese o viario en fondo de saco no sentido proposto polo alegante.

3.- No apartado 2.2.2 Criterios de ordenación da memoria justificativa do Plan Parcial indícanse os criterios e obxectivos establecidos, tanto polo PXOM na súa ficha de planeamento, como os propios das condicións particulares do sector, que determinan a ordenación proposta.

Aínda que non podemos compartir a afirmación do alegante de que as edificacións de vivenda colectiva supoñan unha barreira que impida as vistas á Ría desde as vivendas unifamiliares, xa que permiten unha importante permeabilidade, hase de advertir que, aínda que importante, este non foi un criterio prioritario para o equipo redator. Os criterios determinantes á hora de establecer a disposición das diversas tipoloxías residenciais foron os da correcta definición e jerarquización do espazo público, a integración da actuación no medio no que a acolle e o tratamento da Vía-Parque da Universidade de acordo cos criterios establecidos polo PXOM. Así, as vivendas unifamiliares exentas sitúanse no bordo exterior do sector para integrarse coas edificacións situadas na zona exterior do ámbito, que son na súa totalidade tamén vivendas unifamiliares exentas, densificándose a medida que se separa do tecido existente; primeiro en formacións de vivendas unifamiliares encostadas, e para rematar as edificacións de residencial colectivo, con tipoloxía de bloque aberto, na zona interior da actuación conformando un espazo de centralidade que permite concentrar os necesarios equipamentos comerciais, e descendendo cara á estrada da Universidade, adaptándose ao terreo da zona con maior pendente (mais do 30%) con bloques o máis esveltos posible articulados en distintos niveis, que permitan a permeabilidade tanto das vistas como da propia vexetación nos espazos baleiros entre bloques, dando así continuidade entre os mesmos ao espazo verde asociado á Vía-parque da Universidade (Avda. Clara Campoamor)”. En consecuencia, propón estimar parcialmente a alegación no que respecta á continuidade do camiño en fondo de saco e desestimala todo o demáis en razón ao exposto no informe supra transcrito.

PROPOSTA: visto o informe do equipo redator e a lexislación de aplicación propónse estimar parcialmente a alegación aos exclusivos efectos de modificar o vial en fondo de saco dándolle continuidade e desestimala en todo o demáis.

■ Alegación nº. 14: D. Olimpio González Araújo e D<sup>a</sup>. Olga Alonso Méndez (R.E. 03.04.2012 - doc. 120038171)

CONTIDO: os alegantes discrepan respecto da superficie da parcela da súa titularidade, que segundo a documentación do Plan Parcial é de 637,46 m<sup>2</sup>, afirmando que en medición realizada pola propiedade ten 749,00 m<sup>2</sup>.

INFORME: o día 26.09.2012 o equipo redator informa o seguinte: “*O Plan Parcial recolle as as superficies das parcelas que figuran no catastro e as que resutan da medición real sobre o plano parcelario realizado, polo que non resulta pertinente neste intre a rectificación solicitada polo alegante. Esta cuestión deberá ser formulada e resolta en razón da acreditación que se faga da mesma na posterior fase de execución urbanística con motivo da tramitación do correspondente instrumento de equidistribución*”. En consecuencia, propón desestimar a alegación.

PROPOSTA: visto o informe do equipo redator e a lexislación de aplicación propónse a desestimación da alegación.

■ Alegación nº. 15: Douro Atlántico, S.L. (R.E. 03.05.2012 – doc.120052430)

CONTIDO: a entidade mercantil alegante solicita que se contemple no Plan Parcial o uso comercial como característico do sector para evitar, segundo afirma, a inviabilidade do seu desenvolvemento, ou subsidiariamente contemple o uso comercial como uso que poda coexistir co uso residencial dentro do sector, incluso en edificios exclusivos, propoñendo a localización dos pretendidos usos comerciais nas parcelas que o P.P. reserva para os equipamentos públicos. Tamén solicita a reubicación dos equipamentos públicos, propoñendo a súa localización na zona NE do ámbito e a eliminación do vial en fondo de saco proxectado na zona NE e realización no seu lugar dun novo acceso peonil. Igualmente, solicita que o Plan Parcial teña en conta a existencia da tubería de abastecemento procedente do encoro de Zamáns, por non estar, segundo a alegante, recollida no mesmo. Avisa a súa desconformidade cos custes de urbanización do sector, solicitando a súa revisión ao estimar que os previstos resultan extremadamente altos e fan inviable o seu desenvolvemento. Finalmente, peticióna a ampliación dos prazos de execución previstos polo Plan Parcial.

INFORME: o día 26.09.2012 o equipo redator informa o seguinte: “1.- A asignación de usos globais aos sectores de solo urbanizable delimitado é unha determinación propia do planeamento xeral, tal como establece o artigo 57.1 da LOUGA, sen que lle sexa dado ao planeamento de desenvolvemento alterar esta determinación en virtude do disposto no artigo 62.1 da LOUGA.

*O PXOM determina, na ficha de planeamento para este sector, que o único uso global permitido é o residencial.*

*No artigo 5.1.7 Usos Globais do PXOM indícase que a asignación de usos globais nos solos urbanizables efectúase con carácter excluínente, e que corresponde aos plans parciais a determinación dos usos pormenorizados que deben establecerse, elixidos entre os que se atopan integrados na formación do Uso Global.*

*O uso comercial que propón o alegante non está incluído entre os usos pormenorizados do uso global residencial, polo que non pode acollerse a súa*

*pretensión. O Plan Parcial non pode contemplar a cualificación específica de solo para este uso (Terciario Xeral clase Comercio), sen prexuízo da súa regulación como uso compatible cos usos pormenorizados asignados ou como uso permitido en edificio independente dentro das correspondentes ordenanzas de zona, o que xa contempla o Plan Parcial na súa normativa urbanística, permitindo dentro da ordenanza RU de residencial unifamiliar (art. 4.2.13) o uso terciario comercial como uso compatible dentro do mesmo edificio (en categoría 1ª), e dentro da ordenanza RC de residencial colectiva (art. 4.3.13) como uso compatible dentro do mesmo edificio (en categorías 1ª e 2ª) ou como uso permitido en edificio independente (ata categoría 4ª).*

*2.- No apartado 2.2.2 Criterios de ordenación da memoria xustificativa do PP indícanse os criterios e obxectivos establecidos, tanto polo PXOM na súa ficha de planeamento como os propios das condicións particulares do sector, que determinan a ordenación proposta.*

*En relación coa posición dos equipamentos, cabe destacar que estes se situaron integrándoos na Vía Parque esixida polo PXOM e en contacto con viarios estruturantes da ordenación, como son a Avenida Clara Campoamor (Vía parque da Universidade, sistema xeral viario de primeira categoría) e o camiño Falcoa (rede local), que os conectan co sector e coa contorna próxima. Ademais do anterior, ao situar os equipamentos en contacto coa Avenida Clara Campoamor refórzase o carácter de vía urbana que o PXOM fixa como obxectivo a conseguir coa ordenación do sector.*

*3.- Entendemos que o vial na parte noreste do ámbito, que o alegante pretende que se elimine é precisamente o que remata en fondo de saco, ou senón o que ven a coincidir en parte co Camiño Seixo, un viario existente de ámbito local que pasa polo sector e dá acceso a diversas vivendas dende o camiño Falcoa. De referirse a este último, compre sinalar que o Plan Parcial recolle este camiño como un elemento viario non só necesario para resolver a accesibilidade interior do ámbito senón importante para articular a accesibilidade de toda a contorna e a conexión do ámbito con esta, polo que non so mantén a traza, senón que mellora a sección do mesmo e procura a súa conexión co camiño Fondo. Se se eliminase o tramo que discorre polo sector, estas vivendas non terían ningunha outra posibilidade de conexión coa rede viaria pública. Ademais, resulta clara a determinación do PXOM de mantelo como elemento da estrutura viaria da zona, dado que na parte situada en solo urbano consolidado fíxalle as correspondentes aliñacións. Non semellaría pertinente, de referirse a este o alegante, a súa eliminación.*

*Respecto do vial en fondo de saco, contrariamente á súa eliminación, o que semella conveniente é darlle continuidade conectandoo co camiño Seixo, eliminando o fondo de saco previsto inicialmente, o que mellora as condicións de accesibilidade desta zona.*

*No que si semella oportuno estimar a alegación é no referido o acceso peonil conectando o Camiño do Seixo coa rúa Falcoa, dándolle continuidade o acceso xa existente en solo urbano consolidado.*

4.- O plan Parcial recolle tanto no apartado 1.11.3.1 da Memoria Informativa como no plano de información "INF 13.1\_Infraestruturas existentes: Rede de abastecemento" a tubaxe (FC-x350) que vai da ETAP de Valadares ao depósito do Castro. Así mesmo, no apartado 2.4.2 da memoria xustificativa e no plano "ORD 5.1\_Redes interiores de infraestruturas: Rede de Abastecemento" xa se contempla o rétranqueo desta liña principal polas rúas de nova apertura previstas polo Plan Parcial. Carece, polo tanto, de fundamento a afirmación do alegante.

5.- Compre aclarar que a memoria de sostenibilidade económica do Plan Parcial a que se refire o alegante, de conformidade co establecido no artigo 15.4 do RDL 2/2008 de 20 de xuño polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo estatal, ten por finalidade ponderar o impacto na Facenda Municipal da implantación da actuación e o mantemento das infraestruturas necesarias ou da posta en marcha e a prestación dos servizos resultantes. Non é por tanto obxecto desta memoria xustificar a viabilidade económica, en canto a equilibrio entre os beneficios e as cargas derivadas das determinacións do planeamento, do Plan Parcial, xustificación que, de conformidade co establecido no artigo 52.3 da LOUGA correspóndelle ó PXOM.

O Plan Parcial, de conformidade co establecido no artigo 64 da LOUGA, contén a avaliación económica da implantación dos servizos e de execución das obras de urbanización previstas, así como das necesarias conexións cos sistemas xerais.

Esta avaliación realizouse utilizando valores de mercado actualizados á data de redacción do Plan Parcial. Tal e como se sinala no apartado de avaliación económica do Plan Parcial, a valoración realizada é unha aproximación indicativa e non vinculante aos custos de urbanización, polo que devanditos custos deberán ser revisados nas posteriores fases de execución e xestión, tanto no proxecto de urbanización como no proxecto de equidistribución.

Por outra banda, a afirmación feita polo alegante de que os custes de urbanización estimados polo Plan Parcial son extremadamente altos ou desorbitados e que fan inviable as posibles promocións de vivenda no sector, realízase de forma xenérica e sen ningún argumento que a sosteña. Ben ao contrario do que afirma os seus propios cálculos de ratios por metro cadrado de solo bruto do sector (76,07 €) ou por m<sup>2</sup> de teito (131,11 €) poñen de manifesto o contrario, xa que resultan valores habituais neste tipo de actuacións e moi próximos aos previstos polo PXOM (actualizados) en concordancia coas actuacións da contorna, e que, aínda que se considerase a materialización de todos os aproveitamentos en vivenda de protección (o valor de repercusión máis baixo posible: 387 €/m<sup>2</sup>), os custes de urbanización resultarían inferiores ao 40% do valor dos solares resultantes, correspondéndolle ao solo máis do 60%, o que se considera razoable e acredita, en calquera caso, a viabilidade da actuación".

6.- O artigo 128.1 da LOUGA establece que as previsións de urbanización e o cumprimento dos deberes de cesión e equidistribución deberán ser desenvolvidas nos prazos establecidos ao efecto no planeamento detallado. Advertindo o apartado 3º do mesmo artigo que o incumprimento destas obrigacións, cando se apliquen sistemas indirectos, dará lugar a que a administración poida substituír de

*oficio o sistema de actuación e optar por un sistema de actuación directo, con independencia das restantes consecuencias que, no seu caso, puidesen derivarse do incumprimento.*

*O PXOM determina na ficha de planeamento correspondente ao sector S-34-R Falcoa como prazo para o desenvolvemento desta actuación o primeiro cuatrienio.*

*Non está claro, xa que logo, que haxa unha determinación vinculante do PXOM en canto aos prazos para a equidistribución e urbanización, máis aló da estimación (optimista segundo recoñécese) do prazo dun ano para a redacción dos proxectos de equidistribución e urbanización e de dous anos para a execución da urbanización que se recollen no apartado 3.1 criterios de programación do documento de estratexia de actuación e estudo económico financeiro do PXOM. É, en calquera caso, ao Plan Parcial, a quen corresponde establecer os prazos de execución, e a xuízo do equipo redactor a ampliación de prazos suxerida polo alegante resulta razoable, e máis na actual conxuntura económica, polo que se propón a estimación da alegación a este respecto". En consecuencia, propón a estimación parcial da alegación no que respecta á incorporación do vial peonil proposto e no referido á solicitude de ampliación de prazos de execución e desestimar en todo o demais en razón do exposto no informe supra transcrito.*

PROPOSTA: visto o informe do equipo redactor e a lexislación de aplicación propónse a estimación da alegación no que respecta a incorporación do vial peonil nela referido, así como ampliar os prazos de execución e desestimar a alegación no demais.

■ Alegación nº.16: EXTRACO, Construcións e Proxectos, S.A. (R.E. 27.06.2012 - doc. 120078863), presentada por D. Manuel Barja Bande. Extemporánea.

CONTIDO: a alegante plantexa a creación dunha zona terciaria na que tiveran cabida as medianas e pequenas superficies comerciais, *combinando o uso residencial no seu grado máis alto co residencial*. Avirte, igualmente, de erros nas superficies e identificacións de lindeiros dalgunhas parcelas sen precisar de cales se trata, se ben, afirma que será durante a tramitación do proxecto de compensación cando poñan en coñecemento da Administración esas supostas deficiencias detectadas.

INFORME: trátase dunha alegación presentada fóra do prazo de información pública polo que procede considerada extemporánea. Non obstante, estímase convinte examinar os fundamentos do solicitado e, neste senso, o peticionado é semellante ao alegado respecto dos usos terciarios na alegación nº. 15 respostada polo equipo redactor o día 26.09.2012. O dito informe explica que non pode introducirse o uso terciario como Uso Global, xa que o PXOM, na ficha de xestión do S-34-R Falcoa establece como uso global o residencial 100%, aínda que, con todo, caberán usos terciarios dado que nas ordenanzas prevense como usos compatibles e permitidos en edificio independente.

No que respecta ás cuestións de propiedade e, como se expresa na propia alegación, durante a fase de xestión a propiedade deberá achegar os títulos acreditativos da súa titularidade e advertir, de ser o caso, das imprecisións que se



reflectan nos lindeiros das parcelas de orixe, sen que tales circunstancias teña maiores consecuencias de cara a aprobación definitiva do planeamento de desenvolvemento que agora nos ocupa.

PROPOSTA: vista a normativa de aplicación propónse a desestimación da alegación. Por aplicación do artigo 4.e do TRLS os alegantes teñen dereito a unha resposta motivada, a cuxo efecto daráselle traslado do acordo que se adopte.

V. Cumprimento da tramitación procedimental.

No expediente administrativo obra a documentación que a seguir se relaciona:

- Resolución do 22.09.2009 do Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental sobre a non necesidade de sometemento á avaliación ambiental estratéxica do «Plan Parcial S-34-R Falcoa».
- Informe do Director dos Servizos Técnicos do 29.10.2009, de viabilidade funcional das Infraestruturas necesarias para o desenrolo do ámbito e cargas urbanísticas que lle corresponden, con carácter xeral, para a financiación de infraestruturas.
- Informe do Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas e do Director dos Servizos Técnicos do 08.02.2010.
- Informe do Inspector de Patrimonio Histórico de 07.07.2010 e da Técnico de Xestión de Patrimonio Histórico do 03.08.2010
- Informe de Augas de Galicia do 09.02.2011 relativo ás garantías de abastecemento e saneamento.
- Informe da Xefa da Oficina de Planeamento - Xestión do 10.01.2012 favorable á aprobación inicial.
- Informe proposta do 28.01.2012 no que os asinantes asumen a non necesidade de recabar informes sectoriais durante a información pública, así como a suficiencia do informe emitido por Augas de Galicia previo á aprobación inicial para o cumprimento da Lei de Augas.

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de día 02.02.2010 o Plan Parcial foi aprobado inicialmente e sometido a información pública mediante anuncio publicado no DOG nº. 61, do 28.03.2012, nos xornais Faro de Vigo e La Voz de Galicia o día 24.02.2010. Procedeuse a práctica de notificacións individualizadas e edictais.

Xa que logo, verificados os citados trámites procedimentais e en cumprimento do disposto no artigo 86.1.e da LOUGA, o Concello procederá a súa aprobación definitiva.

VI. Publicidade e eficacia.

VII.

De acordo co artigo 92.2 da LOUGA, o acordo de aprobación definitiva do «Plan Parcial S-34-R Falcoa» publicarase no DOG e o documento que conteña a normativa e ordenanzas, no BOP de Pontevedra.

A aprobación definitiva será comunicada a CMATI, a que se lle dará traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con todos os planos e documentos que o integran e sobre os que recaira a aprobación definitiva, debidamente dilixenciados polo Secretario do Concello, facendo constar este extremo. No anuncio de publicación da aprobación definitiva

farase mención desta remisión.

A eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do plan aprobado definitivamente quedan condicionadas ao cumprimento do disposto no artigo 92 da LOUGA e ao que dispoña ao efecto a lexislación reguladora da Administración actuante.

A aprobación deste instrumento de planeamento de desenvolvemento conlevará a utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens ou dereitos afectados, no seu caso, aos fins de expropiación ou imposición de servidumes.

VII. Órgano competente.

É competente para a adopción do presente acordo o Pleno do Concello co voto favorable da maioría absoluta da maioría legal de membros da Corporación (artigos 85.7 da LOUGA e 123.1.i) e 123.2 LRBRL), previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local segundo o artigo 127.1.c) da LRBRL e ditame do Consello da XMU (artigos 3º.1 e 10º.1.a) dos Estatutos da XMU, AD versión consolidada aprobada polo Pleno o día 06.09.2010 -BOP nº.193, do 06.10.2010) na súa consideración de comisión informativa do Pleno (artigos 122.4.a) LRBRL e 47 e ss. ROP). Con anterioridade a súa adopción deberá emitir informe xurídico a Secretaría do Pleno (artigos 54.1.b) TRRL e 122.5.e).2º e 123.2 LRBRL) e a Intervención municipal (artigos 54.1.b TRRL e 123.2 LRBRL)."

Visto o anterior, a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local con data 1.02.2013, aprobou o Proxecto de Aprobación Definitiva do Plan Parcial S-34-R Falcoa conforme á proposta formulada.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión do 8 de febreiro de 2013 ditamina favorablemente a citada proposta.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE:

PRIMEIRO: Desestimar integramente, de acordo cos fundamentos do informe proposta supra transcrito, as seguintes alegacións: nº. 1 presentada por D. Jesús Manuel Vega Lage (doc120022593); nº.2 presentada por Dª. Rosa París Crispín (doc. 120024117); nº. 4 (doc. 120026532) presentada por D. Lisardo Magdalena Silveira; nº. 7 presentada por Dª. Paula Fernández Alonso (doc.120026956), a

través de seu representante D. José Angel Hermida Fernández; nº. 10 presentada por D. José Fernando Serodio Caride (doc.120030153); nº. 11 presentada por D<sup>a</sup>. Carmen Rial Sacco (doc. 120034148); nº. 14 presentada por D. Olimpio González Araujo e D<sup>a</sup>. Olga Alonso Méndez (doc. 120038171), a través do seu representante D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro; e nº.16 presentada extemporáneamente por D. Manuel Barja Bande en nome de EXTRACO, Construccións e Proxectos, S.A. (doc. 120078863).

SEGUNDO: Estimar parcialmente a alegación nº. 3 presentada por D. Enrique Agulla Abalde (doc.120026532) no senso de incluír ao alegante na relación de propietarios; nº. 8 presentada por D. Manuel Villar González (doc.120028658) no senso de incluír ao alegante na relación de propietarios; nº.9 presentada por D. Camilo Alonso Alonso (doc. 120028795) no senso de incluír ao alegante na relación de propietarios; nº.13 presentada pola Asociación de Veciños “Monte da Mina” Castrelos, a través do seu representante D. Juan Freiría Barros (doc. 120036994) e nº.15 (doc.120052430) presentada por DOURO ATLÁNTICO S.L., a través do seu representante D. Javier Alonso López, de acordo cos fundamentos e alcance reflectidos no informe proposta supra transcrito.

TERCEIRO: Estimar as alegacións nº. 5 presentada por D. Juan Alonso Gómez (doc.120026560); nº. 6 presentada por D<sup>a</sup>. Margarita Pacheco Gándara (doc.120026698) e nº. 12 presentada por D<sup>a</sup>. Elvira Domínguez Caride (doc. 120035770) , de acordo co informe proposta supra transcrito.

CUARTO: Aprobar definitivamente o «Plan Parcial S-34-R Falcoa», redactado a iniciativa municipal, por PETTRA, S.L. e conformado pola documentación nomeada *“PLAN PARCIAL DO SECTOR DE SOLO URBANIZABLE S-34-R FALCOA. CONCELLO DE VIGO. DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA”* versión datada en outubro de 2012 e redactada polos arquitectos D. Xabier Rivas Barros, D. Antonio Iglesias Álvaro-Gracia e César Álvarez Arines (exp. 11485/411).

QUINTO: Dar traslado do presente acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas xunto con copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con todos os planos e documentos que o integran sobre os que recae a presente aprobación definitiva, debidamente dilixenciados polo Secretario do Concello, facendo constar este extremo.

SEXTO: Ordenar a publicación do presente acordo no DOG, en cuxo anuncio farase

mención á remisión á CMATI da documentación referida no apartado quinto presente acordo e, así mesmo, publicar no BOP de Pontevedra o documento que conteña a normativa e ordenanzas.

SÉTIMO: Ordenar a publicación do presente acordo xunto coa ordenación definitivamente aprobada, na páxina web do Concello.

OITAVO: Notificar o presente acordo aos alegantes, significándolles que os instrumentos de planeamento teñen natureza de disposición xeral polo que, contra o mesmo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses dende a súa notificación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen prexuízo do exercicio das accións que estimen convenientes.

#### **4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.**

Non se formularon.

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

#### **5.- MOCIÓNS:**

##### **5.1(50).- MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO A RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEI DE RACIONALIZACIÓN E SUSTENTABILIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL E OUTRAS MEDIDAS A ADOPTAR NO ÁMBITO DAS ADMINISTRACIÓNS. EXPTE. 617/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 11 de marzo, número 617/1101, a voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, formula a seguinte moción:

## “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Anteproxecto de Lei de racionalización e sustentabilidade na administración local, aprobado recentemente polo Goberno central, aborda unha fonda regulación do réxime local e pretende mudar de xeito substancial o papel dos concellos, cun maior impacto nos de menor tamaño, que son ampla maioría en Galiza.

A devandita proposta legal inspírase -segundo a súa propia exposición de motivos- na aplicación do principio de estabilidade orzamentaria, na versión regulada na reforma constitucional “exprés” pactada polo bipartidismo estatal, que implica un ríxido límite á actuación do sector público, ao situar a contención do gasto público por riba da atención ás necesidades sociais que deben atender as administracións na súa función de redistribuidoras da renda e da riqueza.

A intención prioritaria desta reforma do réxime local é reducir e adelgazar o ámbito de actuación dos concellos, cun recorte severo dos servizos que prestan, aínda que disfrazado do eufemismo “evitar duplicidades”. Non hai unha verdadeira intención diso, nin de racionalizar, pois quen sae reforzada nesta reforma é a institución provincial que é o ente máis prescindíbel do entramado institucional actual. Porén, introdúcense mecanismos que abocarán ao deterioro, e mesmo supresión, de prestacións e servizos públicos básicos polos concellos, afectando directamente á veciñanza, sobre todo ás persoas con menos recursos.

Ademais, esta reforma reforza o centralismo, pois diseña un réxime xurídico e organizativo homoxéneo á maioría dos concellos galegos cos do resto do Estado, a pesar das fondas diferenzas en canto ao modelo de asentamento e organización territorial. Desde o nacionalismo galego sempre se tivo unha visión crítica coa articulación legal e administrativa local, por ser allea á realidade de Galiza, tanto nas dinámicas sociais como pola tendencia á uniformación cos entes locais do resto do Estado, cando as realidades territoriais son diferentes. Agora péchase calquera posibilidade de que Galiza deseñe un mapa local acaído á súa realidade.

Alén desa limitación á capacidade de Galiza, aténtase contra a autonomía local, ao conter unha serie de mecanismos externos para avaliar a capacidade de organizar novos servizos locais ou de intervir en actividades económicas. En realidade trátase dun control político desde a administración central do Estado que busca evitar que se ensaien políticas alternativas desde os concellos. É unha limitación antidemocrática para os concellos que teñan vontade de exercer a través da iniciativa pública tanto o reforzo de servizos públicos como o estímulo de actividades económicas locais. Porén, para nada se fai unha referencia á limitación na privatización de servizos, nin sequera se reserva unha esfera mínima que debe estar blindada ao sector público e evitar con iso a súa transferencia ao sector privado.

A reforma consagra a máis absurda duplicidade do actual mapa institucional no Estado español, que é a persistencia das deputacións provinciais, que sairán reforzadas á hora de asumir servizos municipais, cando o máis lóxico sería afrontar a súa definitiva desaparición. O traslado ás deputacións de determinados servizos locais é un despropósito, pois non teñen ningunha base provincial, sendo totalmente artificial encomendar ás deputacións a súa prestación, e tendo en conta ademais que a atribución aos concellos da competencia sobre determinados

servizos sempre se efectuou en función da operatividade das administracións locais para a prestación e cooperación naqueles que teñen unha clara base local.

En suma, estamos ante unha proposta que afondará na homoxeneidade e na capacidade da administración central de intervir na dinámica local, a fin de impor as políticas antisociais e de relegación do papel do sector público a todos os concellos, como continuidade ás reformas regresivas xa aprobadas e ao deterioro democrático.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte,

#### ACORDO

##### 1.- Instar ao Goberno do Estado a

- a) Retirar o Anteproxecto de Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
- b) Instar a unha reforma constitucional que suprima as deputacións provinciais.
- c) Presentar un plan de financiamento dos concellos, que lles permita custear os servizos públicos locais.
- d) Instar a unha reforma do réxime local que deixe en mans das Comunidades Autónomas un amplo marxe de regulación sobre a organización, as funcións e competencias das entidades locais, a fin de adaptar o mapa local á realidade de cada territorio co obxectivo de racionalizar o mapa institucional en coherencia cun aproveitamento e administración eficaz dos recursos públicos.

2.- Enviar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado, grupos parlamentares no Parlamento galego e Congreso, Senado, FEGAMP e FEMP.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 18 de marzo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-A PRESIDENCIA: Quería propoñer ao Bloque Nacionalista Galego e ao grupo socialista, dado que hai dúas mocións que teñen o mesmo contido, aínda que é distinta a parte resolutiva, facer unha única ronda de intervencións que sería a proposta: Bloque Nacionalista Galego, Partido Socialista, Partido Popular e PSOE, BNG e despois votacións separadas, se lle parece ben ao grupo do Bloque Nacionalista Galego.

SRA. VELOSO RÍOS: O Bloque Nacionalista Galego trae hoxe ao Pleno do Concello de Vigo unha moción solicitando, como figura no acordo, instar ao goberno do Estado a retirar o Anteproxecto de Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, instar a unha reforma constitucional que suprima as deputacións provinciais, presentar un plan de financiamento dos concellos que lles permita custear os servizos público locais, instar a unha reforma do Réxime Local que deixe en mans das Comunidades Autónomas un amplo marxe de regulación sobre a organización, as funcións e competencias das administracións locais, a fin de adaptar o mapa local á realidade de cada territorio co obxectivo de racionalizar o mapa institucional en coherencia cun aproveitamento e administración eficaz dos recursos públicos. Enviar esta acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, ao Presidente do goberno do Estado, aos Grupos Parlamentarios no Parlamento Galego, no Congreso, no Senado, á FEGAMP e á FEMP.

Por que solicitamos isto? Unha vez visto o Anteproxecto de Lei de Racionalización e Sustentabilidade na Administración Local presentado polo goberno do Estado, o que nós podemos dicir deste anteproxecto é que é calquera cousa menos racionalización e sustentabilidade.

Nun momento de crise no que os recursos públicos son necesario para apoiar ás persoas que máis o precisan, sobre todo vendo as cifras de desemprego que agora estamos sufrindo no noso país, nos que son necesarios os recursos públicos para garantir servizos básicos como a Educación, a Sanidade, os Servizos Sociais nos que vemos como hai persoas autenticamente desesperadas no desemprego durante anos, que están sendo desaloxadas das súas vivendas por non poder pagar as súas hipotecas, persoas que perden os seus aforros porque foron estafadas por caixas e bancos que agora están sostidos con cartos públicos, o que non podemos admitir é que se faga unha proposta como esta dicindo que o que se quere é racionalizar o uso dos recursos públicos cando é exactamente todo o contrario.

Cando se di que o que se quere é evitar duplicidades, a realidade é que se lles outorga cada vez máis poder ás deputacións provinciais que son as primeiras administracións que deberían desaparecer se o que queremos é realmente utilizar os recursos públicos de maneira racional, porque son ademais entidades que agora mesmo non teñen ningún tipo de control que están sendo utilizadas para o puro caciqueo, esa é a realidade. Ademais están sometidas a un control das entidades

locais que non permite sequera investir os cartos públicos, senón que obriga ás administracións a que os cartos cos que contan lles sexan entregados ós bancos, coa escusa de eliminar a débeda. Eliminar a débeda, ter déficit cero, ter débeda cero, non ten que ser o obxectivo dunha administración. O obxectivo dunha Administración ten que ser atender á cidadanía cos recursos cos que conta, que veñen dos impostos de todos/as, non darlles cartos ós bancos para que teñan liquidez. Podemos coller o exemplo da Deputación de Pontevedra, o venres pasado na Comisión Informativa, o Interventor da Deputación de Pontevedra informounos a tódolos deputados/as provinciais que a regra do gasto imposta polo goberno do Sr. Rajoy, impide usar vinte e cinco millóns de euros dos que dispón agora mesmo a Deputación Provincial, pero que se ve obrigada a utilizar para amortizar débeda, impide utilizar vinte e cinco millóns de euros que poderían ser utilizados en investimentos para a cidadanía, investimentos e servizos. Esa é realidade da lexislación actual do goberno do Sr. Rajoy.

Este anteproxecto de Lei, como concello, calquera concelleiro/a do partido que fose, debería estar radicalmente en contra porque elimina toda a autonomía dos concellos, muda radicalmente o papel dos concellos cun maior impacto nos concellos de menor tamaño pero tamén nos concellos de maior tamaño como o do Concello de Vigo. Tamén hai que pensar que os concellos de menor tamaño son a maioría en Galicia, por iso nós tamén pedimos que se lle dea marxe ás Comunidades Autónomas, porque a situación no é a mesma nas distintas Comunidades Autónomas, e en Galicia a maioría son concellos de tamaño pequeno que se verán profundamente afectados por esta Lei de Racionalización e Sustentabilidade na Administración Local, pasando a estar gobernados polas Deputacións ou directamente intervidos se así o decide o goberno.

Esta proposta legal, non podemos esquecer que é a aplicación da reforma constitucional expres que pactaron no seu momento o Partido Socialista e o Partido Popular, que implica un ríxido límite á actuación do sector público, insisto, a contención do gasto público, a eliminación da débeda, traspasar os cartos públicos aos Bancos é o obxectivo fundamental de toda a lexislación das entidades locais agora mesmo.

Ademais atopámonos con que se nos deixa aos concellos de mans atadas para prestar os servizos básicos sendo como somos a administración máis próxima á



ciudadanía, empezando polos servizos sociais nun primeiro momento, pero continuando despois con servizos educativos e servizos sanitarios. Todos estes servizos pasarían a estar controlados polas Comunidades Autónomas, xa non serían os concellos, en función das necesidades que detectan cada día na súa cidade, os que decidisen que servizos prestar, senón que serían as Comunidades Autónomas e cun único criterio, que fosen rendibles economicamente, ese sería o único criterio, xa non habería un criterio de atender ás demandas que cada día chegan aos concellos, senón que fosen rendibles economicamente.

Ademais ábrese a porta directamente porque aí si que non se pon ningún tipo de límite á contratación de empresas privadas para a prestación destes servizos, aí non se limita en absoluto e o único criterio e o que realmente dirixe calquera actuación dos concellos é que estes sexan rendibles economicamente, e así podemos comezar a darlle negocio ás empresas que agora mesmo xa están sacando negocio da sanidade, da educación e dos servizos sociais no noso país, tamén a través dos concellos que estarían obrigados a asumir eses servizos tal e como se lles marcasse dende as Comunidades Autónomas. De tal maneira que unha axuda de emerxencia que necesitase unha cidadán ou unha cidadá da nosa cidade de Vigo, xa non estarían en disposición de darlla, dependería directamente da Comunidade Autónoma que sería a que dirixise ese tipo de servizos. O mesmo coa educación e coa sanidade. Pero non se especifica como se costearía iso, ou si, porque si se di que unha vez traspasadas as competencias educativas ás Comunidades Autónomas retraeríanselle dos orzamentos os custes deses servizos aos concellos, é dicir, seguiríamos investindo orzamentos públicos municipais neses servizos, pero traspasándollos, transferíndollos ás Comunidades Autónomas, neste caso á Xunta de Galicia que decidiría en función desa rendibilidade económica como utilízalos.

Porque seguimos sen ter un plan de financiamento dos concellos e disto xa falamos o mes pasado cando vimos a xestión dos orzamentos deste Concello. O problema dos concellos agora mesmo non é a débeda, que será en todo caso dos bancos, o problema é que non teñen financiamento, non teñen unha lei de financiamento que realmente responda ás necesidades dos concellos e ademais están asumindo servizos que están deixando de prestar as Comunidades Autónomas como pasa coa Xunta de Galicia e o goberno do Estado.

Por iso insistimos, pedimos a retirada deste Anteproxecto de Lei, a eliminación das Deputacións e financiamento para os Concellos.

SR. LÓPEZ FONT: Estamos ante unha reforma máis do Partido Popular, as reformas que dende que o Sr. Rajoy é presidente do goberno, que se instaron e materializaron foron todas negativas para os cidadáns, o único que trouxeron é máis recortes de dereitos, máis miseria e máis pobreza aos cidadáns.

Nesta actúan da mesma forma, é unha reforma necesaria pero sen ningún tipo de negociación, como deixou claro a FEMP, porque o Sr. Montoro e o goberno do Sr. Rajoy conseguiron algo certamente inaudito e é que os oito mil cen concellos de toda España estean en desacordo con esta Lei. Como dicía recentemente o Alcalde de Vigo, isto parece de récord guines porque non o conseguiu absolutamente ninguén, conciliar de tal maneira a todo o mundo para estar en contra.

É unha Lei que o único que busca é a privatización de servizos, de tódolos obxectivos que debería ter esta Lei non cumpre ningún. O primeiro é un ataque á autonomía municipal, que digo un ataque, ao contrario, o que supón é unha concentración de poder nas Deputación Provincias, precisamente o tipo de organización administrativa que debería desaparecer, é onde o goberno do Partido Popular concentra a reforma destas institucións. Como trazos negativos non ten nin a eficiencia, non vai a provocar a eficiencia que se pretende, é absolutamente falso o aforro de sete mil millóns que nalgún momento barallaron, senón que todo o contrario, o aforro é absolutamente cero. O Instituto de Estudos Fiscais do Ministerio de Economía e Facenda nun informe así o di, que só no suposto caso de que tódalas competencias dos concellos pequenos pasasen ás Deputacións poderíase aforrar algo, polo tanto este aforro é absolutamente falso. Como dicía, tódolos concellos de España en contra, o único que vai supoñer é peores servizos a maiores custos, vai a supoñer a desaparición de moitos concellos pequenos porque vanse a entregar tódolos servizos ás Deputacións e evidentemente estas non son o mellor exemplo de como se xestionan.

En canto á descentralización, faise ao contrario da primeira descentralización que se fixo en España, a primeira foi de arriba a abaixo, dar competencias ás Comunidades Autónomas dende o Estado transferindo os recursos económicos para que foran xestionados na proximidade coa cidadanía, aquí o Partido Popular e

o seu goberno o que propón é xustamente o contrario, propón que ámbitos como a Educación o que se fará é incautar o Orzamento Municipal, é dicir, para prestar esa competencia entrégase ás Comunidades Autónomas, entregouse os fondos orzamentarios dos concellos e polo tanto vai supoñer algo negativo, pon en perigo 250.000 empregos dos concellos e algo tamén moi importante, detrás desta reforma e da mensaxe lanzada polo Partido Popular o único que se fai é querer desprestixiar á clase política, calquera que haxa oído as intervencións do Partido Popular parece que sobran moitos concelleiros, moitos cargos cando isto é absolutamente falso.

Nós cremos que estamos ante unha situación de proposta de privatización de servizos na liña do Partido Popular, nesta batalla da defensa do municipalismo están a FEMP e a FEGAMP. Dende a FEMP estase reclamando que se negocie a Lei e que se retire, porque tamén os Alcaldes e concelleiros do Partido Popular están en contra desta reforma. Aquí é onde Vigo está xogando un protagonismo importante, aquí é onde o Alcalde de Vigo como Vicepresidente da FEMP, o outro día nunha intervención nos medios de comunicación o presidente da Deputación de Zamora do Partido Popular dicía calcados os argumentos do Alcalde de Vigo. Estamos nunha defensa do municipalismo, nun protagonismo de Vigo contra esta ofensiva do Partido Popular por deixar sen contido aos concellos, precisamente a administración máis próxima aos cidadáns, a administración que menos déficit ten porque está no 4%. Polo tanto o argumento de deficiencia económica é absolutamente falso por parte do Partido Popular.

SR. FIGUEROA VILA: Eu esperaba que o debate destas mocións fose nun sentido positivo, de intentar buscar solucións e alternativas a aquelas cuestións que se poidan mellorar, pero non, aquí como sempre o único é o ataque ao Partido Popular, ás reformas do goberno de España e o ataque ás institucións onde non goberna o Partido Socialista.

A min sorpréndeme tremendamente o ataque sempre do Bloque Nacionalista Galego ás Deputacións, pero a pregunta é por que en Lugo gobernan ou cogobernan co Partido Socialista? A pregunta é moi sinxela, se non están de acordo coas Deputacións o lóxico é que, por coherencia, non gobernasen na Deputación de Lugo e deixasen paso ao Partido Socialista para gobernar en minoría pero darlle o

apoio correspondente, pero non, forman parte dos órganos de goberno, teñen tódalas atribucións e retribucións que corresponden a cada un dos deputados, coherencia, señores do Bloque Nacionalista Galego porque senón vostedes ante a opinión pública non poden defender a postura que están a defender.

Con respecto á reforma da Administración Local, Sr. Font, vostedes gobernaron en España os últimos oito anos, ata o ano 2011, e non foron capaces de facer esta reforma, nin de levala a cabo, nin de propoñela, a reforma da Administración Local é unha reforma necesaria, que todos estamos solicitando dende hai tempo, e creo que debería basearse en buscar a máxima eficacia das administracións, sobre todo da Local, máxima transparencia, un aforro que creo que si se pode acadar se se aglutinan e se suman á xestión de cada unha das administracións, e creo que tamén darlle unha certa calidade de prestación de servizos, profesionalidade e valoración deses servizos.

Eu creo que eses son obxectivos que se teñen que propoñer dende a Administración da Reforma local, vostedes saben tamén que ata agora o único que hai enriba da mesa é un borrador do Anteproxecto, que hai un período de audiencia para as Comunidades Autónomas e Federación de Municipios; logo haberá un anteproxecto que aprobará o Consello de Ministros, pasará ao Consello do Estado, ao Consello Nacional da Administración Local, ao Consello de Ministros de novo para que o proxecto sexa un proxecto de Lei, e a partir de aí a tramitación parlamentaria. Creo que hai tempo máis que suficiente para que tódolos representantes no Parlamento de España e tódalas administracións poidan facer as propostas que consideren oportunas para mellorar, como así xa se dixo dende o goberno de España, mellorar todas aquelas situacións ou aquela normativa que agora mesmo está aprobada nese borrador para entre todos ser capaces de que esta reforma da Administración Local poida dar os froitos que todos desexamos.

Eu creo que ese é o obxectivo que todos debemos acadar, por iso nós imos facer unha emenda a esta proposta que nós traen tanto o Bloque Nacionalista Galego como o Partido Socialista e sería a seguinte: *“Primeiro, instar ao Goberno Central para que o texto de reforma da Lei de Bases de Réxime Local sexa elaborado escoitando as propostas do Municipalismo, tanto as enunciadas dende a Federación Española de Municipios e Provincias, como daquelas emanadas dende a Federación Galega de Municipios e Provincias, en atención ás especificacións*

*propias da estrutura municipal galega.*

*Segundo, trasladar o citado acordo tanto ao Goberno de España como á FEMP e á Federación Galega de Municipios”.*

Parécenos que aí é onde se ten que debater esta cuestión, evidentemente que cada grupo pode presentar as súas propostas, emendas, suxestións, pero parécenos que sería oportuno que, tanto a través da Federación Española de Municipios como a través da Federación Galega de Municipios, se puidese debater tódalas propostas, suxestións e loxicamente trasladarllas ao Goberno de España, despois no Parlamento de España que se faga o debate correspondente onde están representados tódolos grupos políticos.

Nós é o que pretendemos con esta modernización da Administración Local, máxima eficacia, máxima transparencia, aforro e calidade na prestación dos servizos que, eu creo que, ten que ser o obxectivo fundamental que temos que acadar todos, sobre todo os que estamos na Administración Local e os que defendemos o municipalismo. Creo que estamos nun momento importante, nunha oportunidade que temos todos para que se poida levar a cabo esta modernización da Administración Local.

Polo tanto nós imos propoñer esta emenda, se a aceptan ben e senón, loxicamente, definiremos o noso voto que será negativo.

SR. LÓPEZ FONT: escoitar non é nada Sr. Figueroa, escoitar debe significar vontade política para cambiar o rumbo que vostedes queren darlle á reforma da Administración Local, esta é a realidade. escoitar, o que se propón dende a FEMP, o fixo reiteradamente o Alcalde desta cidade como Vicepresidente da FEMP ao pedirlle ao Sr. Montoro a retirada dos distintos anteproxectos para que a reforma se axustase ao que se necesita dende os concellos.

Fala vostede de sorprendese, o que me sorprende é que vostede implicitamente ou máis explicitamente este a favor desta Lei, cando no seu Partido Político está todo o mundo en contra desta Lei.

Que atacamos ás Deputacións? Non atacamos ás Deputacións, o que nos preocupa é que esta reforma significa unha concentración de poder nas Deputacións e xa vemos o que significan as Deputacións, e especialmente a de Pontevedra da que vostede é Vicepresidente, para esta cidade estámolo vendo continuamente, entón

cremos que isto é xustamente ao revés. Cremos que o Goberno do Partido Popular fixo un cálculo erróneo, o fácil é querer aforrarse unha cantidade e poñer en marcha unha serie de medidas que é o que vostedes levan pretendendo dende que goberna o Sr. Rajoy, que é privatizar servizos da Administración Pública.

Esta é a realidade, cando non hai aforro, cando non hai eficiencia, cando o que se pretende facer é unha centralización en vez dun apoio á Administración Local, do que se trata é de que haxa un gran acordo entre partidos políticos, que o goberno está a desoír porque o que vostede propón agora como emenda é o que non fixo durante todo este tempo. Estiveron a regaña dentes vendo un e outro proxecto para ao final levar o máis negativo. A realidade é que non supón aforro, supón privatizacións e é que se ten que facer caso á FEMP cando en todo este tempo está pedindo a retirada deste proxecto, cuestión que no fixo o goberno.

Teno vostede moi preto, Alcalde de Cangas *“quen deseñou esta reforma, non se decata moito”*, Alcalde do Partido Popular, Alcalde de Nigrán *“é un auténtico desastre para a autonomía local”*, o resumo de todo isto é o que dicía ao principio, o Sr. Montoro fronte a tódolos argumentos que lle deu o Sr. Abel Caballero dende a Vicepresidencia da Deputación, o único que conseguiu é a todo o mundo en contra, tódolos concellos e partidos políticos en contra. Polo tanto en vez de chamar ao diálogo do que se trata é de executar e de retirar este proxecto.

SRA. VELOSO RÍOS: Solucións e alternativas agardaba o Partido Popular e é o que está agardando a cidadanía do goberno da Xunta e do goberno do Estado, solucións e alternativas, non políticas para deixar á xente sen emprego, sen casa, sen servizos sociais, sen educación e sen servizos sanitarios. Iso non son solucións e alternativas, nós é o que estamos agardando do Partido Popular.

Nós somos coherentes co sistema democrático do que participamos, presentámonos lexitimamente ás eleccións democráticas, obtemos representación nas institucións e somos coherentes e aplicamos as mesmas políticas esteamos nos gobernos ou nas oposicións, e pedimos a desaparición das Deputacións, de tódalas Deputacións, esteamos gobernando ou na oposición.

Somos coherentes coa democracia, nós si somos coherentes, e non imos aceptar esa emenda, que como moito sería unha emenda de engadeda porque se queren vostedes escoitar, escoiten e retiren este Anteprojecto de Lei, é así de sinxelo, está

todo o mundo de acordo. A min gustarame ver como van facer os Alcaldes do Partido Popular si se aplica unha Lei como esta, cando teña que responder diante da cidadanía e diante dos veciños e veciñas por non poder ofrecerlles nada, absolutamente nada, por non ter servizos públicos que darlles, por cobrarlles por todo, eu quero ver como van responder os Alcaldes do Partido Popular, ao mellor igual que como están respondendo agora fronte aos afectados polas Preferentes, fronte ás persoas estafadas polas Preferentes. A min gustarame ver aos Alcaldes do Partido Popular, dende logo, como diría a miña aboa, “quérolles un recado”, porque non vai ser nada doado, cada vez e máis sangrante, máis difícil a situación da cidadanía e con isto o único que se vai facer é empeorar; e no noso país vai a empeorar en moitos concellos pequenos que van quedar de mans atadas e sen ningún tipo de recursos, con orzamentos absolutamente condicionados, controlados e dependentes dos servizos privatizados, esa é a situación na que nos imos atopar, e mentres a xente seguirá sen emprego, sen servizos sociais, sen educación e sen sanidade.

Esas son as solucións e alternativas que nós agardamos dos gobernos do Partido Popular e xa nos gustaría que nos escoitase, que o poñan por escrito nunha moción non nos vale, queremos que se escoite de verdade, que se retire este Anteproxecto de Lei, que se elabore unha Lei de financiamento local e que se nos dea recursos para atender ás demandas da cidadanía.

Nós imos manter a nosa moción tal e como a presentamos e así ímola someter a votación, tamén imos votar a moción do Partido Socialista e imos facelo a favor, e gustaríanos, se pode ser, facer esta proposta “in voce” que se engadise no último punto á Xunta do Goberno da FEMP e da FEGAMP que tamén se nomeou na exposición do debate da moción e por suposto non aceptamos a emenda do Partido Popular.

A PRESIDENCIA: Pasamos a votar as mocións nos textos iniciais non sendo aceptada a proposta de emenda do Grupo Popular. Na moción do BNG hai unha emenda “in voce” por parte de dona Iolanda Veloso que incluíríamos na votación global que fagamos desta proposta. Procedemos á votación.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal

do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada pola voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Ríos, instando a retirada do anteproxecto da Lei de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

**5.2(51).- MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO Á A RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEI DE RACIONALIZACIÓN E SUSTENTABILIDADE E ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 615/1101**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de febreiro, número 615/1101, o voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Desde fai un ano o Goberno veu anunciando a súa intención de modificar as bases xurídicas que regulan o funcionamento das Entidades Locais.

Alcaldes e concelleiros, de todos os partidos políticos, reivindicamos, desde fai anos, de forma unánime, a necesidade de actualizar as leis que regulan as competencias e o financiamento das entidades locais.

Agora, cando a sociedade nos demanda o acordo e o consenso en torno a calquera cambio do noso modelo de Estado, o Consello de Ministros iniciou a tramitación dun Anteproxecto de reforma local que pon en xaque os fundamentos do municipalismo



e con el, a base mesma dun modelo que garantiu a cohesión social do noso país durante os últimos 30 anos.

Todos somos conscientes da necesidade de aplicar o rigor, a austeridade e a eficiencia na administración dos recursos, pero en ningún caso, estes argumentos se poden utilizar como coartada para suprimilos ou encarecer servizos públicos. En lugar de asegurar os servizos mínimos que deben prestar os concellos faise que perigen seriamente.

Con esta reforma miles de Alcaldes e concelleiros, que foron elixidos polos cidadáns nas urnas para gobernar nos seus pobos e cidades, xa non serán os responsables á hora de tomar as decisións e xestionar os servizos que deberían prestar desde os seus Concellos.

Os concellos foron institucións crave durante a transición democrática, gobernar desde a proximidade e a proximidade, foi o aceno de identidade que facilitou a profunda transformación e modernización de España durante as últimas décadas. A proposta do Goberno de intervir e baleirar de competencias a unha gran maioría das Entidades Locais, pon en perigo e fai máis fráxil a nosa democracia.

Cando o Goberno redacta esta proposta faino desde un profundo descoñecemento do papel real que desempeña a estrutura municipal na vertebración de Estado. Parece ignorar que os servizos públicos, non se poden valorar exclusivamente por criterios económicos senón tamén deben avaliarse, con carácter prioritario, polo beneficio social que comportan aos seus usuarios, os cidadáns.

A garantía da cohesión social e territorial foi a base do noso modelo de Estado constitucional, o goberno local nos pequenos municipios (o 86,13%, isto é 6.796 concellos teñen menos de 5.000 habitantes) resultou unha eficaz forma de facilitar o exercicio dos dereitos dos nosos veciños, o acceso en condicións de igualdade a prestacións e servizos, non importando o lugar onde vivan, combatendo con iso a despoblación e o desarraigamento no medio rural e promovendo un desenvolvemento rural sostenible.

Desde o municipalismo viñemos reclamando unha reforma das Leis e do financiamento local que permitise ás entidades locais exercer as súas responsabilidades con competencias ben definidas e financiamento suficiente. Pois ben, lonxe de atender as demandas históricas de Alcaldes e Alcaldesas e de Federacións de Municipios, a proposta de reforma supón deslocalizar e afastar das súas destinatarios, os veciños, as competencias propias dos Concellos e prevén o traspaso de competencias e recursos financeiros, é dicir de recursos económicos ás Comunidades Autónomas e nos casos das competencias denominadas "competencias impropias" lonxe de asegurar a prestación dos servizos, serán suprimidas ao non ser prestadas por ningunha outra Administración. Por outra banda aqueles servizos que pasen á Deputación Provincial poderán ser privatizados co consiguiente aumento de taxas e prezos, que pagasen os cidadáns.

Outra das consecuencias máis alarmantes da aplicación desta Lei Local é que a través do desmantelamento do sector público local poñerán en perigo máis de

250.000 empregos públicos.

A modo de conclusión, a autonomía local está garantida pola nosa Constitución e pola Carta Europea como un dos principios que fundamentan a democracia, a cohesión e a vertebración social e territorial dun Estado descentralizado. Entre todos intentamos deseñar un modelo local capaz de dar máis e mellores servizos aos cidadáns, conformamos Gobernos Locais que son exemplos de participación, de integración e convivencia.

O compromiso cos nosos veciños e a nosa responsabilidade como gobernantes en Concellos, Deputacións, Consells e Cabildos esíxenos un pronunciamento claro en defensa dos Gobernos Locais.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

#### ACORDO

1.- Reafirmar a Autonomía Local e a transcendencia do papel dos Concellos na igualdade de oportunidades, a democracia e a cohesión social; elementos que permitiron vertebrar o territorio e prestar servizos esenciais e básicos, descentralizados e de proximidade para a cidadanía.

2.- Transmitir aos concellos e aos seus habitantes, especialmente dos municipios máis pequenos o noso apoio e recoñecemento polo labor que veñen realizando para manter vivo o territorio para toda a sociedade.

3.- Solicitar a retirada por parte do Goberno do Anteproxecto de Lei para a racionalización e sostenibilidade da Administración Local.

4. - Abrir un proceso de negociación con todos os grupos parlamentarios e coa FEMP que permita abordar a reforma das leis que regulan o mundo local garantindo a autonomía local e os dereitos sociais dos cidadáns.

5.- Dar traslado deste acordo ao Goberno de España, ao Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia, aos Grupos Políticos do Congreso e do Parlamento de Galicia e á Xunta de Goberno da FEMP.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 18 de marzo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

No transcurso do debate, a voceira do grupo político municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, presenta unha emenda “in voce” de engádeda, que é aceptada polo propoñente:

-No parágrafo 5 que se dea traslado tamén á FEGAMP.

VOTACIÓN E ACORDO: Con doce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, Regades Fernández, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e dúas abstencións dos concelleiros Sr. López Font e Rivas González ao non atoparse presentes no Salón de Sesiós no intre da votación (art. 100.1 R.D. 2568/1986),

ACORDASE:

Rexeitar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. López Font, instando a retirada do anteproxecto da Lei de racionalización e sustentatibilidade da Administración Local e acordos complementarios, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

**5.3(52).- MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA DEIXE DE PENALIZAR Á ÁREA SANITARIA DE VIGO E QUE A POBOACIÓN DAS ÁREAS SANITARIAS DE PONTEVEDRA E DO SALNÉS VOLVAN TER COMO REFERENCIA PARA CIRURXÍA CARDÍACA A UNIDADE DO MEIXOEIRO. EXPTE. 625/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de marzo, número 625/1101, o voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

No Pleno do día 25 de febreiro, este grupo Municipal Socialista presentou unha Moción para instar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a:

1. Que a poboación das Áreas sanitarias de Pontevedra e do Salnés volvan ter como referencia para cirurxía cardíaca a Unidade situada no Hospital de Meixoeiro.
2. Que se anule a diminución orzamentaria prevista para esta Unidade de Cirurxía Cardíaca e que se permita realizar polo menos o mesmo número de intervencións que as previstas para 2012.
3. Que ata o momento en que a Unidade de Cirurxía Cardíaca dispoña dos medios suficientes para atender á poboación do Sur de Galicia, increméntense e utilícense todos os recursos dispoñibles na Área Sanitaria de Vigo para dar resposta ás necesidades actuais de Cirurxía Cardíaca do Sur (Vigo, Pontevedra, Salnés) de Galicia.

Dita moción foi aprobada na sesión do 27 do mesmo mes, cos votos dos representantes deste grupo socialista e dos do BNG.

Malia que a Administración Galega e o Partido Popular manifestaron reiteradamente que se trataba dunha medida transitoria e que a situación revertería durante o ano 2013, en recente comparecencia da Conselleira de Sanidade no Parlamento de Galicia, ratificou o que este grupo municipal anunciou no Pleno, de que a Unidade de Cirurxía Cardíaca situada no Meixoeiro perdería definitivamente a poboación de 300.00 persoas correspondentes ás Áreas Sanitarias de Pontevedra e Salnés. Esta diminución da poboación asignada supoñerá un freo letal ás expectativas de desenvolvemento dunha das mellores Unidades de Cirurxía Cardíaca do Estado, un impedimento ao necesario e lexítimo progreso dos seus profesionais e unha nova perda para a área de Vigo, xa que a Unidade de Cirurxía Cardíaca, pola súa excelencia e pola súa transversalidade, supón un valor singular e engadido na asistencia do Área.

Unha perda que se une á próxima e xa anunciada retirada da mesma poboación e das mesmas áreas á Unidade de Fertilidade do Complexo Hospitalario de Vigo. E si a esta situación, engadímoslle o aumento das listas de espera, moi por encima dos datos publicados pola Consellería de Sanidade; a preocupante situación nos servizos de

urxencia, a pesar do gran esforzo dos seus profesionais; os problemas presentes e futuros derivados da elección do modelo de financiamento e construción do NHV; os recortes en recursos humanos e económicos dos centros sanitarios do Área, tanto en Primaria como Especializada, etc. Configuran un escenario no que se percibe unha actuación de abandono do Goberno da Xunta de Galicia ao Área Sanitaria de Vigo, a maior e con máis potencial de Galicia.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

#### ACORDO

Solicitar da Consellería de Sanidade:

1. Que a Xunta de Galicia deixe de penalizar ao Area Sanitaria de Vigo a conta

de beneficiar a outras Áreas de Sanitarias da Comunidade.

2. Que a poboación das Áreas sanitarias de Pontevedra e do Salnés volvan ter como referencia para cirurxía Cardíaca a Unidade situada no Hospital de Meixoeiro.
3. Que se anule a diminución orzamentaria prevista para esta Unidade de Cirurxía Cardíaca e que se permita realizar polo menos o mesmo número de intervencións que as previstas para 2012.
4. Que se mellore a dotación dos Servizos de Urgencia para adaptalos mellor á demanda en función das diferentes circunstancias epidemiolóxicas.
5. Que se proporcione á poboación datos reais e verificables sobre a situación das Listas de Espera. “

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 18 de marzo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: No Pleno do día 25 de febreiro este Grupo Municipal Socialista presentou unha moción para instar á Concellería de Sanidade da Xunta de Galicia a unha serie de resolucións que están recollidas na proposta, dita moción foi aprobada na sesión do 27 do mesmo mes, co voto dos representantes deste Grupo Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

A pesar de que a administración galega e o Partido Popular manifestaron reiteradamente que se trataba dunha medida transitoria e que a situación revertiría durante o ano 2013, en recente comparecencia da Conselleira de Sanidade no Parlamento de Galicia ratificou o que este Grupo Municipal anunciou no Pleno, de que a unidade de cirurxía cardíaca situada no Meixoeiro perdería definitivamente a poboación de 300.000 persoas correspondentes ás áreas sanitarias de Pontevedra e o Salnés.

Esta diminución da poboación asinada suporá un freo letal ás expectativas do desenvolvemento dunha das mellores unidades de cirurxía cardíaca do Estado, un impedimento ao necesario lexítimo progreso dos seus profesionais e unha nova perda para a área de Vigo, xa que a unidade de cirurxía cardíaca pola súa excelencia e pola súa transversalidade supón un valor singular e engadido para a asistencia na área sanitaria.

Unha perda que se une á próxima e anunciada retirada da mesma poboación e das

mesmas áreas da Unidade de Fecundación in Vitro do Complexo Hospitalario de Vigo, e se a esta situación lle engadimos o aumento das listas de espera e a súa ocultación, moi por riba dos datos publicados pola Consellería de Sanidade, a preocupante situación dos servizos de urxencia, a pesar do gran esforzo dos profesionais, os problemas presentes e futuros derivados da elección do modelo de financiamento e a construción do novo hospital de Vigo, os recortes en recursos humanos e económicos nos centros sanitarios da área, tanto en primaria como especializada, configuran un escenario no que se percibe unha actuación de abandono do goberno da Xunta de Galicia á área sanitaria de Vigo, a maior e con máis potencial de Galicia.

Por todo isto, no nome do Grupo Municipal Socialista, solicito ao Pleno deste Concello aprobe as seguintes propostas: Primeiro, que a Xunta de Galicia deixe de penalizar á área sanitaria de Vigo a conta de beneficiar outras áreas sanitarias da comunidade.

Segundo, que a poboación das áreas sanitarias de Pontevedra e do Salnés volvan a ter como referencia para cirurxía cardíaca á unidade situada no Hospital do Meixoeiro.

Terceiro, que se anule a diminución orzamentaria prevista para esta unidade de cirurxía cardíaca e que se permita realizar ao menos o mesmo número de intervencións que as previstas para o 2012.

Cuarto, que se mellore a dotación dos servizos de urxencia para adaptalos mellor á demanda en función das diferentes circunstancias epidemiolóxicas.

E Quinto, que se proporcione á poboación datos reais e verificables sobre a situación das listas de espera.

SR. ALONSO PÉREZ: Unha das características da cidadanía de Vigo é que somos xente reivindicativa, cando nos tratan de quitar dereitos o que facemos é organizarnos e mobilizarnos, e a Sanidade é un dereito.

A Sanidade Pública ten uns resultados excelentes e ademais cobre practicamente a toda a poboación, chega ata o 99,2% no ano 2010. A estratexia de privatización da Sanidade sempre foi perseguida polo neoliberalismo, e agora coa crise económica o que está facendo o Partido Popular é aproveitar esa crise para aplicar recortes e para privatizar, coas cales destrúe o sistema sanitario público.

O que queren está claro, queren facer da Sanidade un negocio, queren que haxa dúas Sanidades, unha para aqueles que a poden pagar e outra para os que non poden, de beneficencia.

Pero a xente xa o sabe, e a saúde como dereito cidadán, ven que está en perigo e saen a mobilizarse, ultimamente saen profesionais sanitarios, asociacións de veciños, veciños/as de tódalas cores, partidos políticos, sindicatos, votantes do Partido Socialista, votantes do Bloque Nacionalista Galego e tamén moitos votantes do Partido Popular. Están a saír á rúa porque ven o que está pasando, empezaron privatizando servizos non sanitarios como en Madrid e Valencia, logo acaban vendendo Hospitais completos, deixando os públicos para os servizos menos rendibles.

O Sr. Feijóo como presidente da Xunta de Galicia, vai nesa dirección, cada ano recorta orzamentos en Sanidade Pública Galega, no ano 2009 era de 3.767 millóns de euros, no ano 2013 xa son 3.400 millóns, cada ano diminúe a porcentaxe do gasto sanitario con respecto do PIB.

Os acordos do Partido Popular en Bruselas van forzar máis a redución orzamentaria para Sanidade e ampliar máis o copagamento, hoxe xa temos copagamento para farmacia, para transporte sanitario, para ortoprótese, para produtos dietéticos especiais e seguirán.

Podemos ademais preguntarnos por que en vez de aforrar mediante recortes sanitarios, non se recada máis mediante aumento dos impostos á rendas máis altas? A resposta é sinxela, o Partido Popular non o fai porque goberno para esa minoría de rendas altas.

Aquí en Vigo temos a experiencia do que está a acontecer co novo Hospital, vemos como a xestión do novo Hospital está recortando camas, está reducindo espazos de urxencias, sempre ca finalidade de abaratar o seu custe para a concesionaria. Ademais vemos como o que era un proxecto chave en man, comezar a pagar o canón cando entrara o primeiro paciente, agora resulta que é a Xunta a que tivo que pedir os créditos para a concesionaria, pedirlles a Europeos de Inversións e ao ICO, computando como déficit público, e o colmo é que así temos que pagar dúas veces, incumprindo a concesionaria o contrato polo que había que recuperar a concesión.

Agora xa irá alguén do Partido Popular dicindo que o Hospital é público, e a verdade

é que son obedientes e sempre o fan, mándanlle dicir que o Hospital é público e veñen aquí e o din. Fixeron o mesmo cando no Pleno do que comentaba o Sr. Rodríguez Escudero falaban de que o problema da cirurxía cardíaca era reducir o número de xente que estaba na zona de Vigo, que era unha cuestión temporal, transitoria porque era o que dicía a Conselleira logo viuse que non era unha cuestión transitoria.

Nós imos votar a favor da moción, pero solicitamos unha emenda de supresión da segunda frase do punto primeiro onde di “que a Xunta deixe de penalizar á área sanitaria de Vigo” ata aí estamos de acordo, pero solicitamos a supresión da segunda parte onde di “a conta de beneficiar as outras áreas sanitarias da comunidade” porque en política sanitaria non é certo que a Xunta este beneficiando outras áreas da comunidade, vese como existen plataformas SOS de Sanidade Pública en tódalas comarcas do país, aprobamos o que refire á cirurxía cardíaca pero cando se refire á Sanidade globalmente non estamos de acordo na segunda parte do punto primeiro.

SRA. CENDÓN ALONSO: Reincidimos hoxe no tema da planificación sanitaria de Galicia dende o Concello de Vigo e, outra vez, volvemos pretender decidir onde van ser intervidos de cirurxía cardíaca os pacientes da área norte de Pontevedra e do Salnés.

Explicábao hai menos dun mes neste Pleno, que en Galicia hai tres hospitais que practican cirurxía cardíaca, tres unidades de cirurxía cardíaca: A Coruña, o Universitario de Santiago e a empresa Galaria coopera aquí en Vigo.

Cun franco desequilibrio na poboación asignada que levaba a que na cidade de Vigo tiveramos as listas máis elevadas e, non só iso, os tempos de espera máis longos de toda a Comunidade, por isto fíxose un reequilibrio destas áreas e asignouse a área sanitaria de Pontevedra Norte e do Salnés á de Santiago, porque está máis preto das súas casas, era o que eles querían e o que demandaba o xerente desa área sanitaria.

Somos nós, neste Concello de Vigo, os que temos que decidir onde van ser intervidos os pacientes do Salnés? Eles xa o decidiron, o Partido Popular avoga porque a decisión a tomen os usuarios ben informados, pero é que o máis grave disto é que con esta medida conseguíuse que tódolos cidadáns de Vigo sexan



operados na súa cidade e con menos tempos de espera. Agora o que queremos é volver a que os cidadáns de Vigo esperen máis.

Ademais é que xa se utilizaban os recursos privados, os cidadáns de Vigo estaban sendo derivados a recursos privados porque a unidade non ten capacidade, nin a vai ter de momento para operar máis, estaba asumindo os pacientes do Barco de Valdeorras, de Verín, de Ourense, do Salnés, de Pontevedra e de Vigo, estes pacientes retiráronse e agora os cidadáns de Vigo esperan menos.

O que máis me sorprende é a incoherencia do Bloque Nacionalista Galego porque ven aquí a dicir que o Partido Popular privatiza a Sanidade e eles apoian unha moción onde o Sr. Rodríguez Escudero propoñía alugar recursos privados, quirófanos en centros privados e eles van e o apoian, os que non queren privatizar a Sanidade, iso claramente é privatizar. Eu doume por satisfeita con que os cidadáns de Vigo esperen menos.

Unha cousa que me sorprende aínda máis, o Sr. Rodríguez Escudero dicía que sobran servizos en Galicia, tres son demasiados, pretendía pechar recursos. Eu preguntolle cal servizo de cirurxía cardíaca quere pechar? O de Santiago que é o máis antigo da Comunidade Autónoma, o que me formou a min na carreira, non sei vostede porque estudou antes, pero a min déronme clases os cirurxiáns cardíacos da Unidade de Santiago. Quere pechar A Coruña, o primeiro que practicou un transplante cardíaco ou realmente quere pechar Vigo?, que quere facer cos empregados públicos que están nesas unidades, cos cirurxiáns cardíacos? A onde os vai mandar? Vaino ter que explicar aquí.

Acórdome da canción “Cuanto hemos cambiamos”, lémbrese desa canción, era de Presuntos Implicados, Sr. Rodríguez Escudero, bastante cambiamos a Sanidade cando hai poucos anos pedíamos recursos e agora resulta que o que pedimos é pechalos.

Respecto a Urxencias, non ten nin pes ni cabeza a petición, esta é a tendencia dos servizos de Urxencias un claro descenso, os recursos son suficientes o que non hai é camas Sr. Rodríguez Escudero.

As listas de espera publícanse con transparencia, están colgadas na web e senón solicite ós servizos de Inspección Sanitaria que faga auditorías. Cando vostede estaba no Servizo Galego de Saúde ao fronte, o Sr. Touriño admite, o día despois de negalo, a existencia de listas de espera pechadas, a Xunta recoñece problemas

para dar citas ao menos en cinco servizos, a Sanidade Pública afunde a credibilidade do Sr. Touriño, listas pechadas en CardioloXía, o Sr. Feijóo denuncia que seguen pechadas as listas, Hospitais do SERGAS negan citas aos pacientes porque están desbordados, esta é a súa xestión ó fronte do Servizo Galego de Saúde.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Creo que de novo vou ter que lembrar aquí criterios de planificación que non se utilizaron pola compañeira do Grupo Popular e creo que teño que utilízalos.

En Galicia, segundo os criterios do propio Ministerio, non hai sitio para máis de dous servizos de cirurxía cardíaca, vostede non sabe máis que o Ministerio de Sanidade, nin que a Sociedade de CardioloXía Británica, nin que a Sociedade Americana de CardioloXía onde os criterios para un servizo de cirurxía de cardíaca son de 1,2 millóns, 1,5 ou 2 millóns segundo que sociedade, pero mínimo un 1,2 millóns de habitantes.

En segundo lugar, en nunca falei de pechar nada, xamais, polo tanto, mente outra vez neste Pleno, e isto é grave porque en dous Plenos consecutivos vostede está mentindo, como dixó que o servizo de cirurxía era transitorio que se trasladase esa poboación a Santiago, mentira, a súa conselleira desmentiu categoricamente, póñase de acordo e infórmese a que veu vostede a este Pleno.

En terceiro lugar, fala de listas de espera, vostede non se decata da lista de espera que hai aquí e volve dar os datos da lista de espera porque ou nos os ten, seguramente que non os ten, ou os oculta. Sabe cal é a lista de espera real nesta área sanitaria? 18.608 persoas en lista de espera. Sabe canto era a lista de espera no ano 2009? 11.922, e ademais as listas de espera ocultas naquel momento publicábanse no Parlamento, aquí os ten, datos da comparecencia da Conselleira no Parlamento, polo tanto mentiu vostede. Hai máis dun 50% máis de lista de espera real dende que vostedes colleron o goberno nesta área sanitaria. Antes os datos auditábanse pola inspección, agora non. Houbo dúas auditorías no ano 2009, agora non, agora os ocultan e enriba veñen aquí con mentiras, aquí están os datos: 18.608 pacientes en lista de espera, fronte a 11.902, ademais rétolle a que me demostre que é incerto, porque os datos os teño eu. Creo que quedaron en evidencia as mentiras da compañeira.

Non se pode vir defender unha moción mentindo reiteradamente, fai falla polo menos ter a humildade e coñecemento para levala a cabo.

No transcurso do debate, o concelleiro do grupo político municipal do BNG, Sr. Alonso Pérez, presenta unha emenda “in voce” de supresión:

-Suprimir a segunda parte do parágrafo 1 “a conta de beneficiar a outras áreas sanitarias da Comunidade”.

*Ao ser aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. Rodríguez Escudero, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.*

VOTACIÓN DA EMENDA: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, acórdase aceptar a emenda de supresión.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACORDASE:

Aprobar a moción presentada polo voceiro do grupo político municipal do PSdeG-PSOE, co seguinte texto:

Solicitar da Consellería de Sanidade:

1. Que a Xunta de Galicia deixe de penalizar ao Area Sanitaria de Vigo.
2. Que a poboación das Áreas sanitarias de Pontevedra e do Salnés volvan ter como referencia para cirurxía Cardíaca a Unidade situada no Hospital de Meixoeiro.
3. Que se anule a diminución orzamentaria prevista para esta Unidade de Cirurxía Cardíaca e que se permita realizar polo menos o mesmo número de intervencións que as previstas para 2012.
4. Que se mellore a dotación dos Servizos de Urgencia para adaptalos mellor á demanda en función das diferentes circunstancias epidemiolóxicas.
5. Que se proporcione á poboación datos reais e verificables sobre a situación das Listas de Espera.

**5.4(53).- MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL SOCIALISTA, REXEITANDO OS RECORTES QUE SOFREN OS COMEDORES DAS ESCOLAS PÚBLICAS DE VIGO, E INSTANDO ESIXIR Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN O MANTEMENTO DOS FONDOS DESTINADOS A COMEDORES. EXPTE. 626/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de marzo, número 626/1101, o voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Os comedores escolares son un servizo complementario que resulta de gran utilidade aos pais e nais para axudarlles a conciliar a vida laboral e familiar.

Son ademais unha peza importante en tódalas medidas dirixidas a mellorar os hábitos alimenticios das nenas e nenos ao permitir unha dieta equilibrada e sa, imprescindible como medida preventiva de enfermidades futuras e problemas de saúde como a obesidade.

Este servizo pon en valor a función pedagóxica da aprendizaxe desta función social, ademais de axudar a paliar as graves dificultades polas que pasa unha gran parte da sociedade viguesa dentro do contexto actual de precariedade na que viven moitas das familias do alumnado en idade escolar.

A escola pública debe garantir este servizo complementario ao da educación que asegure a igualdade de oportunidades e prestacións no ensino.

Os comedores escolares chegan a ser tan imprescindibles na nosa sociedade, que nesta cidade, para paliar a falta dunha xestión administrativa dos mesmos pola Consellería de Educación, son postos en funcionamento en Vigo pola Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais, FOANPAS, en 31 colexios públicos da cidade sumándose así os 17 que dependen directamente da Consellería. A labor desempeñada por FOANPAS dende fai 13 anos é un exemplo de xestión e capacidade organizativa sen precedentes. Cada curso aumentan de xeito considerable o número de comensais.

Dende o Concello coñecemos a realidade diaria do alumnado da nosa cidade e somos conscientes da diminución de recursos das familias. Esta diminución de recursos está a afectar a tódolos ámbitos da vida do alumnado facéndose xa patente, en moitos casos, no alimenticio.

E xusto nesta situación, e despois de que o curso pasado os comedores escolares das escolas públicas de Vigo xestionadas por FOANPAS, sufriran uns recortes de máis dun 60 % no orzamento con respecto ao curso anterior, a Xunta de Galicia anuncia nestes momentos a reforma do sistema de copago de comedores escolares.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

#### ACORDO

- O rexeitamento contundente dos recortes que sofren os comedores escolares das escolas públicas de Vigo.
- Esixir da Consellería de Educación, e por ende, do presidente da Xunta de Galicia, o mantemento dos fondos destinados a comedores e polo tanto a retirada da medida."

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión do 18 de marzo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-SRA. ALONSO SUÁREZ: A Xunta de Galicia ven de anunciar hai uns días a

reforma do sistema de copagamento de comedores escolares, que os comedores escolares son importantes non debe ser posto en dúbida. Primeiro, porque é un servizo complementario que resulta de gran utilidade aos pais e ás nais para axudarlles a conciliar a vida laboral e familiar.

Segundo, porque son ademais unha peza importante en tódalas medidas dirixidas a mellorar os hábitos alimenticios das nenas e dos nenos ó permitir unha dieta equilibrada e sá, imprescindible como medida preventiva de enfermidades futuras e de problemas de saúde.

Porque ademais este servizo ten unha función pedagóxica de aprendizaxe e, sobre todo, porque ademais axuda a paliar as graves dificultades polas que pasa unha gran parte da sociedade viguesa, dentro deste contexto actual de precariedade na que viven moitas das familias do alumnado en idade escolar.

Que as escolas públicas garantan este servizo complementario, o da educación, e imprescindible para asegurar a igualdade de oportunidades e de prestacións no ensino. O ensino público é o equilibrador de desigualdades, plural e integrador.

Para demostrar que é un servizo moi demandado e necesario soamente fai falla ver as cifras, en Vigo neste curso hai corenta e tres centros de primaria e sete escolas infantís públicas, por certo, despois do peche o ano pasado de dúas escolas infantís e un colexio de primaria por parte da Xunta.

Destes dezasete centros son xestionados pola Xunta, oito con cociña e nove con catering e o resto, trinta e un, son xestionados por FOAMPAS que, dende hai trece anos, a través dun servizo de catering, está dando nesta cidade un exemplo de xestión e de capacidade organizativa sen precedentes, contando coa voluntariedade de moitos pais e nais desta cidade.

Cada curso os comensais aumentan de xeito considerable, neste momento son preto de 5.400 diarios e non son máis, simplemente, pola escaseza de espazo nos comedores, e iso que hai centros que fan dobre ou incluso triple quenda. Uns comedores, por certo, nos que este Concello investiu en catro anos preto de 400.000 euros, case igual cos 180.000 que reduciu a Xunta na subvención á FOAMPAS o curso pasado, e que foron asumidos por este Concello nun compromiso do Alcalde. Probablemente teñamos que centrarnos en que significa esta medida, e sobre todo, porque parecer ser que dende a Xunta de Galicia non entenden a alarma que se creou polo establecemento deste copago nos comedores escolares.

Pois significa, segundo as mesmas declaracións do Conselleiro Sr. Xesús Vázquez anunciou no Parlamento, que a porcentaxe de alumnado que comerá gratuitamente nos colexios baixará 30 puntos, ou sexa que 20.000 nenos e nenas que neste curso non pagan o próximo terano que facer. Na nosa cidade hai 3.000 afectados directamente que comen nos comedores xestionados pola Xunta.

Segundo, porque esta medida significa que o prezo dos menús encarecerase un 40%, e segundo o Presidente da Xunta non hai recortes en Educación en Galicia, pois a min que me expliquen como se chama reducir o profesorado no ensino público, suprimir máis de trescentas unidades nos centros educativos, pechar corenta e seis escolas, reducir o orzamento de Educación en catrocentos millóns en só catro anos, recortar en máis dun 20% os gastos de funcionamento de 21 centros de ensino secundario ou incrementar as taxas nas ensinanzas artísticas e de idiomas ata un 50%. Gobernar é elixir, e achacar as decisións ao inevitable ou aproveitar para agudizar a diferenza entre as clases sociais, é elixir unha política e unha ideoloxía que este país nin quere, nin merece.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Efectivamente Sra. Concelleira, gobernar é elixir e eu, permítame que lle engada, priorizar, fundamentalmente sobre o que queremos que unha acción de goberno incida sobre a cidadanía.

Imos a apoiar, por suposto, esta moción do Partido Socialista ao igual que o vimos facendo coas nosas interpelacións e iniciativas nos distintos parlamentos, sobre todo no Parlamento Galego, onde o voceiro do Sistema Educativo, do Bloque Nacionalista Galego ten xa presentado varias interpelacións tendentes a eliminar este copagamento.

Miren Sres. do Partido Popular hai corenta anos existían en algúns centros privados, case todos eles de ámbito relixioso, a figura dos alumnos becados ou tamén chamados alumnos gratuítos, de familias que non tiñan nada e que se lles permitía a un ou dous por cada colexio para que puideran estudar nas Teresianas e noutros sitios. Naqueles casos mesmo chegábase a separar a estes alumnos/as no propio patio de recreo e incluso os outros rapaces chamábanlle así “estes son os becados ou os gratuítos”.

Miren vostedes o que avanza a sociedade galega, cando é gobernada por vostedes, que volvemos a esa época, non é nada de risa este tema, volvemos á época onde

nenos en centros públicos van a chamar a outros “estes son os nenos do tupper”. Por qué? Porque un goberno despiadado coas necesidades máis elementais que pode ter un neno que é a de comer, o vai permitir. Un goberno despiadado que vai permitir que nos centros públicos da nosa cidade haxa nenos de primeira e de segunda categoría, e que ademais se lle reclúa noutros espazos, que nin sequera poidan comer cos seus compañeiros, gustaríame saber que farían vostedes si un fillo seu é apartado a un lugar distinto dentro dun centro público? Gustaríame saber que farían vostedes como pais e como nais.

O Partido Popular ven de debater, unha e outra vez, precisamente nos sectores máis febles, fixérono cos traballadores/as, estano a facer cos doentes do noso país, estano a facer cos dependentes, coas mulleres, cos mozos aos que obrigan a emigrar e agora faltáballes precisamente tamén facelo cos nenos. E que é acaso un privilexio que unha familia, que gane máis de 1000 euros, que seu fixo ou súa filla poida comer gratuitamente nun centro escolar para que poida recibir a educación sanitaria alimenticia, como explicaba a Concelleira, que precise? E que iso é un privilexio? E que non hai cartos para os comedores escolares pero si os hai para darlle tres millóns de euros á centros privados do Opus Dei que segregan á nenos e nenas, que diferencian a educación destes? Tres millóns de euros e non hai para comer, este é un tema moi serio.

Estamos de acordo co Sr. Alcalde que en Vigo non debe quedar nin un só neno sen bolsa de comedor, para iso Sr. Alcalde estes, do Bloque Nacionalista Galego, que vostede dicía da Idade Media, permitimos que vostede agora teña máis de un millón de euros para poder gastar nos comedores escolares.

Quero rematar xa ofrecéndolle un agasallo aos nembros do Partido Popular, imos deixarlle este tupper para que vostedes experimenten, si queren hoxe neste Concello, o que significa ter que levar a un sitio, como un centro público, un tupper e comer separados do resto dos compañeiros.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Non me da vergoña comer de tupper, de feito, ás veces, aquí no Concello como de tupper sen ningún tipo de vergoña, o que me avergoña é a hipocrisía política na que estamos metidos de verdade.

Pregúntolle a don Xabier Alonso, representante do Bloque Nacionalista Galego neste Pleno, que acaba de dicir hai quince ou vinte minutos que en Sanidade



paguen os ricos pero en Educación non, vaia, vaia.

Esta moción que presenta o Partido Socialista ante o Pleno é o maior exercicio de irresponsabilidade política e de abafadora hipocrisía social, vostedes inventaron e impuxeron o copagamento nos comedores escolares, lémbrollo Sra. Alonso Suárez, a Conselleira chamábase dona Laura Sánchez Piñón e o BNG era o seu socio de goberno ou mellor dito “os amantes pasaxeiros”, vostedes amparábanse baixo a incongruencia e a pretendida superioridade moral da que cren gozar os Socialistas, e lévalles á arrogancia máis inusual nun Estado de Dereito.

Vostedes non critican as medidas do goberno de don Alberto Núñez Feijóo porque pensen que son negativas, vostedes as critican porque son persoas do Partido Popular as que gobernan, porque criminalizan os seus votantes, os seus militantes e os seus representantes políticos, ampáranse baixo o falso paraugas da esquerda, e creo sinceramente que vostedes só son zurdos. Para vostedes a educación é un instrumento que ademais roza o desequilibrio da igualdade entre as persoas, lémbrolles, hipócritas, que os nenos/as do Colexio Altamar comen amontoados por culpa dunha decisión do Alcalde de Vigo de non ceder uns terreos que un día prometeu cedelos e cando á Xunta de Galicia chegou o goberno do Sr. Núñez puxo na mesa os orzamentos para construír un novo colexio, pero aquel día non debeu levantarse ben ou almorzar ben, ou moi mal, porque decidiu non ceder nin nos terreos, nin nas súas promesas.

De verdade interésalle a Educación ou é un arma electoralista barata e cruel? Por non falar do abandono da Escola de Artes e Oficios, de non axudar ós mozos na formación.

Nos momentos decisivos non caben as mesquindades nin os intereses de cada un, o Partido Socialista inmerso nunha profunda e interminable crise non é capaz de presentar ningunha alternativa e só se suma a tódalas propostas. Fíxense que vostedes falaban tanto do Sr. Hollange e onte o globo de Hollange desinchábase só dez meses no poder, un dos gobernos de Europa, segundo a Comunidade Económica Europea, a Comisión de Educación, que máis recortou en educación, pono o xornal O País, e tamén pon que a crise golpea os orzamentos educativos de toda Europa, pero recoñece o propio xornal que España figura no grupo dos que reduciron moderadamente esta partida.

Teño que lembrarlles que esta medida vai supoñer que os que teñen máis poidan

pagar e os que teñen menos ou non teñen nada, non paguen nada. Co cal fixemos moito máis realista e moito máis próxima a realidade social. Esta medida vai supoñer, que o final da lexislatura, haxa 11.000 prazas máis de comedores escolares gratuítas máis que no goberno do bipartito. Familias con menos ingresos, é unha medida equitativa e social que ven a poñer solución a un copagamento instaurado polo bipartito, lémbroo de novo que non era xusto para as familias que menos ingresos teñen. O novo sistema de prezos nos comedores escolares é máis equitativo e está pensado para tratar tódolos usuarios en base ás posibilidades económicas de cada un, as rendas máis baixas van ter garantida a gratuidade total. Neste momentos de crise económica é necesario que quen máis ten, colabore para que as familias con menos ingresos poidan seguir tendo este servizo gratis. Aquí están tódolos cadros publicados no DOGA dos novos prezos, hoxe por hoxe, lémbrolle Sra. Alonso Suárez, que a Consellería dará comidas a máis de 57.000 comensais pero pola súa parte as ANPAS, as asociacións de nais e pais, xestionan comedores nos que se dan comidas a 11.600 comensales.

SRA. ALONSO SÚAREZ: Eu penso que aquí simplemente estamos a falar de política, estamos a falar de que opción política e de que ideoloxía hai que facer neste país, porque cando o Partido Popular está tomando estas medidas o único que está penalizando é que se escolla a opción polo ensino público, que se recorten dereitos, que se desmantele este ensino incrementando as desigualdades sociais.

Porque é verdade que haxa que priorizar e aquí priorízase deste xeito, subvencionando eses centros que se comentaba, pero tamén subvencionando o ensino privado concertado con douscentos corenta millóns de euros anuais, ou para darlle douscentos mil euros extras destinados a servizos que non teñen os centros públicos.

Polo contrario neste Concello, co seu Alcalde comprometeuse a cubrir tódolos estes recortes en comedores, e como se comprometeu? Porque no 2013 dánse preto de catro mil axudas, e adicando case un 1.700.000 euros, é case o mesmo. O Presidente da Xunta esquece unha cousa, que detrás dos números, das cifras, dos recortes, hai persoas e hai persoas sen traballo, sen posibilidades de afrontar o pago da hipoteca da súa vivenda, sen bolsa de estudos, sen aforros. O Partido Popular di que non hai de onde sacar, quizás debería escoitar, non oír, o que a

oposición moitas veces lle suscitou, propostas neste sentido, pero sobre todo o que debería escoitar é ás galegas/os que lle están a dicir tódolos días que están fartos de que sempre paguen os mesmos.

Neste momento, eu síntome totalmente orgullosa de formar parte dun goberno que defende os intereses dos seus cidadáns, que traballa para evitar segregacións e discriminacións de calquera tipo, que emprega os seus recursos en políticas sociais. Creo firmemente que esta cidade e este país esixe e merece unha política que teña en conta as persoas, e que, máis que nunca, defenda a igualdade de oportunidades entre toda a cidadanía. Iso é o que simplemente defendemos e imos a loitar.

**VOTACIÓN E ACORDO:** Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

**ACORDASE:**

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. López Font, rexeitando os recortes nos comedores das escolas públicas, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

## **6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URGENTES.**

**6.1(54).- REGULAMENTO DE SERVICIOS DOS CENTROS DEPORTIVOS MUNICIPAIS XESTIONADOS MEDIANTE CONCESIÓN DE SERVICIOS PÚBLICOS. EXPTE. 12031/333 (628/1101).**

A PRESIDENCIA: Traemos como asunto urxente a aprobación inicial do informe proposta para a aprobación do Proxecto de regulamento de servizos do Centros Municipais xestionados mediante concesión de servizos públicos que, previamente, foi falado cos efectos da súa inclusión como asunto urxente cos tres grupos do Pleno. Se lles parece votamos primeiro a urxencia e despois votamos o texto; quenda de intervencións: Bloque Nacionalista Galego, Grupo Socialista.

VOTACIÓN DA URXENCIA: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito, acórdase aprobar a urxencia do asunto.

ANTECEDENTES.- Con data 27 de febreiro de 2013, o director deportivo xefe da Unidade Técnica co conforme do concelleiro delegado de Deportes, emite o seguinte informe proposta:

#### “ANTECEDENTES

1.- O Pleno do Concello de Vigo en sesión ordinaria do 26 de novembro de 2012, aprobou entre outros asuntos e con referencia a este expediente a determinación da forma de xestión do servizo público para o proxecto do novo complexo deportivo de Navia, segundo o expediente número 11743/333. O acordo plenario, declara expresamente que a actividade das instalacións deportivas dentro do “Novo Complexo Deportivo de Navia” é asumida pola Administración municipal do Concello de Vigo como servizo público municipal, determinando que a forma de xestión do servizo público denominado “Novo Complexo Deportivo de Navia”, integrado por actuacións de nova construción consistentes nun centro de auga con piscina, ximnasios, zonas deportivas exteriores e aparcamento, se realizará mediante xestión indirecta a través de un contrato administrativo de xestión de servizos públicos e baixo a modalidade de concesión de servizos públicos con execución de obra.

2.- Así mesmo en dito acordo se insta a Concellería delegada de Deportes á realización das actuacións previas co obxecto de establecer o réxime xurídico básico dos servizos públicos municipais que se desenvolven e prestan en piscinas, pavillóns e outras instalacións deportivas, polo cal se procede neste expediente á tramitación para a súa aprobación plenaria do correspondente “Regulamento de servizos dos centros deportivos municipais xestionados mediante concesión de servizos públicos” que será de aplicación ao procedemento en tramitación para a contratación da xestión de servizos públicos con execución de obra, a través da modalidade de concesión, para o novo centro deportivo municipal de Navia.

3.- O Secretario Xeral do Pleno emite informe con data 8 de novembro (unido ao expediente 11743/333) sobre a determinación da forma de xestión de servizo público para esta nova instalación, no que indica a conveniencia de que, con anterioridade á aprobación do expediente de contratación do novo centro deportivo municipal de Navia, se tramiten e aproben polo Pleno do Concello, unhas normas xerais para o uso deste tipo de instalacións deportivas.

4.- Estas normas xerais intégranse na documentación preparatoria propia dos expedientes dos contratos de xestión de servizos públicos.

5.- En consecuencia, por este servizo, elaborouse un anteproxecto de regulamento co contido que se describe e ordena baixo o seguinte:

ÍNDICE:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

TÍTULO I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

TÍTULO II. DOS CENTROS DEPORTIVOS MUNICIPAIS.

Artigo 2. Concepto de Centro Deportivo Municipal.

Artigo 3. Cualificación xurídica dos bens destinados ao servizo público dos Centros Deportivos Municipais.

Artigo 4. Uso deportivo e non deportivo dos Centros Deportivos Municipais.

Artigo 5. Tarifas.

TÍTULO III. DEREITOS E OBRIGACIÓNS XERAIS DAS PERSOAS USUARIAS

Artigo 6. Persoas usuarias.

Artigo 7. Dereitos das persoas usuarias.

Artigo 8. Obrigas das persoas usuarias.

Artigo 9. Perda da condición de persoa usuaria.

Artigo 10. Medidas para o restablecemento, boa orde e funcionamento do servizo.

Artigo 11. Responsabilidades.

TÍTULO IV . INFORMACION E COMUNICACION

Artigo 12. Información xeral.

Artigo 13. Documentos de consulta.

Artigo 14. Persoal.

Artigo 15. Reclamacións e Suxestións.

Artigo 16. Calendario e horarios de servizo.

TÍTULO V. ACCESO ÁS INSTALACIÓNS

CAPÍTULO I. Condicións de acceso

Artigo 17. Identificación das persoas usuarias.

Artigo 18. Formas de acceso.

Artigo 19. Acceso aos Centros Deportivos dos menores de idade.

Artigo 20. Accesibilidade para persoas con discapacidades.

Artigo 21. Límites de acceso por aforamento.

## CAPÍTULO II. Normas complementarias para o uso individual

Artigo 22. Recomendacións e normas complementarias para o uso individual.

## CAPÍTULO III. Normas complementarias para o uso de piscinas e zonas de auga.

Artigo 23. Recomendacións e normas de uso complementarias para o uso de piscinas e zonas de auga.

Artigo 24. Uso de vestiarios.

Artigo 25. Taquillas de uso individual.

Artigo 26. Límites de estancia nos recintos deportivos.

Artigo 27. Persoal Socorrista.

## CAPÍTULO IV. Normas complementarias para o uso de pistas de raqueta.

Artigo 28. Aluguer para uso individual de pistas de raqueta.

## CAPÍTULO V. Normas complementarias para os servizos de fitness e saúde.

Artigo 29. Servizos de Fitness e Saúde.

Artigo 30. Requisitos especiais de acceso.

Artigo 31. Normas de uso dos servizos de Fitness e Saúde.

## TITULO VI. RESERVA E USO DE ESPAZOS DEPORTIVOS POR PERSOAS XURIDICAS

Artigo 32. Reserva de espazos para persoas xurídicas.

Artigo 33. Reservas ordinarias de tempada deportiva ou curso escolar.

Artigo 34. Reserva para actividades extraordinarias.

Artigo 35. Suspensión, modificación ou anulación, extinción da reserva de uso.

## TITULO VII. IMAXE E PUBLICIDADE

Artigo 36. Logotipos e imaxe nas instalacións.

Artigo 37. Publicidade nos Centros Deportivos Municipais

## TITULO VIII. RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 38. Réxime Sancionador.

Artigo 39. Responsables.

Artigo 40. Procedemento e competencia.

Artigo 41. Infraccións.

Artigo 42. Sancións.

Artigo 43. Medidas cautelares.

DISPOSICIÓN ADICIONAL: Instrucións de funcionamento e xestión de cada Centro Deportivo Municipal.

DISPOSICIÓN FINAL: Entrada en vigor.

6.- O texto íntegro do anteproxecto elaborado é o que deseguido se transcribe:

ANTEPROXECTO DO REGULAMENTO DE SERVIZOS DOS CENTROS DEPORTIVOS MUNICIPAIS XESTIONADOS MEDIANTE CONCESIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A práctica do deporte na sociedade actual afronta o reto da transformación dunha actividade estritamente competitiva a unha actividade físico - deportiva complementaria e universal para o benestar e o tempo libre.

A motivación para a práctica do deporte experimentou un cambio importante nesta última década. Hoxe en día apréciase un incremento moi significativo do interese da poboación por aquelas actividades máis universais que están relacionadas directamente co benestar, a saúde, a integración, as relacións sociais etcétera.

Neste contexto, os proxectos de instalación dos novos centros deportivos municipais son unha parte esencial da rede de infraestruturas necesaria para garantir a prestación dos servizos deportivos municipais no ámbito das competencias que o municipio ten atribuídas de acordo cos artigos 25.2.m) e 26.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA) e artigo 8 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

A proposta deste proxecto de regulamento dítase en exercicio da potestade regulamentaria atribuída aos Concellos na esfera da súa competencia polos artigos 4.1a) da LBRL e 55 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local.

## TÍTULO I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

### Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

1.- O presente regulamento de servizos para os centros deportivos municipais xestionados a través de concesións de servizos públicos, ten por obxecto establecer as pautas básicas para a prestación dos servizos públicos deportivos, o establecemento do marco de dereitos e deberes das persoas usuarias, establecendo as normas xerais de aplicación ou funcionamento destas instalacións, así como diversos aspectos directamente vinculados ao uso e acceso das persoas físicas e xurídicas ás instalacións deportivas municipais xestionadas a través da concesión de xestión de servizos públicos.

2.- O contido deste regulamento será supletorio do establecido na regulación xeral e sectorial específica, vixente en cada momento e que resulte de aplicación a estas instalacións deportivas, e de maneira concreta aquelas que regulan as condicións hixiénico-sanitarias das piscinas municipais, a normativa de espectáculos e actividades recreativas, así como a normativa sectorial de consumidores e usuarios naquilo que resulte de aplicable.

3.- En todo caso, os Centros Deportivos Municipais obxecto deste regulamento, deberán cumprir coas normas urbanísticas, de seguridade e hixiene, ambientais, de accesibilidade e adaptación para persoas con diminucións ou discapacidades funcionais, así como a Normativa Básica de Instalacións Deportivas en materia de construción, uso e mantemento de instalacións e equipamento deportivo de acordo

coa Lei do Deporte de Galicia.

4.- Cando se realicen competicións oficiais, os Centros Deportivos Municipais deberán atender os regulamentos federativos de cada modalidade deportiva.

5.- Os responsables da xestión dos Centros Deportivos Municipais elaborarán as Instrucións de funcionamento e xestión para cada Centro a fin de completar, interpretar e aplicar o presente Regulamento en relación coas condicións específicas dos servizos que presta cada centro. Ditas Instrucións en ningún caso poderán ser contrarias ao establecido no presente Regulamento e demais normas de aplicación, e deberán contar coa conformidade pola Concellaría con competencia delegada nesta materia, previa a súa remisión para a aprobación polo órgano de contratación.

6.- Corresponderá á Concellaría delegada en materia de deportes, velar polo cumprimento do presente Regulamento. Para este fin, a entidade xestora do centro deportivo deberá dispor dun libro de incidencias para uso exclusivo municipal, no cal quedarán recollidas todas as inspeccións que se realicen por parte das persoas designadas para o efecto, especificando as observacións realizadas e indicando a data na que se produzan e do que deberá remitir información actualizada trimestralmente.

## TÍTULO II. DOS CENTROS DEPORTIVOS MUNICIPAIS.

Artigo 2. Concepto de Centro Deportivo Municipal.

1.- Os Centros Deportivos Municipais obxecto deste regulamento son instalacións multifacéticas pertencentes á Rede Básica de Instalacións Municipais. Prestan servizos polivalentes, cun ou máis espazos deportivos fisicamente continuos e con diferentes espazos e servizos auxiliares necesarios para o seu funcionamento, baixo unha unidade de xestión e con control de acceso das persoas usuarias.

2.- Desde o punto de vista das competencias deportivas municipais, os servizos que ofrecen os Centros Deportivos Municipais son:

a) Servizos básicos, conceptuados como prestacións básicas do sistema deportivo municipal: uso individual ou colectivo de espazos deportivos convencionais, tales como, salas para actividades dirixidas, piscinas e zonas de auga, salas de fitness, pistas cubertas e ao aire libre de raqueta e outras complementarias das anteriores.

b) Servizos complementarios, considerados prestacións complementarias do sistema deportivo municipal: uso individual ou colectivo de espazos e servizos deportivos de fitness e saúde, que comprenden programas de salas de máquinas e actividades dirixidas, balneario urbano, servizos de masaxe deportiva e outros complementarios.

Artigo 3. Cualificación xurídica dos bens destinados ao servizo público dos Centros



## Deportivos Municipais.

1.- De conformidade co establecido na normativa sobre bens das Entidades locais, os Centros Deportivos Municipais teñen a cualificación de bens de dominio público afectos á prestación do servizo público do deporte.

2.- Teñen a mesma cualificación os bens mobles afectados de forma permanente a calquera centro deportivo, tanto aqueles destinados especificamente á práctica deportiva como aqueloutros destinados ao mantemento das instalacións e equipamentos.

## Artigo 4. Uso deportivo e non deportivo dos Centros Deportivos Municipais.

1.- Nos termos previstos no presente Regulamento, os Centros Deportivos Municipais teñen como fin facilitar a práctica física e deportiva, as actividades de lecer e tempo libre, ensino, o desenvolvemento de programas de promoción, iniciación, adestramento ou competición deportiva ou exhibición das modalidades e/ou disciplinas para as que foron deseñados os seus espazos deportivos ou calquera outra actividade de características compatibles co deseño dos espazos e uso dos Centros.

2.- Para este fin, os Centros Deportivos Municipais estarán abertos ao público e poranse á disposición da cidadanía, tanto de maneira individual como de maneira colectiva, a través de todas as figuras asociativas dentro do deporte, así como dos centros docentes e, en xeral, persoas físicas ou xurídicas, que concerten ou accedan puntualmente á súa utilización nas condicións reguladas neste Regulamento.

3.- Mediante autorización dos órganos municipais competentes, os centros deportivos municipais poderán acoller actos non deportivos distintos dos establecidos no apartado anterior, así como actividades culturais ou sociais. Dita autorización axustarase á normativa específica na materia a que se refira a actividade a celebrar.

## Artigo 5. Tarifas.

As tarifas polo uso dos espazos e servizos dos centros deportivos municipais, así como os importes específicos das diversas modalidades das diferentes tarifas polo uso ou recepción dos servizos xestionados serán as fixadas no acordo de adxudicación do contrato ou, de ser o caso, as aprobadas polos órgano de contratación ou os órganos municipais que resulten competentes na materia.

## TITULO III. DEREITOS E OBRIGACIÓNS XERAIS DAS PERSOAS USUARIAS

## Artigo 6. Persoas usuarias.

1.- Poden ser persoas usuarias dos Centros Deportivos Municipais as persoas físicas ou xurídicas.

a) No caso das persoas físicas, a súa condición de usuarias derivarase do uso directo de espazos ou servizos a título individual ou ben participando de maneira colectiva en actividades dirixidas.

b) No caso das persoas xurídicas, a súa condición de usuarias derivarase da cesión ou aluguer de espazos ou servizos para o seu uso por un tempo determinado.

c) Tamén terán a consideración de persoas usuarias, as que realicen funcións de acompañante ou as que asistan como espectadoras nos usos en que se prevea asistencia de público.

2.- Nas Instrucións de funcionamento e xestión de cada centro deportivo definiranse, de acordo cos prezos e tarifas de aplicación, os distintos tipos de persoas usuarias en función dos diferentes servizos. Entre outras, poderán diferenciar abonados, cursillistas ou persoas usuarias libres.

#### Artigo 7. Dereitos das persoas usuarias.

Son dereitos dos usuarios e usuarias, sen prexuízo dos que lle correspondan de acordo coa normativa vixente de aplicación:

- a) Ser tratados con respecto e deferencia polo persoal que presta os seus servizos no Centro Deportivo Municipal.
- b) Usar as instalacións, mobiliario e equipamento deportivo en condicións adecuadas de seguridade, hixiene e funcionalidade.
- c) Participar na xestión, mediante a consulta sobre o seu grao de satisfacción sobre o servizo recibido, a través dun procedemento específico establecido polo órgano de xestión.
- d) Presentar e obter resposta ás queixas, suxestións ou reclamacións, a través dun procedemento específico que asegure o seu rexistro e seguimento.
- e) Ter información accesible e suficiente sobre as condicións de uso, tarifas ou prezos, actividades, programa de utilización e normas de uso dos centros deportivos.
- f) Exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos seus datos persoais, segundo o establecido na normativa de protección de datos de carácter persoal.
- g) Exercer o seu dereito sobre a devolución dun ingreso indebido a favor da entidade xestora do centro. A devolución deberá ser inmediata, una vez que se

comprobe o erro do cobro.

- h) Esixir o cumprimento do presente Regulamento e Instrucións de funcionamento e xestión de cada Centro Deportivo Municipal polos empregados e responsables da xestión dos Centros.
- i) Utilizar, de acordo coa normas de uso establecidas e previo pagamento das tarifas vixentes, todos os servizos que se presten nos diversos Centros Deportivos Municipais e as súas instalacións.
- j) Facer uso dos servizos e espazos complementarios como vestiarios, aseos etcétera nos termos previstos neste Regulamento e nas Instrucións de funcionamento e xestión de cada unha das instalacións.
- k) Atopar as instalacións, o mobiliario e o material deportivo en perfectas condicións de mantemento e uso.

#### Artigo 8. Obrigas das persoas usuarias.

Son obrigas dos usuarios e usuarias, sen prexuízo das que lle correspondan de acordo coa normativa vixente de aplicación:

- a) Cumprir e respectar as normas xerais contidas neste Regulamento e nas Instrucións de funcionamento e xestión de cada Centro Deportivo Municipal.
- b) Seguir as indicacións dos empregados e responsables dos Centros Deportivos.
- c) Utilizar as instalacións, material e mobiliario adecuadamente, evitando posibles deterioracións ou danos nas instalacións ou á saúde e dereitos doutras persoas usuarias.
- d) Gardar o debido respecto aos demais usuarios e usuarias e ao persoal das instalacións, así como atender en todo momento as indicacións do persoal dos Centros Deportivos que ten o labor de supervisar toda actividade que se realice no recinto e nas súas dependencias.
- e) Acceder á instalación para realizar a actividade con indumentaria deportiva completa, observándose especialmente a necesidade de calzado adecuado para cada pavimento. Esta norma rexe tamén para as actividades a realizar en pistas e instalacións ao aire libre.
- f) Abonar as tarifas establecidas, salvo os supostos de exención, redución ou bonificación, de acordo ao previsto na correspondente normativa e aos acordos que poida adoptar o órgano municipal competente.
- g) Presentar o carné, tarxeta, ou documento identificativo estipulado para acreditar a súa condición de usuaria, non podendo cedelo ou transmitilo a un terceiro.

- h) Facer uso dos espazos deportivos con reserva sen subarrendar, ceder, prestar ese dereito a terceiras persoas ou entidades sen autorización expresa.
- i) No caso de actividades organizadas por persoas xurídicas, estas deberán estar en posesión das autorizacións preceptivas esixibles, así como dos seguros de accidentes e responsabilidade civil para as actividades, e dos demais requisitos establecidos na normativa sectorial de aplicación.
- j) Os usuarios e usuarias destas instalacións serán responsables directos en caso de accidentes ou danos derivados do incumprimento por parte dos mesmos do presente regulamento, así como dos derivados dun comportamento negligente ou aquel producido por un mal uso das instalacións, equipamentos e servizos.

#### Artigo 9. Perda da condición de persoa usuaria.

1.- O incumprimento do establecido no presente Regulamento, en particular das obrigas que lle corresponden as persoas usuarias, poderá levar consigo a perda da devandita condición, coa consecuente obriga de abandono da instalación ou a prohibición de acceso aos Centros Deportivos Municipais nos termos previstos neste regulamento.

2.- Sen prexuízo do establecido no apartado anterior, serán motivos de baixa os seguintes:

- a) A falta de pagamento da cota correspondente nos prazos establecidos nas Instrucións de funcionamento e xestión de cada Centro Deportivo.
- b) Por prescrición médica nos caso en que se esixa como requisito previo a participar nun determinado programa deportivo.
- c) A falta de acreditación do pagamento correspondente á actividade deportiva de que se trate dentro dos prazos determinados nas Instrucións de funcionamento e xestión de cada Centro Deportivo.
- d) Por vontade do usuario, dentro dos prazos e condicións establecidos nas Instrucións do Centro correspondente.

3.- A perda de condición de usuario ou usuaria, por causas imputables exclusivamente a estes, non dará lugar á devolución do importe satisfeito polo uso da instalación deportiva municipal.

#### Artigo 10. Medidas para o restablecemento, boa orde e funcionamento do servizo.

1.- Os responsables das instalacións poderán adoptar medidas cautelares para restablecer a orde e funcionamento do servizo, sen prexuízo da instrución dos expedientes sancionadores que procedan.

2.- Poderán negar o acceso ou expulsar dunha instalación deportiva ás persoas

cuxas accións poñan en perigo a seguridade ou tranquilidade dos usuarios e usuarias e, en todo caso, aos que incorran nalgunha das seguintes condutas:

- a) Calquera infracción das normas que se conteñen neste Regulamento e nas Instrucións de funcionamento e xestión de cada Centro Deportivo que se refiran á utilización das instalacións. En tal sentido, valorarase no acto a situación concorrente, tendo en conta circunstancias como a gravidade da falta, o caso omiso ás advertencias para que se elimine esa infracción, o prexuízo manifesto e inmediato a outros usuarios e usuarias, reincidencia coñecida, e outras de índole semellante.
- b) A non posesión do carné, tarxeta, ou documento identificativo estipulado de acceso, incluíndo a utilización dunha instalación sen previa reserva, cando esta sexa obrigatoria.
- c) Realizar actos contrarios á convivencia social, hixiene ou outras condutas antisociais.
- d) A utilización do carné, tarxeta, ou documento identificativo estipulado que non sexan da súa titularidade. Neste caso, a expulsión da persoa usuaria irá acompañada da retirada, no mesmo intre, do carné, tarxeta, ou documento identificativo utilizado para acceder.

#### Artigo 11. Responsabilidades.

1.- As persoas usuarias asumirán a responsabilidade plena e directa dos danos e prexuízos polo uso que realicen das instalacións e serán responsables dos danos e lesións que ocasionen tanto ás instalacións como a terceiros.

2.- Con carácter exemplificativo, serán responsables as persoas usuarias nos supostos en que:

- a) As lesións derivadas da propia natureza de actividade físico-deportiva desenvolvidas nun contorno adecuado.
- b) Os accidentes ou danos derivados do incumprimento polas persoas usuarias deste regulamento ou das Instrucións de funcionamento e xestión de cada centro, ou aqueles derivados indirectamente dun comportamento negligente doutro usuario ou un mal uso das instalacións, equipamentos e servizos, sen prexuízo das accións entre os particulares (usuario danado e o que deu lugar ao dano co seu comportamento).

3.- A seguridade dos menores de idade é responsabilidade única dos pais ou das persoas adultas que os acompañen, que tamén serán responsables no caso de incumprimento por aqueles das normas de funcionamento das instalacións deportivas.

4.- As entidades adxudicatarias dos contratos de xestión de cada un dos Centros Deportivos serán responsables dos danos que se produzan nos Centros Deportivos Municipais e daqueles que se sexan consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo. Para iso disporá dun seguro de responsabilidade civil que cubra todos os supostos de responsabilidade.

5.- Nas competicións ou exhibición deportivas as entidades organizadoras ou, no seu caso, aquelas que efectuasen o aluguer do espazo deportivo, terán a consideración de responsables directos dos danos producidos por xogadores, equipos ou espectadores. Asemade, asumirán a responsabilidade civil que puidese derivarse das actuacións desenvolvidas.

6.- Non existirá ningunha responsabilidade nos casos de extravío, deterioro, ou furto de obxectos persoais, material deportivo, vestimenta etcétera producidos nas instalacións dos centros deportivos. Os obxectos perdidos ou extraviados gardaranse nos centros deportivos durante un máximo de tres meses, a excepción daqueles que por motivos hixiénicos ou de salubridade deban ser retirados ou reciclados con anterioridade.

#### TITULO IV . INFORMACION E COMUNICACION

Artigo 12. Información xeral.

En todos os Centros Deportivos Municipais figurará en lugar preferente, visible ao público e de forma lexible, a información sobre os seguintes extremos:

- a) Denominación do Centro Deportivo Municipal.
- b) Identificación do xestor ou adxudicatario da explotación.
- c) Nome do responsable designado polo adxudicatario da xestión do Centro Deportivo Municipal.
- d) Características técnicas da instalación e do seu equipamento incluíndo un directorio gráfico da instalación.
- e) Calendario de apertura e horario de funcionamento do centro e dos seus espazos.
- f) Aforamento máximo permitido nos espazos deportivos.
- g) Actividades físico - deportivas que se ofertan.
- h) Programa de Utilización.
- i) Tarifas dos distintos servizos ofertados.
- j) Síntese do Regulamento de Uso:

- Dereitos e obrigacións xerais dos usuarios e usuarias.
  - Normas de acceso das persoas físicas.
  - Faltas e sancións.
- k) Síntese das Instrucións de funcionamento e xestión dos diferentes espazos deportivos e no seu caso, aquelas consideradas básicas das normativas sectoriais de aplicación.
- l) Compromisos de calidade ou "Carta de Servizos" xerais ou específicas do Centro Deportivo Municipal.
- m) Datos e cocientes de Calidade de Servizo e cumprimento de parámetros que se establezan polo Concello ou por normativa en razón dos espazos deportivos ou actividades que se desenvolvan.
- n) Existencia dun procedementos de reclamacións, suxestións e queixas.
- o) Información e contacto da compañía aseguradora do xestor do servizo.

#### Artigo 13. Documentos de consulta.

Na recepción de cada Centro existirá a disposición das persoas usuarias un exemplar íntegro do presente Regulamento, das Instrucións de funcionamento e de xestión, do cadro de tarifas de aplicación no cal figure a data da aprobación, e do material divulgativo existente sobre o propio Centro Deportivo Municipal.

#### Artigo 14. Persoal.

Todo empregado que preste servizo nun Centro Deportivo Municipal estará correctamente identificado coa roupa de traballo e a acreditación que corresponda. A solicitude dos usuarios e usuarias dito persoal deberá acreditar a súa condición de empregado, para o cal deberá estar en posesión dunha tarxeta identificativa persoal na que conste, a súa categoría profesional no servizo, así como o nome e apelidos.

#### Artigo 15. Reclamacións e Suxestións.

Os usuarios e usuarias disporán dun procedemento específico de queixas e suxestións nos propios Centros Deportivos. Existirán á súa disposición na recepción de cada centro, impresos específicos para a tramitación das queixas, suxestións e reclamacións. Será responsabilidade do xestor do Centro levar o día un rexistro de reclamación debidamente dilixenciado pola Concellería da que dependan. Dito rexistro deberá contemplar as reclamacións, as súas contestacións ou resolucións, tendo a obriga de presentar trimestralmente informe deste rexistro ante a Concellería competente.

#### Artigo 16. Calendario e horarios de servizo.

Anualmente se informará ás persoas usuarias dos calendarios e horarios de prestación do servizo dos espazos de cada Centro Deportivo Municipal de acordo

coas instrucións de funcionamento e xestión en vigor. Para unha mellor difusión o xestor deberá contar cun entorno web no cal estea permanentemente actualizada esta información.

## TITULO V. ACCESO ÁS INSTALACIÓNS

### CAPÍTULO I. Condicións de acceso

#### Artigo 17. Identificación das persoas usuarias.

A entidade responsable da xestión de cada Centro Deportivo Municipal, ten a facultade de solicitar, a través do seu persoal, o carné, os resgardos de abono das tarifas ou documento que habilite o seu uso, así como o Documento Nacional de Identidade ou calquera outro documento acreditativo da identidade, para os efectos do control do cumprimento dos requisitos de acceso e uso de servizos ou espazos.

#### Artigo 18. Formas de acceso.

As persoas físicas e xurídicas definidas no artigo 6, poden acceder e usar os Centros Deportivos Municipais, consonte o previsto no presente regulamento ou nas instrucións de funcionamento e xestión de cada centro deportivo, establecendo as seguintes diferenzas:

##### a. Como practicantes deportivos:

a.1.- A título persoal, baixo diferentes modalidades de uso: Abonados/as, cursillistas ou usuarios/as libres e outras que se establezan nas instrucións de funcionamento e xestión de cada centro.

a.2.- De forma colectiva, como participante en actividades dirixidas ofertadas polo propio xestor ou por outra entidade con concesión de uso de espazos deportivos e auxiliares.

##### b. En calidade de acompañante ou espectador, atendendo as peculiaridades recollidas nas instrucións de funcionamento e xestión específicas de cada centro.

#### Artigo 19. Acceso aos Centros Deportivos dos menores de idade.

1.- Con carácter xeral o acceso aos Centros Deportivos Municipais por menores de idade (14 anos), deberá realizarse con acompañamento por persoa maior de idade (pai, nai, titor, monitor, adestrador ou responsable de equipo) que se responsabilice da garda e custodia daquel no seu interior.

Non obstante, atendendo ás peculiaridades das instalacións e da oferta de actividades ou servizo de cada centro, nas instrucións de xestión específicas de cada centro poderán regular os usos dos menores de idade.



2.- Sen prexuízo das peculiaridades que resulten das instrucións de funcionamento e xestión de cada centro, os menores de idade abandonarán o recinto do centro deportivo, sempre que o faga a persoa responsable da súa garda ou custodia.

3.- No caso dun adulto que acceda a título persoal con varios menores, o número máximo que se permitirá será o de 5 menores por adulto. En calquera caso, poderá esixirse ao adulto que se identifique como responsable dos menores que acceden.

#### Artigo 20. Accesibilidade para persoas con discapacidades.

1.- Ademais de cumprir o disposto na normativa construtiva sobre accesibilidade, a xestora dos Centros Deportivos Municipais facilitará o uso dos polas persoas con mobilidade reducida ou discapacidades motoras e sensoriais.

2.- Coa finalidade de facer efectiva a integración na práctica deportiva das persoas con discapacidade, as Instrucións de funcionamento e xestión de cada centro conterán as precisións e as excepcións das normas xerais de uso que resulten necesarias, sempre que non afecten á hixiene ou a seguridade doutras persoas usuarias ou invaliden a finalidade mesma da norma xeral. En caso de dúbida razoable sobre a discapacidade que motiva a excepción, poderase solicitar a documentación acreditativa correspondente.

3.- As persoas con discapacidades físicas e/ou sensoriais que impliquen o uso de cadeira de rodas, cegueira ou cunha evidente mobilidade reducida, así como as que teñan unha discapacidade psíquica, poderán, previo o abono da tarifa correspondente ás mesmas, ser acompañadas por unha persoa ou coidador, que poderá facer uso dos servizos do centro na súa función de acompañante, sen abono da tarifa por parte deste último. Os acompañantes deberán levar roupa deportiva e calzado apropiado.

4.- No caso de que se acceda con cans de asistencia, estes serán admitidos no interior das instalacións, sempre e cando leven colocado o distintivo oficial e cumpran coas condicións hixiénicas e sanitarias previstas na normativa de aplicación. A xestora responsable do servizo poderá pedirlle a documentación oficial acreditativa da condición de can de asistencia, pero en ningún caso de forma arbitraria ou irrazoable, nin impoñer máis condicións que as establecidas na norma de aplicación.

#### Artigo 21. Límites de acceso por aforamento.

O acceso aos espazos deportivos estará condicionado ao límite da capacidade de usuarios e usuarias establecido como aforo máximo en cada instalación e que deberá estar recollido nas instrucións de funcionamento e xestión de cada centro. Cando se dea esta circunstancia, poderán entrar tantas persoas como saian consonte á orde de chegada, atendendo as peculiaridades do tipo de acceso que utilicen.

## CAPÍTULO II. Normas complementarias para o uso individual

### Artigo 22. Recomendacións e normas complementarias para o uso individual.

#### 1.- Recomendase:

- a) Realizar un recoñecemento médico antes de iniciar calquera actividade deportiva, sobre todo quen permanecesen inactivos durante un período prolongado de tempo ou padezan algunha enfermidade.
- b) Ler a información xeral do Centro Deportivo Municipal e a de uso específico dos espazos deportivos previamente á súa utilización efectiva.
- c) Non acceder ao centro con obxectos de valor.
- d) Beber abundante auga previa e posteriormente á realización de exercicio.
- e) Usar calzado específico de baño tipo chancla, sandalia de auga ou escafpíns nas duchas e zonas húmidas: vestiarios, praias e andadores de piscinas e balnearios urbanos.
- f) Extremar as medidas de seguridade e hixiene.

#### 2.- Non está autorizado:

- a) Realizar actos que dificulten, obstaculicen ou impidan o desenvolvemento de actividades dirixidas, supoñan dano material para as instalacións ou afecten á hixiene xeral.
- b) Realizar actos que perturben, molesten ou poñan en perigo a outros usuarios e usuarias, tales como correr en zonas húmidas, zambullirse violentamente, usar aparellos de audio a un alto volume, comer nas instalacións,. arroxar desperdicios nas zonas comúns, ou xogar con balóns no as zonas de piscinas.
- c) Introducir obxectos de cristal, sustancias inflamables, perigosas ou nocivas en todo o recinto.
- d) Comer nos espazos e pistas deportivas, salvo bebidas dos deportistas, como augas e bebidas isotónicas, e en actividades con autorización expresa.
- e) O acceso aos diferentes espazos deportivos, en especial piscinas e zonas húmidas, ás persoas que padezan ou presenten síntomas de padecer algunha enfermidade infecto-contaxiosa transmisible por contacto físico ou vía aeróbica . Poderá esixirse informe médico que habilite o uso en caso de dúbida razoable.
- f) Tomar fotografías ou secuencias vídeo gráficas doutros usuarios e usuarias sen

o seu consentimento expreso.

- g) Utilizar dentro dos recintos bicicletas, patíns, monopatines, triciclos, e en xeral calquera elemento que moleste ou obstaculice aos demais usuarios e usuarias.
- h) Practicar nos espazos deportivos actividades ou modalidades deportivas diferentes ao uso concibido, salvo autorización expresa.
- i) Manipular os elementos e equipamentos propios das pistas, tanto fixos como móbiles, salvo acordo ou indicación expresa da dirección ou empregados do centro.
- j) Introducir cans ou outros animais, excepto os cans guía, segundo normativa vixente.
- k) Afeitarse ou depilarse nos vestiarios.
- l) Gardar na taquillas ningún elemento que poida degradarse ou deteriorarse.
- m) Utilizar as pistas e espazos deportivos fora do tempo de reserva.
- n) Utilizar roupa e calzado deportivo non adecuados á modalidade deportiva que se practique. Os adestradores, monitores, auxiliares ou acompañantes dos deportistas deberán utilizar roupa e calzado deportivo nos adestramentos.

### CAPÍTULO III. Normas complementarias para o uso de piscinas e zonas de auga.

Artigo 23. Recomendacións e normas de uso complementarias para o uso de piscinas e zonas de auga.

#### 1.- Recomendase:

- a) Ler a información xeral do Centro Deportivo Municipal, antes do seu uso e en especial as temperaturas de servizo en vasos, ambiente e vestiarios.
- b) Cerciorarse das diferentes profundidades dos vasos de piscina antes de facer uso da mesma co fin de evitar accidentes.
- c) Elixir as rúas onde haxa persoas do seu nivel de natación que así estean sinalizadas.
- d) Ducharse unha vez finalizado o baño.
- e) O uso de gorro de baño nas zonas de auga.

#### 2.- Non estará autorizado:

- a) Acceder ou permanecer con calzado e/ou con roupa de rúa nas zonas de auga.

- b) Realizar prácticas de apnea.
- c) O uso de cueiros de calquera tipo, nin o acceso de persoas que teñan incontinencia de esfínteres.
- d) Introducir nos vasos da piscina elementos que supoñan riscos.
- e) Circular polas praias da piscina correndo, xogando ou dando empuxóns.
- f) Ensuciar a auga con prácticas antihixiénicas.
- g) Utilizar roupas de plástico nos espazos de balneario urbano xa que poden provocar deshidratación excesiva e baixadas bruscas de tensión arterial, levar xoias ou outros obxectos metálicos, que poidan provocar queimaduras, e usar cremas, espumas, desodorizantes, depilatorios e afeitarse no interior destes servizos

3.- É obrigatorio :

- a) Ducharse antes do baño, en especial os usuarios e usuarias que utilizen produtos ou lociones corporais e de protección solar.
- b) Abandonar o vaso da piscina cando o socorrista determíneo.
- c) En piscinas cubertas, usar gorro de natación, excepto corte de pelo ao cero.
- d) Utilizar bañador, non permitíndose bañadores e calzados utilizados como vestimenta de rúa.
- e) Utilizar os vasos adaptados á capacidade natatoria e actividade a realizar cando así o determine o persoal socorrista.

4.- O uso de elementos accesorios para a natación, flotación e inchables, ou outros elementos desta tipoloxía, regularanse nas Instrucións de funcionamento e xestión de cada Centro.

Artigo 24. Uso de vestiarios.

1.- A utilización dos vestiarios estará perfectamente sinalizada, e será determinada pola entidade xestora do centro, ditándose ao efecto as ordes oportunas ao persoal da mesma, ao obxecto de que cada colectivo teña a súa disposición a información necesaria para a utilización do espazo que teña reservado.

2.- Nos Centros Deportivos con piscinas cubertas non se permitirá o acceso aos vestiarios ás persoas que non vaian facer uso das instalacións, con excepción dos acompañantes dos cursillistas de natación menores de 6 anos, ou de aqueles que polas súas condicións, non sexan capaces de desvestirse nin vestirse con autonomía. Neste caso á hora de utilizar os vestiarios, estes estarán perfectamente identificados e sempre prevalecerá o sexo do acompañante e non o do neno.

#### Artigo 25. Taquillas de uso individual.

Co fin de conseguir a correcta utilización e uso das taquillas por todos os usuarios e usuarias, serán de aplicación as instrucións de funcionamento e xestión de cada Centro Deportivo Municipal.

#### Artigo 26. Límites de estancia nos recintos deportivos.

A estancia máxima de uso libre nas instalacións deportivas que configura cada centro, estará regulado polas instrucións de funcionamento e xestión do centro. Estas atenderán ás diferentes tipoloxías de usuarios e usuarias, así como os tarifas definidas para a diversidade de usos. Estas limitacións definirán complementariamente os períodos de acceso a vestiarios.

#### Artigo 27. Persoal Socorrista.

O persoal socorrista, ademais das súas funcións de vixilancia do baño, socorro acuático e prestación de primeiros auxilios, será o responsable de facer cumprir a todos os usuarios e usuarias as normas de uso dos diferentes espazos da área de auga dos Centros Deportivos Municipais.

### CAPÍTULO IV. Normas complementarias para o uso de pistas de raqueta.

#### Artigo 28. Aluguer para uso individual de pistas de raqueta.

1.- Poderanse reservar a título individual as pistas de raqueta, coa anticipación máxima, limitación no número de pistas reservadas e fórmula de pagamento que se determine polos servizos xestores nas instrucións de funcionamento e xestión de cada centro.

2.- Con carácter xeral o número máximo de xogadores por espazo deportivo ou pista de xogo virá determinado polas normas específicas de cada modalidade deportiva.

3.- Nas pistas de pádel o número máximo de xogadores será de catro, fóra de reservas para actividades dirixidas onde se poderá incrementar devandito número.

### CAPÍTULO V. Normas complementarias para os servizos de fitness e saúde.

#### Artigo 29. Servizos de Fitness e Saúde.

Constitúen servizos de Fitness e Saúde nos Centros Deportivos Municipais, os espazos e actividades deportivas cuxa finalidade é o exercicio físico e mellora de saúde dos cidadáns, mediante servizos integrados cos seguintes contidos :

- a) Programa individualizado de acondicionamento físico en Sala Fitness con uso de aparellos isotónicos , cardiovasculares e de peso libre.

- b) Programa de actividades dirixidas en todas as súas modalidades.
- c) Espazos e servizos de balneario ou "spa" urbano: sauna, piscinas termais, hidromasaxe, baño de vapor, sauna, jacuzzi e outros.
- d) Servizos específicos de actividades orientadas á mellora da saúde a través de exercicio físico, así como servizos de masaxes deportivos, encamiñados ao ámbito deporte e saúde.

#### Artigo 30. Requisitos especiais de acceso.

En función da especialidade do programa deportivo, poderase fixar a obrigatoriedade de recoñecemento médico previo á inscrición, cuestión que deberá estar definida nas instrucións de funcionamento e xestión que se determinen para cada programa deportivo.

#### Artigo 31. Normas de uso dos servizos de Fitness e Saúde.

##### 1.- É obrigatorio:

- a) Usar toalla nos aparellos das salas de fitness, salas polivalentes, espazos e elementos de balneario urbano por razóns de hixiene.
- b) Deixar en orde e dispostos correctamente os aparellos e os seus accesorios para o seu uso posterior. O uso dos mesmos é compartido con outros usuarios e usuarias, polo que é precisa a alternancia, así como realizar a recuperación entre series fóra dos aparellos.
- c) Facer o uso específico a que está destinado cada aparello, segundo as condicións técnicas do mesmo, non podendo ser variadas estas.
- d) Seguir as instrucións dos instrutores de sala en canto á programación do exercicio e o seu nivel.
- e) Vestir calzado adecuado para previr lesións.

##### 2.- Non estará autorizado:

- a) Utilizar individual ou colectivamente as salas sen instrutor ou monitor, así como a manipulación do material e os aparellos de música sen autorización expresa.

### TITULO VI. RESERVA E USO DE ESPAZOS DEPORTIVOS POR PERSOAS XURIDICAS

#### Artigo 32. Reserva de espazos para persoas xurídicas.

1.- O uso dos diferentes espazos deportivos por parte de persoas xurídicas para adestramentos, competicións, actos ou usos concretos, realizarase mediante reserva por prazos determinados, tales como tempadas deportivas, cursos

escolares lectivos ou períodos de tempo concretos inferiores a un ano.

2.- Deberá determinarse claramente o horario obxecto da reserva de uso. O período da reserva, comprenderá tanto o horario de realización da actividade deportiva como os horarios previos ou posteriores necesarios para a mesma, tales como quecemento, montaxe equipamento, ou outros.

3.- As modalidades de reserva serán:

- a) Reserva para actividade deportiva ordinaria de tempada deportiva, curso lectivo escolar ou prazo periódico determinado.
- b) Reserva para actividade extraordinaria, puntual e non periódica, de carácter deportivo ou outros fins.

4.- Os prazos e requisitos establecidos para a reserva e uso dos diferentes espazos deportivos, serán anunciados por cada Centro Deportivo e difundidos no contorno web ao que fai referencia o art. 16.

5.- As entidades solicitantes deberán de cumprimentar un formulario nun formato normalizado, que permita a identificación inequívoca do solicitante, a súa personalidade xurídica e o obxecto da súa solicitude.

Artigo 33. Reservas ordinarias de tempada deportiva ou curso escolar.

1.- Entenderanse como tales as reservas de espazos deportivos e auxiliares con carácter periódico e repetitivo, por un período de tempo determinado

2.- Entenderase por tempada deportiva o período comprendido desde o 1 de outubro até o 31 de maio. Poderase prolongar a reserva durante o mes de xuño, a solicitude do interesado.

3.- Entenderase por curso escolar o período lectivo docente establecido anualmente pola administración educativa do Goberno Galego.

4.- O proceso de concesión de reserva de espazo deportivo por períodos de tempada deportiva ou curso escolar establecerase con prazos determinados e normativizados nas instrucións de funcionamento e xestión de cada Centro.

Artigo 34. Reserva para actividades extraordinarias.

Son todas aquelas reservas anticipadas de espazos deportivos que se tramitan fóra de convocatoria anual, para realizar actividades puntuais e non periódicas. Poderán ser actividades deportivas ou non deportivas. Estes procesos deberán contemplarse nas instrucións de funcionamento e xestión de cada centro.

Artigo 35. Suspensión, modificación ou anulación, extinción da reserva de uso.

1.- A entidade xestora de cada centro, poderá modificar ou suspender temporalmente a reserva de uso de tempada deportiva ou extraordinaria por razóns de interese deportivo ou social, baixo a autorización da Concellaría na cal estea delegada esta materia. Ditas modificacións comunicaranse aos usuarios e usuarias con 15 días de antelación, como mínimo.

2.- A entidade xestora dos centros deportivos municipais, no entanto, poderá deixalas sen efecto antes do vencemento do prazo, por incumprimento das obrigas establecidas no presente Regulamento, nas instrucións de funcionamento e xestión do Centro Deportivo ou na normativa que resulte de aplicación.

## TITULO VII. IMAXE E PUBLICIDADE

### Artigo 36. Logotipos e imaxe nas instalación.

1.- En todos os Centros Deportivos vinculados a este regulamento, calquera que sexa a súa entidade xestora, así como nos documentos informativos e circulares que fagan referencia á instalación ou servizos prestados nela, figurará en lugar visible o logotipo do Concello de Vigo na versión de imaxe corporativa que estipule a Concellaría delegada a competencia destes Centros.

2.- En todos os espazos deportivos, en lugar visible, figurará o logotipo do Concello de Vigo. Así mesmo en todos os medios de promoción e difusión deberase empregar o galego.

### Artigo 37. Publicidade nos Centros Deportivos Municipais

A publicidade nos Centros Deportivos Municipais, mediante a exposición de calquera elemento permanente ou temporal, móbil ou estático, levarase a cabo de acordo coa normativa xeral de publicidade e a específica contemplada na normativa de aplicación a cada Centro Deportivo Municipal de acordo co marco contractual de aplicación. Ditas actuacións deberán ser tramitadas a través da Concellaría que teña delegada a competencia destes Centros.

## TITULO VIII. RÉXIME SANCIONADOR

### Artigo 38. Réxime Sancionador.

O exercicio da potestade sancionadora, os seus principios, réxime aplicable e procedemento axustaranse ao previsto na normativa vixente en cada momento para a Administración local. Para a axeitada ordenación das relacións da convivencia e do uso do servizo público deportivo regulado neste Regulamento, establécense neste título as infracción e sancións polo seu incumprimento. As infraccións a este Regulamento clasifícanse en moi graves, graves e leves.



### Artigo 39. Responsables.

Serán responsables das infraccións a este Regulamento quen as cometan. Os pais ou titores responderán solidariamente das sancións derivadas das infraccións cometidas por persoas menores de idade. Cando as actuacións constitutivas de infracción sexan cometidas por varias persoas conxuntamente, e non sexa posible determinar o grao de participación de cada unha, responderán todas de forma solidaria, conforme ao establecido na lexislación sobre procedemento administrativo común.

### Artigo 40. Procedemento e competencia.

1.- Axustarase ás determinacións legais e regulamentarias de aplicación ao exercicio da potestade sancionadora da Administración local.

2.- A denuncia da Entidade Xestora do Centro Deportivo remitirase conxuntamente coa acta de infracción que se levantará unha vez detectada e cos medios de proba dos que se dispuxese a Concellería na cal estea delegada a competencia destes centros, a cal iniciará o correspondente procedemento, de acordo coa lexislación vixente de aplicación sobre o procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

### Artigo 41. Infraccións.

As infraccións clasificaranse en moi graves, graves e leves.

1.- Considéranse moi graves as infraccións que supoñan:

- a) Os malos tratos aos usuarios e usuarias e empregados do Centro, ou calquera outra perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutros usuarios e usuarias. Os malos tratos a usuarios e usuarias das Instalacións que sexan menores de idade ou persoas con mobilidade reducida ou cando se utilice a violencia terán sempre consideración de moi grave.
- b) As actitudes, condutas e exhibición de simboloxía que sexan discriminatorias en razón da condición sexual, racistas e xenófobas, ou que fomenten a violencia no deporte.
- c) O impedimento do uso das instalacións ou dos servizos deportivos a outros usuarios e usuarias con dereito á súa utilización. Considérase moi grave sempre que afecte a menores de idade ou persoas con mobilidade reducida ou se utilice a violencia.
- d) O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal funcionamento do servizo público.
- e) Os actos de deterioración grave ou relevante de equipamentos, infraestruturas,

instalacións e elementos, sexan mobles ou inmobles. Considéranse moi graves cando o custo da súa reparación é superior a 1.500,1 euros.

2.- Considéranse graves as infraccións que supoñan:

- a) Os malos tratos aos usuarios e usuarias e empregados do Centro Deportivo, ou calquera outra perturbación relevante da convivencia cando non concorran as circunstancias para cualificalas de moi graves.
- b) O impedir o uso das instalacións ou dos servizos deportivos a outros usuarios e usuarias con dereito á súa utilización, cando non se considere moi grave.
- c) Os actos de deterioración de equipamentos, infraestruturas, instalacións e elementos, sexan mobles ou inmobles cando o custo da súa reparación ou reposición sexa por contía entre 200,00 e 1.500,00 euros.
- d) Non aboar as reservas ou utilizacións dos servizos.
- e) Non abandonar a instalación transcorrido o tempo de reserva, impedindo o dereito doutros deportistas salvo que teña carácter leve.
- f) Ensuciar intencionadamente a auga das piscinas.
- g) Realizar reportaxes fotográficas ou de vídeo, sen autorización expresa.

3.- Considéranse leves:

- a) O incumprimento das instrucións do persoal responsable do Centro, cando o usuario fose previamente advertido.
- b) Os actos de deterioración de equipamentos, infraestruturas, instalacións e elementos, sexan mobles ou inmobles cando o custo da súa reparación ou reposición sexa por contía inferior de 200,00 euros.
- c) Utilizar as instalacións sen carné ou documento que habilite o uso ou tentar acceder co carné ou documento acreditativo doutro usuario.
- d) Calquera outro incumprimento dos deberes como usuarios e usuarias, ou a realización de actuacións prohibidas aos mesmos neste regulamento, cando non dean lugar a unha falta moi grave ou grave.

Artigo 42. Sancións.

1.- As infraccións levarán aparelladas as seguintes sancións:

- a) Ás infraccións leves aplicaráselles unha sanción de multa de 50,00 a 300,00 euros, ademais de privación dos dereitos de usuario e da utilización de instalacións dun mes a seis meses.

- b) Ás faltas graves aplicaráselles unha sanción de multa de 300,01 a 1.000,00 euros, ademais de privación dos dereitos de usuario e da utilización das instalacións de seis meses a un ano.
- c) Ás faltas moi graves aplicaráselles sanción de multa de 1.000,01 a 3.000,00 euros, ademais de privación dos dereitos de usuario e da utilización das instalacións dun ano a cinco anos.

2.- Con independencia das sancións que poidan imporse polos feitos tipificados neste artigo, o infractor estará obrigado á restitución e reposición dos bens ao seu estado anterior, coa indemnización dos danos e prexuízos causados.

#### Artigo 43. Medidas cautelares.

1.- De conformidade coa normativa reguladora do procedemento administrativo común e do exercicio da potestade sancionadora, as medidas de suspensión de actividades, retirada de carné, medios, instrumentos e obxectos; prestación de fianzas e calquera outra análoga, revisten o carácter de medida provisional cuxa execución se estima adecuada ao efecto de impedir a continuidade dos efectos da infracción, e na súa adopción será axustada á intensidade e proporcionalidade que resulte necesaria en razón do obxectivo que se pretenda garantir.

2.- En todo caso, sexa cal fora o contido da resolución que poña fin ao procedemento sancionador, deberá pronunciarse expresamente sobre o mantemento ou levantamento da medida e do destino dos elementos obxecto da intervención que cando sexa posible terá unha finalidade de carácter social.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL

As Entidades Xestoras, adxudicatarias dos contratos dirixidos a xestión dos servizos públicos dos diversos centros deportivos, deberán redactar no prazo máximo de 3 meses dende a posta en funcionamento das instalacións, as Instrucións de funcionamento e xestión de aplicación a cada centro, coa extensión necesaria para complementar, interpretar e aplicar o presente Regulamento en relación coas condicións específicas dos servizos que presta cada centro. Ditas Instrucións en ningún caso poderán ser contrarias ao establecido no presente Regulamento, e deberán ser tramitadas para a súa aprobación pola Concellería na que estean delegadas as competencias sobre os Centros Deportivos Municipais.

#### DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor aos quince días contados desde o seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

O proxecto de Regulamento de servizos dos centros deportivos municipais xestionados mediante concesión de servizos públicos, que se desenvolve no presente expediente, redactase en relación a propia condición dos novos centros deportivos municipais como unha parte esencial da rede de infraestruturas necesaria para garantir a prestación dos servizos deportivos municipais no ámbito das competencias que o municipio ten atribuídas de acordo cos artigos 25.2.m) e 26.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA) e artigo 8 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

A proposta deste proxecto de regulamento, dítase en exercicio da potestade regulamentaria atribuída aos Concellos na esfera da súa competencia polos artigos 4.1a) da LBRL e 55 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local.

Dito proxecto de regulamento desenvólvese como requisito obrigatorio para desenvolver o acordo do Pleno do Concello de Vigo da sesión ordinaria do 26 de novembro de 2012, segundo o expediente número 11743/333, polo cal se determinando que a forma de xestión do servizo público denominado “Novo Complexo Deportivo de Navia”, integrado por actuacións de nova construción consistentes nun centro de auga con piscina, ximnasios, zonas deportivas exteriores e aparcamento, se realizará mediante xestión indirecta a través de un contrato administrativo de xestión de servizos públicos e baixo a modalidade de concesión de servizos públicos con execución de obra, e a fundamentación recollido no informe do Secretario Xeral do Pleno de 8 de novembro de 2012, no que indica a conveniencia de que, con anterioridade á aprobación do expediente de contratación do novo centro deportivo municipal de Navia, se tramiten e aproben polo Pleno do Concello, unhas normas xerais para o uso deste tipo de instalacións deportivas.

O Contido do proxecto de regulamento desenvólvese cumprindo cos requisitos básico da normativa básica de aplicación (L 30/1992, e TRLCAP, etc..) e tamén de forma específica da normativa sectorial vinculante (Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, Decreto 103/2005, do 6 de maio, polo que se establece a regulamentación técnico-sanitaria de piscinas de uso colectivo, Lei 10/2003, de 26 de decembro, etc

En relación o procedemento de aprobación do proxecto de Regulamento de servizos dos centros deportivos municipais xestionados mediante concesión de servizos públicos, o artigo 127.1.a, da LBRL atribúe a Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto do mesmo, e corresponde o Pleno da Corporación según o artigo 123.1.d, da LBRL, a aprobación do regulamento, para o cal deberá procederse a súa aprobación inicial, publicación e aprobación definitiva de acordo co artigo 49 da LBRL

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Polo exposto no presente expediente, de acordo coa necesidade de regular as normas xerais para o uso das novas instalacións deportivas municipais, e previo informe xurídico, proponse a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, como órgano competente a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobación do “Proxecto do Regulamento de servizos dos centros deportivos municipais xestionados mediante concesión de servizos públicos”.

Segundo: Dar traslado da aprobación do proxecto a Secretaria Xeral co fin de iniciar os tramites para a aprobación do Regulamento de servizos dos centros deportivos municipais xestionados mediante concesión de servizos públicos, por parte do Pleno da Corporación .”

Con data 11 de marzo de 2013 a Titular da Asesoría Xurídica informa favorablemente o precedente anteproxecto.

A Xunta de Goberno Local, en data 12.03.2013, acorda aprobar o proxecto de Regulamento.

En data 15 de marzo de 2013, o secretario xeral do Pleno deulle traslado ós voceiros dos grupos políticos municipais do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local ao obxecto de que no prazo de seis días presentaran as emendas que consideraran oportunas ante o Rexistro Xeral do Pleno.

Con data 22 de marzo de 2013, o secretario xeral do Pleno certifica que transcorrido o prazo non se presentaron emendas.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Nós queremos intervir porque nos parece que este é un asunto importante sobre a xestión das concesións de Instalacións Deportivas, e nós queremos por en valor o que se fixo cando gobernou o Partido Popular que ó final é o que están facendo vostedes, copiar unha serie de normativas e de regulamentos, unha forma de xestionar que levou a cabo o noso partido.

Na cidade de Vigo agora mesmo hai dous complexos de auga o da Florida e do Barreiro que se construíron cun importe de catorce millóns de euros cun custe cero para as arcas municipais, é dicir, é unha maneira de xestionar concesións a través

de empresas privadas que nos parece que é a formula que se debería levar a cabo nesta cidade, sobre todo, porque esta forma de xestión, tanto a de Barreiro como a de Florida, saíu moi beneficiosa para os intereses xerais dos cidadáns de Vigo, porque estes dous complexos constaron catorce millóns de euros, dos cales non puxo ningún o Concello de Vigo, dando servizo a, aproximadamente, catro mil persoas, cada un destes servizos.

Dende a Deputación de Pontevedra fíxose unha proposta ao goberno, que agora parece benvida a forma de xestionar, dun complexo deportivo en Navia con un importe de vinte cinco millóns de euros, que a Deputación estaba disposta a investir nese complexo e que o Concello de Vigo só tiña que ceder os terreos, esa é unha realidade, é un feito obxectivo que tódolos medios de comunicación e toda a cidadanía o coñece, o Concello de Vigo non quixo ceder eses terreos para que a Deputación construíse este complexo deportivo por un importe de vinte e cinco millóns de euros.

Agora vostedes traen un Regulamento que ó final ven a dar cobertura a todo o que fixo o Partido Popular, parécenos ben, polo tanto imos votar a urxencia a favor e imos o fondo do tema a favor, e ademais saben vostedes que non presentamos ningún tipo de alegacións porque nos parece que é a fórmula correcta nuns momentos de crise e sobre todo para aforrar cartos as arcas municipais neste caso, pois é a forma de xestión que se ten levar a cabo.

Sentímonos moi orgullosos que hoxe traian este Regulamento porque ao final véñennos a dar a razón de como había que xestionar, de como había que facer a xestión das instalacións deportivas municipais e de como se podían ter complexos deportivos con custo cero para as arcas municipais e inversións millonarias que ademais non só dan cobertura a unha demanda que propón a cidadanía que son os complexos deportivos, senón que a maiores estes complexos tamén xeran emprego moi importante, duradeiro e que revirte na calidade de vida dos nosos veciños.

Eu creo que esta é a forma de xestión e, polo tanto, Partido Socialista benvido a esta copia de como hai que facer as cousas e, dende logo, como o grupo municipal do Partido Popular acertou plenamente á hora de facer a xestión destes dous complexos e tamén da proposta que hoxe se non fora polo capricho de alguén, este complexo deportivo de Navia estaría totalmente construído dando un servizo importante ós veciños e a maiores cun custe cero para as arcas municipais.

Eu creo que esta é a formula de xestión e xa lle anunciamos que imos votar a favor desa proposta. Cando se copia, e cópiase ben, pois loxicamente ao final temos que apoiar todos e nós é o que pretendemos, que as cousas vaian ben para a cidadanía en xeral.

SR. ALONSO PÉREZ: O Partido Popular ven repetindo reiteradamente que o Presidente da Deputación ten vinte e cinco millóns de euros para investimentos deportivos en Navia, e isto non é así, nunca foi. O partido Popular tiña a intención, no espazo deportivo de Navia, de facer un centro comercial e un centro de auga, que afortunadamente os veciños rexeitaron e lles pareceu moito mellor a proposta do Bloque Nacionalista Galego, cando estabamos gobernando en Deportes, de facer un campo de fútbol, un pavillón e agora continúaase no proxecto do centro coa piscina. Entón eu como deputado provincial envieille un escrito porque estaba alarmado de que non nos decatásemos que a Deputación tiña vinte e cinco millóns de euros para investir en Vigo en Deportes no peto, claro nunca existiron. O que me sorprende é que sigan con esa película que non cree ninguén, era un centro comercial cun espazo deportivo que os veciños rexeitaron con sentido común.

Eu creo que o que hai que facer é continuar o Proxecto Deportivo en Navia, o Centro de Auga e que os veciños gocen dun espazo deportivo, por certo, que é moi bo que se siga, nos espazos residenciais novos, atendendo o deporte.

SR. LÓPEZ FONT: Simplemente para constatar o minuto de gloria do Sr. Figueroa aproveitando esta proposta. Nunca os copiamos porque senón esta cidade iría francamente mal.

Cando queira falar de concesións, falamos de concesións pero o que é evidente é que nunca houbo una proposta de vinte e cinco millóns de euros para esta cidade, como ben dicía o Sr. Alonso agora. Polo tanto a Deputación nunca se preocupou desta cidade, urbanisticamente vostedes estiveron sempre en contra do Plan Xeral, que votaron en contra, e aínda están pendentes de pedir perdón polas compañías que fixeron, por tódalas situacións apocalípticas que dixeron que se ían producir co Plan Xeral.

Polo tanto Sr. Figueroa, nunca copiamos de vostedes, creo que non copiaremos nunca e en todo caso son vostedes os que copian de nós.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Regulamento de servizos dos centros deportivos municipais xestionados mediante concesión de servizos públicos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Segundo.- Someter o Regulamento inicialmente aprobado a información pública e audiencia dos interesados por un prazo de trinta (30) días ao obxecto de que se presenten as reclamacións e suxestións que se consideren oportunas, publicando ao efecto anuncio no BOP e na páxina Web do Concello.

Terceiro.- No suposto de que non se presentaran alegacións ou suxerencias entenderase aprobado definitivamente o Regulamento e procederase á publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

#### **PARTE DE CONTROL**

**1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.**

**1.1(55).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 18 de febreiro de 2013 e 21 de marzo de 2013.

**1.2(56).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.**



Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 18 de febreiro de 2013 e 21 de marzo de 2013.

**1.3(57).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 11.03.13, DELEGANDO AS ATRIBUCIÓNS PRECISAS PARA A PRESIDENCIA DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO, EN D<sup>a</sup> OLGA ALONSO SUÁREZ. EXPTE. 624/1101.**

ANTECEDENTES.- Con data 11 de marzo de 2013, o alcalde-presidente ditou a seguinte Resolución:

“De conformidade co sinalado no artigo 43.5.a), do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, do 28 de novembro, esta Alcaldía-Presidencia,

RESOLVE

Primeiro.- Delegar na delegada da Área de Educación deste Concello, dona OLGA ALONSO SUAREZ, as atribucións precisas para a Presidencia do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV).

Segundo.- Esta delegación de atribucións, de conformidade co sinalado no artigo 44 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, terá efecto dende o día seguinte ao da data deste Decreto, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase na rede de Intranet do Concello ao obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas.

Terceiro.- Da presente resolución deberá darse conta ao Pleno da Corporación na próxima sesión que realice, ao Consello Escolar Municipal e demais interesados.”

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación.*

**1.4(58).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 15.03.13, NOMEANDO VOCAL VECIÑAL POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE NA**

## **XUNTA REITORA DO ORGANISMO AUTÓNOMO DO IMD A D<sup>a</sup> ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ. EXPTE. 623/1101.**

ANTECEDENTES.- Con data 15 de marzo de 2013, o alcalde-presidente ditou a seguinte Resolución:

“O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de data 8 de xullo de 2011, prestaba aprobación á proposta da Alcaldía de data 5 de xullo, referente ao nomeamento de representantes da Corporación nos organismo autónomos municipais. No dito acordo constaba a distribución dos sete vocais veciñais que debían propoñerse polos grupos políticos municipais e ao tempo facultaba ao alcalde para o nomeamento dos vocais veciñais mediante resolución.

Con motivo do nomeamento de D<sup>a</sup> Olga Alonso Suárez como delegada da Área de Educación (Resolución da Alcaldía do 6.02.2013) faise necesaria a súa substitución na Xunta Reitora do Organismo Autónomo do IMD.

Por escrito de data 14 de marzo de 2013, o voceiro do Grupo municipal Socialista, D. Carlos López Font, comunica a designación de D<sup>a</sup> Ana Laura Iglesias González, como nova vocal veciñal do Grupo político municipal do PSdeG-PSOE na Xunta Reitora do Organismo Autónomo do IMD, en substitución de D<sup>a</sup> Olga Alonso Suarez.

Polo exposto, de conformidade co citado escrito esta Alcaldía-Presidencia  
RESOLVE:

Primeiro.- Nomear vocal veciñal polo Grupo municipal do PSdeG-PSOE na Xunta Reitora do Organismo Autónomo do IMD a D<sup>a</sup> ANA LAURA IGLESIAS GONZALEZ, en substitución de D<sup>a</sup> Olga Alonso Suárez.

Segundo.- Notificar a presente Resolución aos voceiros dos grupos políticos municipais, ao Organismo autónomo do IMD e ás persoas interesadas.

Terceiro.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se realice.”

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación.*

### **2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.**

### **3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.**

Non se realizaron.

#### **4.- MOCIÓNS.**

##### **4.1(59).- MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO GOBERNO A ELABORAR UNHA ESTRATEXIA DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE VIGO QUE FOMENTE Á NOSA CIDADE COMO DESTINO TURÍSTICO DE PRIMEIRO ORDE. EXPTE. 618/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de marzo, número 618/1101, o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte moción:

“O Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo considera urxente que o goberno municipal leve a cabo unha estratexia para fomentar a Vigo como destino turístico de primeira orde.

A día de hoxe nada se coñece das accións que pretenden poñer en marcha o alcalde e os seus concelleiros para captar visitantes, sobre todo se temos en conta que o sector turístico é un dos que resisten mellor os efectos da crise, pero sempre que se leven a cabo as correspondentes accións de promoción e planificación.

Outros lugares de marcado carácter turístico en Galicia e no resto de España xa iniciaron campañas de promoción e de captación de posibles visitantes. En Vigo, pola contra, non se coñece iniciativa ningunha do goberno e novamente será a improvisación a norma de traballo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo insta ao Pleno da Corporación á adopción do seguinte acordo:

Instar ao goberno municipal a elaborar unha estratexia de promoción turística de Vigo que fomente á nosa cidade como destino turístico de primeiro orde.”

A comisión informativa de Industria, Turismo e Pemes, na súa sesión do 18 de marzo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Vémonos obrigados a traer ao Pleno de Vigo esta

moción para intentar entender o que está a acontecer na área de turismo, que non se está a facer absolutamente nada. Algo tan básico como un plan estratéxico non entendemos como non se sabe que é del.

Nos últimos seis anos que levan vostedes de goberno perderon máis dun 25% de turistas de pernoctacións, iso equivale a máis de 100.000 persoas. Accións que se realizaron? Ningunha, eramos a segunda cidade máis visitada de Galicia, como non se aproveitou iso? Fixese o verbo que empreguei, eramos non somos, xa nos poden dar algunha explicación, espero que aproveiten os seus cinco minutos para explicarnos o que aconteceu neste tempo. Como poder ser que coas infraestruturas que temos ou que tiñamos, estamos falando do Aeroporto que xa quedou claro na última sesión que non lles interesa o máis mínimo, quedou claro tamén que coa infraestruturas do Porto, aínda lembro hai un ano e medio cando se lles expuxo o problema do Porto Nodal e vostedes comentaron aquí cun plano de que fora un erro, que se emendaría inmediatamente e non sei onde foi, igual estaría o Sr. Blanco facendo o campión por algunha parte en vez de solucionar o que tiña que solucionar. A Estación de Tren, tamén outra infraestruturas básica para atraer turismo, se non é por nós e pola Ministra dona Ana Pastor nestes momentos seguiría sendo un proxecto como case todo.

O turismo é unha das pancas para saír da crise, cun efecto directo sobre o comercio, non se esquezan diso o comercio esta pasando moi mal, o turismo ten un efecto dinamizador tremendo sobre o comercio, o goberno local ten que actuar como axente dinamizador entre os diferentes actores en toda esta estrutura, onde están? Por que non se lles ve? Que pasou? Espero que polo menos aproveiten o tempo para contestarnos a todas estas preguntas. Saben perfectamente que hoxe en día hai que buscar turismo de alto valor engadido, Vigo e o seu entorno teñen unhas vantaxes competitivas tremendas, estamos falando de gastronomía, de clima, aínda que a Semana Santa este moi chuviosa, estamos a falar de cultura, do entorno natural, de parques, de praias.

Levan seis anos sen traballar para a imaxe da cidade, soaranlle conceptos como o “Brand Feeling”, hai que deseñar dunha vez o Vigo do futuro, o que pasa e que levamos seis anos de atraso, non sei como imos dixerir isto. Nin se quera fan unha planificación a curto prazo, o 19 de marzo chegou o primeiro cruceiro ao porto de Vigo, que accións realizaron encamiñadas a fomentar a comodidade por parte do

turista para que poida gastar máis, para que aporte maior valor engadido? Que accións teñen pensado planificar durante todo o 2013?. Saben que entran máis de 250.000 cruceiristas ao ano en Vigo? Saben que deixan máis de vinte millóns de euros? Por que se negan a que se poida incrementar esa cifra? Como é posible iso? Estamos en Semana Santa non teñen ningunha medida planificada, ningunha. Unha Semana Santa importante para a cidade de Vigo, que teñen pensado facer? Espero nolo conten.

En outubro presentamos unha moción para mellorar a sinalización de Vigo, lémbrome da súa resposta, “xa, inmediatamente” pasaron xa case seis meses. Nesa moción demandabamos sinalización, orientación para os turistas, paneis de información, inexistencia total. Van facelo dentro de dou anos? Hai un ano denunciabamos todas estas carencias, non fixeron nada, pasaron case dous anos dende que están no goberno, a que esperan para facer algo? Só pedimos que fagan algo. Non teñen ningún plan estratéxico para Vigo, en xullo en rolda de prensa denunciabamos o mesmo, contestación: ningunha. Non buscan modelos de explotación turística para procurar maior valor engadido. O 11% do noso PIB provén do turismo, cóntenos por favor o que teñen pensado facer.

SR.DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Concelleiro do Partido Popular, unha das causas importantes na redución de turistas de todo o estado Español, a gran causa fundamental desa redución? A parte de que este goberno non está facendo absolutamente nada nesta materia, é a crise económica pola que atravesamos este país, a subida do IVE, o número de parados que cada vez son máis e non se poden permitir o luxo de viaxar. Estas políticas estanas facendo o Partido Popular en todo o estado Español e tamén en Galicia. Esa é unha das causas, e non o digo eu están aí, os estudos que vostede tería que ter visto, que din que unha das causas da redución do turismo é precisamente a crise económica.

Pero dito isto tamén quero dicirlle ao Alcalde, ao goberno e ao Concelleiro de Turismo que estivemos esperando tranquilamente, nós somos unha oposición crítica pero damos marxe de actuación, estivemos esperando dous anos pero agora si temos que empezar a dicir que efectivamente non están vostedes facendo absolutamente nada nun sector moi importante. Por non facer, nin sequera, que nós saibamos, escoita nin se reúne cos interlocutores, cos actores, cos sectores que

están pedindo a gritos políticas imaxinativas que lles podan facer paliar a crise económica.

Señores do Partido Popular non é certo que en seis anos aquí non se fixera nada, cando o Bloque Nacionalista Galego tiña competencia en materia de turismo, e foi así nos catro anos do goberno do BNG e do Partido Socialista cuxa competencia de Turismo a tiñamos nós, conseguíuse asinar un Plan de Competitividade Turística que trouxo a esta cidade máis de tres millóns de investimento, Plan de Competitividade Turística que aínda agora está en vixencia. Nesta cidade creouse o Vigo Convention Bureau, un organismo altamente demandado polos sectores para a consecución de congresos e para a consecución de políticas conxuntas con tódolos sectores turísticos.

Do Vigo Convención Bureau, Sr. Rodríguez Escudero, nunca máis se soubo, polo menos non soubemos absolutamente nada, e é un instrumento definitivo e clave agora que podemos ter un auditorio como o que temos, un auditorio, un Pazo de Congreso, precisamente créase o Vigo Convention Bureau para tratar de traer congresistas a esta cidade. O último gran Congreso que tivo Vigo trouxémolo nós, o Congreso de Medicina, máis de tres mil persoas no IFEVI, non volvemos saber de ningún outro importante congreso para a nosa cidade.

Efectivamente a vostede lle deixamos, Sr. Rodríguez Escudero, un centro de recepción de visitantes na nosa estación de ría, moderno como nunca tivera esta cidade e aínda estamos esperando, aínda que sei que se acaba de licitar ese complemento que era o Centro de Interpretación da Ría.

En definitiva, Sr. Alcalde, eu creo que vostedes confunden un pouco o que significa o turismo porque o turismo, Sr. Alcalde, non significa levar xente de aquí para que vaia a consumir a Londres ou outros sitios, non iso non é o turismo que é conseguir que xente de alá poda vir aquí, esa é a política turística. Vostede está moi empeñado en que haxa xente que viaxe alá, pois nós dicímoslle, empéñese vostede e o seu concelleiro en facer políticas de promoción turística da cidade, para que, o que queren os nosos sectores económicos é que sexa a xente de alá a que poda vir a visitarnos.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Non é certo que non haxa unha política turística, si a hai e enlaza ademais co que dicía o Sr. Domínguez Olveira, que ten o mérito

durante o seu mandato de ter posibilitado e que se haxa posto en marcha o Plan de Competitividade Turística que está financiado por tres administracións: Concello de Vigo que é a xerencia, Tour España e a Xunta de Galicia. Ese proxecto, que é extraordinario porque xera valor engadido e é un auténtico Plan de Turismo, cando nós asumimos a responsabilidade da Concellería estaba literalmente parado, en creba e en alto risco de ter que devolver tódolos créditos que se xeraran, cunha incerteza incluso de penalización ao Concello, aí están as actas das Comisións do Plan de Competitividade. Foi precisamente a misión máis importante durante case estes dous anos, o garantir a continuidade do Plan de Competitividade, un instrumento valioso ao cal eu quero poñer valor pola aposta que fixo no seu momento o Sr. Domínguez Olveira, pero que estaba paralizado cando en xuño do ano 2011 esta Corporación tomou posesión. Foi o esforzo maior de poñerlle un valor, a continuidade e a vixencia, de feito estamos na terceira anualidade e vaise cumprir e garantir tódolos fondos invertidos polas tres administracións.

Ese é o noso Plan actual ata a actualidade, ata que se acabe. Un Plan que permitiu facer moitas cousas, aquí teño unha relación inmensa, e Sr. Álvarez non sei porque dixo que non se fixeron cousas que están perfectamente documentadas. Outras cousas son problemas de comunicación, pero vostede que é concelleiro desta Corporación tiña a obriga en aras a súa capacidade de representación e lexitimidade de representación terse decatado do que se fai, porque é público e notorio e está documentado; campaña de promoción en norte de Portugal, campaña de cruceiros, campaña de Reconquista, da Semana Santa do 2012, de Congresos, non é verdade que se fixera un gran Congreso, o da Diabetes fíxose xa con esta Corporación, campaña de programación con centros educativos etc. Si que é verdade que tivemos dificultades cos cruceiros, pero dificultades que dende a Presidencia do Porto se nos puxeron para entrar en contacto cos cruceiros que veñen a Vigo, por certo o número de cruceiros baixaron e non precisamente por problemas de xestión do Concello senón que habería que ver por que problemas de xestión na propia zona do Porto.

Voulle a redactar os proxectos que hai neste momento, que son realidade porque están presupostados e aprobados: Vive Vigo, deseño da Semana para Mozos, ruta de cruceiros, ruta do Museo Mar de Galicia, ruta do Mariñeda, turismo industrial, formación do sector, todo isto está en marcha, Xornada de Blogueros, ruta de

arquitectura de Vigo, todo isto pódeo comprobar que está en marcha e non é certo, Sr. Álvarez, que non manteñamos contacto cos sectores da poboación. Precisamente é un dos ámbitos nos cales nos podemos atopar máis orgullosos desta Concellería e deste Concello en xeral. Mantemos unha permanente comunicación cos sectores implicados, de tal forma, que lle podo dicir, que nos próximos días vaise constituír a primeira Mesa Sectorial de Turismo coa implicación de tódolos axentes e ademais a través do Plan de Emprego apostamos pola planificación e a mellora profesionais dos sectores implicados no turismo, máis de dous centos mil euros a cada unha das asociacións a través do Plan de Emprego para mellorar as súas condicións, e ademais anúnciolle haberá Plan Estratéxico en Turismo. O 18 de abril vaise constituír unha mesa de traballo cooperativa cos mellores axentes do sector de todo o Estado e os sectores desta cidade para discutir: primeiro, as liñas estratéxicas dun Plan de turismo e segundo, definir o modelo de xestión do Turismo.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Sr. Rodríguez Escudero, os seus plans deben de ser como as maquetas do Sr. Alcalde que non se materializan, onde están os plans? Non me veña cun par de papeis impresos para saír ao paso. Vostede, que o teño por un bo xestor, debería saber perfectamente que hai dúas complicacións, unha xerar un modelo estratéxico que non foron capaces e outra máis grave aínda implementalo. Non é que non sexan capaces, sinxelamente, non saben.

Dito isto, ten mérito falar do Plan de Competitividade Turística de Vigo o Plan de Competitividade Turística de Vigo foi algo que creamos nós a través dunha concelleira de turismo, dona Lucía Molares, e vostedes teñen o mérito de convertelo en algo inoperante e ineficiente, ese é o mérito que teñen vostedes.

Sobre accións, repítolle, mire que lle pedín que nestes cinco minutos que nos explicara algo e non nos dixo nada, as únicas accións que coñecemos, que fixeron no exterior creo que foi un paseo por Londres do Sr. Alcalde, que espero que non utilizara Alvedro para viaxar, onde están os grandes eventos da cidade? Vostede sabe perfectamente que unha das vías para captar turistas do estranxeiro, é certo que o consumo nacional baixou, pero que pasa non hai turistas no estranxeiro? Onde están os grandes eventos, os grandes congresos? Un mencionouse antes, din que teñen un Plan Estratéxico, cámbienlo, a este ritmo de perdas mellor o



cambian e rápido. Sr. Domínguez Olveira vostede tamén foi participe, que estas máis de cen mil persoas non se perderon nestes últimos anos só, igual veñen coa Universiada no 2013.

Como se poden permitir o luxo de que sigamos perdendo turistas, estamos falando de vinte ou trinta millóns de euros de perdidias para o sector do turismo, sen contabilizar o sector do comercio, e seguimos sen facer nada. Iso é o que se merece a cidade?

Falaba de accións do 2012, puntuais, onde están as do 2013? que as imos sacar no 2014? ou en abril de 2015? Non o entendo.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, instando a elaboración dunha estratexia de promoción turística, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

**4.2(60).- MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO QUE OS CAMPOS DE FÚTBOL DE A MADROA E BARREIRO SE DESTINEN AOS EQUIPOS DE FÚTBOL BASE DA CIDADE, UNHA VEZ QUE O RC CELTA ENTRENE NOS NOVOS CAMPOS DA CIDADE DO DEPORTE. EXPTE. 620/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de marzo, número 620/1101, o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte moción:

“Á vista do anuncio realizado polo goberno municipal da súa intención de levar adiante a Cidade do Deporte en Valladares, iniciativa definida como acción estratéxica que deixou incluída o goberno do Partido Partido no avance do PXOM, o Partido Popular plantexa a necesidade de que os actuais campos de A Madroa nos

que entrena o RC Celta, que son unhas excelentes instalacións ás que teñen contribuído tanto o Concello como a Xunta e a Deputación, deberían reverter nun beneficio para un colectivo moi amplo da cidade, como é o dos clubs de fútbol base de Vigo.

Tamén considera o Partido Popular que o campo de fútbol municipal de Barreiro, onde habitualmente xoga os seus partidos oficiais o segundo equipo do Celta, debe pasar a outro club histórico como é o Gran Peña, que é dos poucos que non ten terreo de xogo propio e que tamén usa o recinto de Barreiro para as competicións do seu primeiro equipo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo insta ao Pleno da Corporación á adopción dos seguintes acordos:

1. Destinar aos equipos de fútbol base da cidade os campos de A Madroa unha vez que o RC Celta abandone os mesmos trala construción da Cidade do Deporte
2. Destinar o campo de Barreiro ao Gran Peña unha vez que o segundo equipo do RC Celta entrene nos novos campos da Cidade do Deporte.”

A comisión informativa de Política social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 18 de marzo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Hoxe traemos esta moción que consideramos que é importante, que no futuro gustaríanos que se tivese en conta á hora de elaborar os plans deportivos e proxectos deportivos da nosa cidade, de cara ó futuro.

Dicimos isto porque as instalacións da Madroa foron construídas con financiamento no ano 96, cando eu tiña a responsabilidade de gobernar o Deporte desta cidade, foron construídos dous campos de herba sintética, un de herba natural máis todo o complexo de vestiarios, había unha situación de estado lamentable da Madroa no ano 96, e no ano 97 e 99 fíxose un investimento importante de tres millóns de euros, cincocentos millóns das antigas pesetas, para ampliar e reformar tódolos vestiarios que se tiraron abaixo máis dous campos de herba sintética e un de herba natural, deixando outro de herba natural que xa estaba construído. A nós parécenos que este investimento, que foi do erario público, tanto do Concello como da Xunta de Galicia e unha parte da Deputación, á hora de intentar que os equipos bases da nosa cidade teñan unhas instalacións dignas, a parécenos que si ás instalacións de Valladares, que nós estamos totalmente de acordo, porque xa no

ano 2001, 2002 e 2003 cando tivemos a responsabilidade de gobernar proxectamos como unha das instalacións e das infraestruturas máis importantes e necesarias na nosa cidade, aí quedaron reflectidas no Plan Xeral tanto as instalacións deportivas como despois unha proposta que temos dun complexo deportivo, que xa o fixemos nós tamén público no ano 2006, e é certo que de acordo co Bloque Nacionalista Galego, cousa que non estaba de acordo o Partido Socialista naquel momento e hai que dicilo tamén, pois parécenos que esa idea de construír unha cidade do deporte en Valladares ten que levar consigo que as instalacións deportivas da Madroa, que foron construídas polas institucións públicas, que queden para o fútbol base, modesto da nosa cidade.

Así tamén consideramos que é de xustiza que o Gran Peña, un dos clubs que non ten campo propio na cidade e que ademais ten a súas raíces no propio estadio municipal de Barreiro, pois que ese campo se quede para o fútbol modesto para o Club Gran Peña.

Parécenos que estas son as dúas condicións que deberíamos por enriba da mesa e por iso hoxe as traemos á aprobación plenaria.

Quixéramos engadir como comentario que nos parece oportuno que para a Cidade do Deporte se lle dean tódalas facilidades ao Celta e tamén unha parte para o Complexo Deportivo da nosa cidade, e que para esas instalacións se busque a maneira de que o custe sexa cero para as arcas municipais. Creo que ese ten que ser un dos obxectivos que debemos de acadar como condición para que o Celta se poida trasladar da Madroa á Cidade do Deporte de Valladares e se facilite, por parte do Concello, que as instalacións da Madroa queden para o fútbol base e, por suposto, que o Campo de Barreiro quede para o Gran Peña.

A nós parécenos que esas son as condicións que se teñen que dar para buscar un consenso de tódolos grupos. Presentamos esta moción con absoluto espírito de colaboración, de cooperación, de axuda e dun posicionamento claro do noso grupo político.

Son instalacións as da Madroa construídas naquela época do 96 ao 97 igual que se fixo naquel momento o complexo deportivo de Samil, o pavillón das Travesas, o edificio da Federación ou a piscina, que hoxe está en Lavadores e a propia de Teis, que foron construcións que se levaron a cabo durante o ano 95-99 cun importe de máis de vinte millóns de euros.

Creo que o noso Grupo en canto a infraestruturas políticas deportivas sempre estivo colaborando cos gobernos, nunca fixemos política deste sector e agora que presentamos esta moción gustaríanos que fora aprobada por todos, xa que nos parece que con esta moción daríamos cobertura á demanda que propoñen os colectivos deportivos da nosa cidade, e a demanda deportiva que poida haber na cidade de Vigo.

Polo tanto traemos esta moción para aprobar e esperamos que conte co respaldo de tódolos grupos políticos.

*(Neste momento preside o Pleno da Corporación a Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego).*

SR. ALONSO PÉREZ: O Real Club Celta de Vigo é un equipo, entre outros, representativo de Vigo, da comarca, de Galicia, incluso hai seguidores do Celta por todo o mundo. É bo, a nivel económico, que estea en primeira división, que teña unha planificación de futuro baseado no fútbol base, creo que esa é a aposta de futuro, e ademais o Celta é algo máis, é un sentimento, hai moita xente que vive os resultados deportivos do Celta, eu como alumno do Instituto Santa Irene tiña un mestre de matemáticas o Sr. Cándido, que xa non está con nós e teño un recordo moi bo del, pois os luns influíalle se o Celta gañaba ou perdía, cando perdía o Celta, eu como son Alonso primeiro da lista e o luns estaba a por min para que saíra ao encerado, entón eu quería que gañara o Celta dende neno. Pero o Celta é unha sociedade deportiva, anónima e polo tanto o gasto e o investimento que poida facer para os novos campos de fútbol en Valladares non teñen que ter custo para o Concello e ademais non afectar ás vivendas.

Respecto da relación do Celta co futuro, tendo en conta que o futuro está pola base, nós cando tivemos a responsabilidade do Deporte propiciamos un convenio co fútbol base da cidade, creo que ese é o camiño, apostar pola base, apostar pola canteira, conveniar co deporte de base da cidade, e polo tanto nós imos aprobar a moción porque cremos que é bo que si o Celta se fai con novas instalacións en Valladares, as instalacións dos campos de fútbol da Madroa vaian ao resto dos clubs de deporte base e ademais que o Gran Peña recupere o campo de Barreiro, esta xa foi unha condición que o Bloque Nacionalista Galego propuxo e lembro que

cando se prorrogou a concesión ao Celta para as instalacións que hoxe utiliza: Balaidos e a Madroa, xa puxemos como condición que cando o Celta B tivera un campo, o Campo de Barreiro volvera ao Gran Peña, polo tanto parécenos razoable. Eu simplemente quería engadir, Sr. Figueroa, que a Deputación está ben que se preocupe porque o fútbol base da cidade recupere as instalacións deportivas, pero teño que dicirlle que a Deputación Provincial puxo, en colaboración en convenio co Concello de Vigo, poñerlle herba sintética a unha serie de campos que son do Concello de Vigo xa que puxo os terreos, en moitos deles a instalación eléctrica e a Deputación a algúns púxolle herba sintética, conveniáronse o Concello de Vigo e a Deputación, pois a día de hoxe aínda non foron reintegrados ao Concello de Vigo, eu fixen no ano 2008 unha carta dirixida ao Presidente da Deputación, no ano 2009 de novo unha moción, no ano 2011 moción na Deputación, porque é moi importante que as Administracións cumpran os seus compromisos, o Bloque Nacionalista Galego cando goberna nunha institución cumpre os compromisos, non necesitamos que nolo estean insistindo, actuamos así, o que non ten sentido é que a Deputación, a día de hoxe, non cumpra os compromisos de atender o mantemento da herba sintética dos campos que se construíron conveniados, que o 75% correspondíalle á Deputación e o 25% ao Concello de Vigo, aínda hoxe están sen devolver.

Aprobamos a moción do Partido Popular, parécenos ben que volvan ao deporte base os campos de Candeán, parécenos ben que o Gran Peña recupere o campo de Barreiro pero que tamén a Deputación devolva os campos conveniados co Concello de Vigo onde lle puxo a herba sintética. Creo que hai que ser serios e as administracións, teñen que dialogar, entenderse e hai que cumprir os compromisos escritos.

SR. LÓPEZ FONT: Con motivo da urxencia do punto do Regulamento de instalacións deportivas falaba o Sr. Figueroa de copiarse uns aos outros e os outros aos uns. A verdade é que lle dicía eu ao final que os únicos que copian é o Partido Popular.

O 7 de marzo deste ano presentábase a Cidade do Deporte de Valladares, presentábase unha das actuacións máis importantes nesta cidade produto dun acordo político entre o Celta de Vigo e o Concello de Vigo, e que casualidade que falando de copiar, o 13 marzo unha semana despois, o Partido Popular presenta

unha moción aceptando todo o que o goberno acordou co Celta de Vigo e dando por feito que isto se vai facer, que todo vai ir ben, e apuntándose efectivamente ao carro. É máis o que propoñen que adoptemos neste Pleno é algo que xa tiña acordado este goberno co Celta de Vigo, como ben recoñecía o Sr. Alonso, cando se ampliou a concesión ao Celta de Vigo para que saíse do concurso de acredores.

Debe estar pasando algo raro porque normalmente é que o Partido Popular nunca acerta pero debo de recoñecer que me decatei que as únicas veces que acerta é cando apoia as medidas deste goberno, cando recoñece que o que está facendo este goberno está ben. Polo tanto na moción máis alá de propoñer algo que xa estaba acordado parece ser que lles custaba moito resolver a cuestión felicitando ao goberno, ao Celta e felicitándose en conxunto.

Polo tanto, esta moción ímola aprobar porque do goberno conxunto co Bloque Nacionalista Galego, isto formaba parte do acordo co Celta e é unha moción de ratificación, de aceptación ao que fixo este goberno. O que acontece é que sinceramente faltaría algo máis, porque todo isto está moi ben, e apuntaba por esa liña o Sr. Alonso, pero conviña o que tamén se ofrecese colaboración dende aquelas institucións como Deputación e Xunta de Galicia na que gobernan vostedes.

Dicía que estabamos nunha opción moi importante, pero fíxense nun tema certamente sobresaínte neste acordo co Celta, a forma de acordar esta Cidade do Deporte é a que impera nesta cidade dende que Abel Caballero é alcalde de Vigo. É unha cesión urbanística que se fai dende o diálogo, é dicir, que se fai co Celta e de mutuo acordo, cuestión de diálogo que non practica o Partido Popular, é transparente, coñécense absolutamente as actuacións que se van facer, que van colocar a esta cidade e ao Celta de Vigo na vangarda de instalacións deportivas. É absolutamente legal, provén dun Plan Xeral de ordenación urbana que contempla esta actuación e que é legal, é dende o diálogo cos veciños e o que é moi difícil é, Sr. Do Partido Popular, imputarse paternidades cando vostedes neste Pleno votaron que non ao Plan Xeral de Ordenación Urbana que permite esta Cidade do Deporte. Vostedes votaron que non, que é iso de dicir que nun momento determinado propuxemos ou deixamos feito? Non eu non oín no debate que se produciu aquí para a aprobación do Plan Xeral que vostedes estiveran a favor, vostede votaron en contra, como lles dicía anteriormente con motivo da urxencia do punto, aínda vostedes, e vostede especialmente, está pendente de pedir perdón a quen

formabamos parte do goberno por non aceptar ese Plan. Lémbrolles a cantidade de frases apocalípticas sobre a inseguridade xurídica, sobre a ilegalidade do Plan, polo tanto creo sinceramente que esta moción está moi ben, nós ímola aprobar porque xa tivemos esa iniciativa no goberno anterior pero é evidente que vostedes non poden imputarse paternidades.

Aquí temos dúas propostas de Cidade do Deporte, a súa, a do Partido Popular nin merece a pena considerala porque certamente é frouxa e a outra proposta que hai de Cidade do Deporte moito máis ambiciosa, esa é a que temos que considerar.

Polo tanto, operación política de alto nivel baseada no consenso e tamén no custo cero para este Concello, o que acontece é que esta cidade, señores do Partido Popular, dende que don Abel Caballero é alcalde desta cidade, estamos noutra onda e noutra senda totalmente diferente, estamos na legalidade, na transparencia, na Seguridade Xurídica e a cultura do “pelotazo” terminou cando vostedes saíron do goberno desta cidade.

SR. FIGUEROA VILA:O Plan Xeral de Vigo que está en vigor é inviable técnica e economicamente, demostrárase coas modificacións que van ter que facer vostedes puntualmente, como xa trouxeron hoxe algunhas.

En maio do ano 2006 o grupo de goberno presenta a Cidade do Deporte onde ían incluídas as instalacións de deportivas do Real Club Celta e unha parte para toda a cidade maio 2006, co apoio único do Bloque Nacionalista Galego, vostedes votaron en contra. En deporte non nos van dar leccións absolutamente de nada, vostedes o Partido Socialista, nada.

No ano 95-99 investíronse na cidade de Vigo 20 millóns de euros: piscina de Teis, de Lavadores, Complexo deportivo de Samil, Pavillón das Travesas remodelación completa, edificio da Federación e modificacións doutros complexos. Ano 2003-2007 cando gobernabamos na nosa cidade: Complexo Deportivo de Auga de Florida e Barreiro deixámosllos adxudicados, piscina de Valladares, case rematada, catorce campos de fútbol de herba sintética, a inclusión da Cidade do Deporte no avance do PXOU e outros equipamentos de remodelación da nosa cidade cun importe de vinte e cinco millóns de euros. Agora sabe o que lle dicimos? Que nós estamos de acordo con esta proposta porque é unha proposta que se iniciou no avance do Plan Xeral cando vostedes votaron en contra, e teño que dicilo claramente, o Bloque

Nacionalista Galego si que estaba a favor desta proposta. Polo tanto dicímoslle que nós estamos de acordo con esta iniciativa pero tamén que as instalacións deportivas da Madroa vaian para o fútbol modesto e que o equipo do Gran Peña teña un campo en Barreiro. Iso é o que lle estamos propoñendo, porque nós queremos seguir avanzando nas inversións deportivas e queremos que esta cidade progrese en canto a instalacións e vostedes están copiando a fórmula de xestión, xa lle digo que si, mentres sigan por ese camiño imos apoiar e imos votar a favor e a ser loxicamente cooperantes desta xestión deportiva porque é o que esta cidade merece.

Polo tanto eu creo que a proposta nosa está perfectamente clara, e en canto aos campos de herba sintética, dicirlle ao Sr. Alonso que esta semana vaise a adxudicar o mantemento de tódolos campos de fútbol e despois vanse a entregar ao Concello nas debidas condicións, pero tamén que saiban dese esforzo da Deputación, porque parece que non hai ningún esforzo, pero resulta que aquí están contemplados catorce campos de herba sintética.

Imos poñer a votación esta proposta, esperemos que sexa apoiada por tódolos grupos.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, instando destinar os campos de fútbol de A Madroa e Barreiro aos equipos base da cidade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

**4.3(61).- MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO CREAR E INSTITUCIONALIZAR UN DÍA (24 H.) ININTERROMPIDAS DE ACCIÓN CULTURAL, CO OBXECTIVO DE POTENCIAR A NOSA CULTURA. EXPTE. 621/1101.**



ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de marzo, número 621/1101, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Relova Quinteiro, formula a seguinte moción:

“O grupo municipal do Partido popular plantexa que se institucionalice oficialmente o día da cultura internacional de Vigo. Vinte e catro horas ininterrompidas de acción cultural, contando coa apertura de todos os museos da cidade, conservatorios, escolas de música, concertos de todas as corais, bandas , grupos de música tradicional, folk, rock, pop, creación literaria, fotografía, intercambios culturais, apoio á creación dos mozos, etc.

Unha formulación desde a perspectiva lúdica, cultural, turística e para proxectar a nosa cidade desde todos os nosos colectores e a riqueza dos nosos contidos patrimoniais, históricos e creativos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo insta ao Pleno da Corporación á adopción do seguinte acordo:

Crear e institucionalizar un día, vinte e catro horas ininterrompidas de acción cultural, co obxectivo de potenciar a nosa cultura, a nosa imaxe como cidade e entrar nun proceso de internacionalización dos nosos acenos de identidade e industrias culturais.”

A comisión informativa de Política social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 18 de marzo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. RELOVA QUINTEIRO: En democracia, o goberno goberna e a oposición propón alternativas segundo os seus principios e valores, e non hai que escandalizarse por iso.

Esta proposta de 24 horas de cultura non é unha novidade no amplo espacio de cidades do mundo que o celebra, Vigo xa hai anos participou nun proxecto a través do Museo Marco. Hai anos tamén levamos co Proxecto Abrir Vigo ao Mar, pois ben abramos Vigo ao ollos do mundo a través dunha das súas riquezas o patrimonio cultural, Abrir Vigo cara a, para e con a Cultura.

A contribución das institucións culturais ao desenvolvemento local érrese como un

tema primordial na actualidade, o impacto das mesmas na xeración de ingresos e emprego, na rehabilitación de áreas degradadas e a participación da comunidade nos procesos locais, son aspectos a analizar.

Existe todo un conxunto de actividades que, de maneira coordinada e sistematicamente, desenvolve a través das súas moitas institucións culturais esta cidade, museos, casas, casas-museos, teatros, salas de concertos, salas de proxección cinematográficas, audiovisuais, salas de conferencias, galerías, espazos expositivos, bibliotecas entre outros. Concertos e espectáculos de danza e teatro, no só no interior dos edificios concibidos para elo senón tamén en espazos abertos como prazas e parques. Actividades vinculadas ao rescate comprensión e promoción da memoria e tradición, como a conmemoración do aniversario da Reconquista da cidade; exhibicións de artes visuais en diferentes espazos expositivos que promoven ante todo a creación artística contemporánea. Pero tamén acoller numerosas exposicións de artistas internacionais e de arte de tódolos tempos, desenvolver unha integración plena de tódalas galerías e espazos aos programas centrais co único fin de exhibir un único referente cultural. Celebración de numerosos eventos orientados á comprensión e divulgación de culturas intimamente relacionadas coa identidade viguesa, coa de outros países vinculados a través das relacións comerciais, culturais, turísticas como a americana, europea etc., e doutras que tamén atoparon, no centro histórico, espazos para a súa promoción.

Dentro do sector da cultura, os museos xogan un importante papel na transmisión do coñecemento na aprendizaxe e na comprensión das identidades culturais. O Consello Internacional de Museos, o ICOM, define o museo como unha institución permanente sen fines de lucro, ao servizo da sociedade e aberta ao público que adquire, conserva, estuda, expón e difunde o patrimonio material e inmaterial da humanidade co fins de estudo, de educación e de recreo.

Co fin de abarcar e identificar esta xornada con toda a cidadanía e público deberíanse incluír proxectos socio-culturais dirixidos a nenos, adolescentes, maiores e a persoas con discapacidade. A programación cultural destas 24 horas inseriuna dentro do sistema de xestión cultural propia do Concello de Vigo, establecendo sinerxias con eventos relevantes como as programacións estables, semanas da cultura de países, xornadas fotográficas, talleres internacionais e

festivais de danza, música e cine como espazos que promoven o achegamento entre tódolos horizontes dende o respecto e a diversidade. Son moitos séculos de intercambio cultural que deberían ser expresados a través de mensaxes breves e atractivos con definidos propósitos educativos.

A museografía debe afastarse dos sistemas tradicionais incorporando recursos lúdicos e suxestivos, atmosferas envolventes, estruturas móbiles que favorezan a participación e motivación por coñecer máis dos temas elixidos para esta ocasión. As novas tecnoloxías empregaranse como ferramenta para facilitar o acercamento dos visitantes aos contidos culturais que se pretender dar a coñecer, incluíndo testemuños de cronistas e viaxeiros, libros e personalidades influentes no pensamento social e científico dunha época. As matrices modélicas que delinearon a imaxe da cidade, o exercicio da cartografía para desprazarse a través dos mares ou a comprensión da viaxe do ir e vir cruzando o Atlántico, como unha confluencia de experiencias de vida que atravesa as relacións entre Vigo e o resto do mundo. Combinaranse estímulos sensoriais coa exposición de pezas físicas, favorecendo a interacción do público cos contidos de cada espacio. En definitiva, que cada persoa constrúa a súa propia interpretación do feito cultural sempre dende un entorno lúdico.

O encontro entre culturas, o imaxinario social da cidade, o desenvolvemento do pensamento científico, o libro, a literatura, as crónicas de viaxeiros, a cartografía, a arquitectura e o urbanismo son diferentes dimensións que poden abordarse.

Crear espazos para conferencias, cines, teatro, música, danza, unha mediateca especializada en temas de investigación e patrimonio favorecendo o contacto con actores no sector, talleres para nenos e adolescentes.

SR. VELOSO RÍOS: Que bonito, estou impresionada. Cinco minutos relatando toda unha serie de actividades artísticas, culturais nunha cidade ideal, dun mundo ideal no que a cultura é o centro das nosas vidas, o maior esforzo das administracións, xusto exactamente igual que aquí.

A verdade e que nós quedamos bastante sorprendidos xa coa presentación da moción, estou de acordo con que este tipo de actividades de 24 horas de mostra da cultura si se celebran noutras cidades, pero son iso Mostra da Cultura, en 24 horas inténtase xuntar toda a actividade cultural que se desenvolve nunha cidade ao

longo do ano, e mostrala ao mundo, e aquí que imos mostrar, aquí imos abrir 24 horas uns museos que están a piques de converterse en pezas de museos eles mesmos?. Cando peche o Marco eu mirarei fotos coas miñas crianzas daquela exposición de globos azuis e diremos “mira nese tenda de Zara un día houbo un museo”, esa é a situación da nosa cidade.

Os museos son pezas de museo en si mesmos dentro de nada, case non podemos visitalas. As actividades culturais esmorecen, a industria cultural desaparece, con que vimbios imos facer 24 horas? Ou imos facer todo o esforzo dun ano en 24 horas para ter esas 24 horas de actividade cultural e o resto do ano a velas vir, ou marchar á Cidade da Cultura que é o que nos queda nesta cidade, irnos ao Gaiás, a poder gozar de oito mil euros diarios que é o custa manter a exposición Gallaecia Petrea por exemplo, o 17% dos orzamentos da cultura deste país dedícanse á Cidade da Cultura, moi alcanzable por certo a toda a cidadanía viguesa. Miren, no último ano a cultura en Galicia perdeu 2800 postos de traballo e mil funcións de teatro, falaba vostede de funcións de teatro, pode falar vostede coa plataforma que está intentando falar coa Xunta de Galicia para que isto non siga así. En boa parte ademais e gracias precisamente á brillante idea de subir o IVE para as actividades culturais, outra ocorrencia como estas das 24 horas de actividades culturais, subir o IVE das actividades culturais.

Segundo o Consello da Cultura Galega, para manter o nivel de consumo cultural que tiñamos antes da suba do IVE, o público galego debería incrementar o seu gasto en 32,7 millóns de euros ao ano, precisamente estamos en condicións de facer iso.

Dicía cabe esperar que a subida do IVE supoña poñer en perigo o futuro da actividade produtiva das empresas culturais dedicadas ao espectáculo, aquelas que sofren o incremento máis severo, e estamos falando dunha industria que supón o 2% do PIB galego, estamos falando de máis de 30.000 postos de traballo neste país. Pois si na nosa cidade estamos en situación de dedicar 24 horas á cultura, poderíamos facer exposición moi bonitas, propoñer un montón de actividades como acaba vostede de facer, non sei como, a verdade e que non sei como.

Co abandono das administracións públicas das actividades culturais na nosa cidade, coa desaparición das obras sociais das caixas, con todo o que iso supón para a nosa cidade, co abandono da industria e coa situación de destrución da

industria cultural grazas á crise e á política impositiva acabaremos levando a cabo esta idea, porque será o que nos quede 24 horas ao ano de cultura. Creo que non fai falla un pouco máis de compromiso, un pouco máis de creatividade, de imaxinación e de diálogo cos actores culturais, porque a verdade é que demostra vostede bastante pouca cultura vindo como ben dela, xa non debe falar moito cos seus compañeiros de como están, creo que esqueceu de onde ven, menos mal que non foi vostede concelleiro de cultura porque senón ía irnos bastante peor.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Compartindo ideas que manexa a Sra. Veloso sobre a situación crítica que vive a cultura, sen embargo, quero deixar claro que participamos da idea que propón o Sr. Relova, parécenos unha idea moi interesante, creo que excelente porque concorren unha serie de valores na mesma dende o punto de vista cultural, de promoción turística da cidade que realmente fai que a idea a podamos acoller con interese e con posibilidade de que a podamos realizar no contexto do que vai ser o Plan Cultural que, por mandato deste Pleno, teremos que desenvolver nos próximos meses.

É verdade que iso responde ademais ao que é o compromiso deste Concello, deste goberno de implicarse no ámbito da cultura e poñer a cultura dentro das posibilidades e limitacións actuais, no ámbito no que realmente se merece. De feito, somos a administración que menos tivemos que recortar no ámbito da achega económica ás diferentes formas de cultura promovidas ou apoiadas por este Concello como así demostra.

Neste senso, existe un compromiso explícito deste Concello, da Alcaldía e desta concellería para que así siga sendo. Tamén solicito que por parte das demais administracións, non poñan en risco o que son estruturas fundamentais da cultura desta cidade, e refírome aos recortes promovidos no ámbito de institucións emblemáticas desta cidade como pode ser o Marco. Si o Marco desaparece, non vai ser por falla de vontade deste Concello, ao contrario, mentres esta Corporación persista, Sra. Veloso, o Marco vai persistir, pero iso necesita loxicamente a axuda das demais administracións. Nese contexto realmente nós queremos apoiar, no só o que é o Marco, senón outras institucións que son elementos fundamentais non só da cultura como elemento e panca da mellora do coñecemento e da condición humana, senón como instrumento económico de primeira magnitude. Neste

sentido por parte desta Concellería, do Concello, da Corporación si que realmente a idea que vostede propón queremos implicala nese Plan Cultural e polo tanto aceptamos a súa proposta gustosamente.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Agradezo as súas palabras, a súa valentía e, a verdade conmoveume e animoume a seguir neste discurso porque despois dos tupper e do que acabo de escoitar dáme permiso para dicirlle a dona Iolanda Veloso, imaxínese vostede que eu en vez de traer tupper traio coitelos de cociña, os mesmos que lle cravaron polas costas a Beiras e a Aymerich. Dona Iolanda creo que non entendeu absolutamente nada, voulle lembrar unha cousa cando don Xesús López Carreira foi Concelleiro de Cultura e eu Director do Conservatorio Superior de Música de Vigo fixemos no Museo Marco unha xornada de 24 horas ininterrompidas de música, coas Variacións Goldberg, que tódolos pianistas de Vigo e a súa área de influencia tocaron de forma ininterrompida no Marco, chamábase Nessun Dorma, en italiano “ninguén dorme” en honor ás Variacións Goldberg de Johann Sebastian Bach e viuno e aplaudiuno, e lembro que don Santiago Domínguez paseou por alí escoitando no Marco.

Eu son o número dous da lista do Sr. Figueroa, non aspiro a nada máis que cumprir as miñas obrigas co Partido Popular, con decencia e con coherencia, iso é o que teño que facer. Como dicía ao principio, en democracia o goberno goberna e a oposicións propón alternativas segundo os seus principios e valores e non hai que escandalizarse por elo, esta é unha frase de dona Esperanza Aguirre.

Non se trata de xustificar o que hai, eu tómomeme copas, cañas, pinchos, cafés, saio, como, ceo con músicos, con artistas, con actores, non abandonei nada do que agora poida presumir, é imposible, non se meta comigo porque me parece unha falta de respecto persoal, estou coas persoas que fan a cultura, que a xestionan e máis, loito por elas porque creo niso, como cren as persoas do Partido Popular que o toman moito máis en serio isto da Cultura e da Educación, que non son meros instrumentos. Daríalle tantas ideas, dende exposicións, perfomance, duelo de bandas, de corais, aquí hai tanta creación, tanta nesta cidade que promover, que iso non xustifica que un día, como ocorre en Madrid o en Amsterdam o en Moscú etc., haxa unha xornada de noites brancas ou de 24 horas etc. Non sexamos pailáns.

VOTACIÓN E ACORDO: Con vinte e catro votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres votos en contra dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, acórdase:

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Relova Quinteiro, instando crear e institucionalizar vinte e catro horas ininterrompidas de acción cultural, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

#### **4.A.- MOCIÓNS URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.**

Non houbo.

#### **5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.**

Non houbo.

#### **6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

Non se realizaron.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e vinte e sete minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada

coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.